

## XUNTA DE GOBERNO

Sesión do día 17 de xuño de 2022

-----o0o-----

En Pontevedra, na Sala de Xuntas do Pazo Provincial, sendo as once horas do día dezasete de xuño do ano dous mil vinte e dous, baixo a Presidencia da Ilma. Sra. Dna. M<sup>a</sup> del Carmen Silva Rego, Presidenta da Deputación Provincial de Pontevedra, reuníronse as/os señoras/es deputadas/os, D.Carlos López Font, D. Santos Héctor Rodríguez Díaz, D. Gorka Gómez Díaz, Dna. Noemí Outeda Prol, Dna. Ana Laura Iglesias González, Dna. Iria Lamas Salgueiro, D. Xosé Cesáreo Mosquera Lorenzo, Dna. María Ortega Iñarrea e Dna. Ana María Mejías Sacaluga co obxecto de celebrar sesión ordinaria da Xunta de Goberno, con carácter executivo, en primeira convocatoria, consonte á correspondente orde do día.

Da fe do acto D. Carlos Cuadrado Romay, Secretario Xeral, e está presente o Sr. Interventor, D. Antonio Graña Gómez.

Declarada aberta a sesión e de orde da Presidencia éntrase seguidamente no exame da orde do día, adoptándose en relación coa mesma os seguintes acordos:

1.31849.- ACTA ANTERIOR

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade a aprobación do borrador da acta da sesión ordinaria do día 10 de xuño 2022.

2.31850.- ACEPTACIÓN DA AXUDA CONCEDIDA POLO INSTITUTO PARA A DIVERSIFICACIÓN E AFORRO DA ENERXÍA (IDAE) AO PROXECTO IDAE NÚM. FEDER-EELL-2020-005815 “ILUMINACIÓN EXTERIOR SOSTIBLE XII: RENOVACIÓN DAS INSTALACIÓN DE ALUMEADO EXTERIOR DOS MUNICIPIOS DE TOMIÑO, TUI, O PORRIÑO, PAZOS DE BORBÉN E ARBO” E CONCESIÓN DE AXUDA COMPROMETIDA POLA DEPUTACIÓN AO SEU ABEIRO AOS CONCELLOS BENEFICIARIOS. (Expte.2020043391)

No expediente consta o informe da xefa do servizo de Cooperación que literalmente se transcribe:

*“Á vista da Resolución favorable de concesión dunha axuda polo IDAE con destino ao PROXECTO IDAE NÚM. FEDER-EELL-2020-005815 “Iluminación exterior sostible XII: Renovación das instalacións de alumeado exterior dos municipios de Tomiño, Tui, O Porriño, Pazos de Borbén e Arbo”, e co obxecto de aceptar a axuda concedida mediante Resolución favorable do Director Xeral do IDAE con rexistro de entrada en Deputación*



de Pontevedra número 2022014497 e data 30/05/2022 e, ao mesmo tempo, conceder a axuda comprometidas pola Deputación cos concellos de Tomiño, Tui, O Porriño, Pazos de Borbén e Arbo, a Xefa do Servizo de Cooperación, emite o seguinte:

## I. ANTECEDENTES

- Ministerio para a Transición Ecolóxica publicou en día 30 de abril de 2019 (BOE núm. 103) o Real Decreto 316/2019, do 26 de abril, polo que se modifica o Real Decreto 616/2017, do 16 de xuño, polo que se regula a concesión directa de subvencións a proxectos singulares de entidades locais que favorezan o paso a unha economía baixa en carbono no marco do programa operativo FEDER de crecemento sostible 2014-2020.
- Dentro das competencias que confire a Lei 7/1985, de 2 de abril (BOE núm. 80 de 3 de abril), reguladora das Bases de Réxime Local ás deputacións provinciais está, segundo o artigo 36.1.d), a “cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo cas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito”.
- Neste marco de colaboración, o 13 de agosto de 2019 (rexistro de saída núm.: 2019015131) dende a Deputación de Pontevedra informouse ás entidades locais da provincia da intención da institución provincial de presentar varios proxectos singulares ao amparo das medidas elixibles recollidas no Anexo I do Real Decreto 316/2019, do 26 de abril, entre elas a actuación da eficiencia enerxética referida á renovación das instalacións de iluminación, iluminación e sinalización exterior. Neste documento indícase en canto á colaboración económica en materia de cofinanciamento das actuacións que “a Deputación fará unha achega adicional, con fondos propios, do 10% do investimento elixible de cada actuación incluída nos proxectos singulares, e que se sumará ao 80% de financiamento previsto polo IDAE mediante o Real Decreto 316/2019. O 10% restante será achegado polos concellos (segundo se establece no documento anexo a esta comunicación)”. No caso dos proxectos da medida 6 do anexo I do Real Decreto 316/2019 establécese un límite adicional de achega por parte da Deputación de Pontevedra de 20.000 euros por concello.
- Como resposta á comunicación realizada pola institución provincial, recibíuse na sede electrónica da Deputación un total de 46 solicitudes de participación dos concellos da provincia nos diferentes proxectos a presentar ante o IDAE por parte da Deputación de Pontevedra. Coa finalidade de dar trámite ás solicitudes recibidas dos concellos, dende a Deputación elabóranse as diferentes Memorias Descritivas das actuacións para desenvolver en cada un dos concellos en atención á medida do anexo I do Real Decreto 316/2019 na que solicitaron participar. Deste xeito, na Memoria descritiva denominada “Iluminación exterior sostible XII: renovación das instalacións de alumeadado exterior dos municipios de Tomiño, Tui, O Porriño, Pazos de Borbén e Arbo” agrúpanse as actuacións de renovación das instalacións de iluminación, iluminación e sinalización exterior nas entidades locais:

| CONCELLO        | REXISTRO      |
|-----------------|---------------|
| Tomiño          | WEB2019035881 |
| Tui             | WEB2019035511 |
| O Porriño       | WEB2019035865 |
| Pazos de Borbén | WEB2019036144 |
| Arbo            | 2020000182    |



- *Acompañando á instancia xenérica presentada, os concellos achegan o certificado do acordo adoptado polo órgano competente de adhesión ao citado proxecto e de compromiso de consignación no seu orzamento do crédito necesario para afrontar as achegas con fondos propios da entidade local.*
- *O obxecto do proxecto consiste na renovación das instalacións de iluminación exterior nos municipios de Tomiño, Tui, O Porriño, Pazos de Borbén e Arbo (provincia de Pontevedra) mediante a substitución de 1507 luminarias, das 17.858 existentes.*
  - *As novas luminarias serán de tecnoloxía LED de última xeración e elevada eficiencia que dispoñerán de equipo multinivel preprogramado para axustar o nivel de iluminación segundo os diferentes horarios nocturnos e os diferentes tipos de vías.*
  - *Respecto aos cadros de mando, o proxecto contempla actuacións en 34 dos 577 existentes nos municipios.*
  - *Con esta actuación diminuírase a potencia de 34,89 kW a 14,76 kW e conseguírase un aforro enerxético estimado do 57,68%*
  - *O investimento elixible do proxecto ascende a 739.417,53 euros.*
- *En data 21/12/2020 preséntase ante o IDAE o proxecto denominado “Iluminación exterior sostible XII”, asignándosele o rexistro núm. 202000010916. Tras a súa avaliación, en data 30/05/2022 (Rexistro de entrada número: 2022014497 recíbese Resolución do Director Xeral do IDAE na que se estima favorablemente a solicitude, e se concede a subvención con cargo a FEDER por importe de 591.534,01 euros, asignándosele o número de proxecto FEDER-EELL-2020-005815. As actuacións incluídas xunto coa distribución do seu financiamento reflíctense na seguinte táboa:*

| “ILUMINACIÓN EXTERIOR SOSTIBLE XII”  |                             |   |   |                        |
|--|-----------------------------|---|---|------------------------|
| <i>Renovación de las instalaciones de alumbrado exterior en los concellos de Tomiño, Tui, O Porriño, Pazos de Borbén e Arbo”</i> |                             |   |   |                        |
| <i>Concello</i>  | <i>Coste total elegible</i> | <i>Subvención máxima IDAE (80% feder)</i> | <i>Achega máxima Deputación de Pontevedra</i> | <i>Achega concello</i> |
| <i>Tomiño</i>  | <i>164.442,69 €</i>         | <i>131.554,15 €</i>                       | <i>16.444,27 €</i>                            | <i>16.444,27 €</i>     |
| <i>Tui</i>   | <i>113.007,50 €</i>         | <i>90.406,00 €</i>                        | <i>11.300,75 €</i>                            | <i>11.300,75 €</i>     |
| <i>O Porriño</i>   | <i>189.904,42 €</i>         | <i>151.923,53 €</i>                       | <i>18.990,44 €</i>                            | <i>18.990,45 €</i>     |
| <i>Pazos de Borbén</i>   | <i>204.748,93 €</i>         | <i>163.799,14 €</i>                       | <i>20.000,00 €</i>                            | <i>20.949,79 €</i>     |
| <i>Arbo</i>  | <i>67.313,99 €</i>          | <i>53.851,19 €</i>                        | <i>6.731,40 €</i>                             | <i>6.731,40 €</i>      |
| <i>Totais</i>  | <i>739.417,53 €</i>         | <i>591.534,01 €</i>                       | <i>73.466,86 €</i>                            | <i>74.416,66 €</i>     |



- En canto ao seu desglose atendendo ao concepto dos gastos reflíctese na seguinte táboa:

| <b>MEDIDA 6: Renovación de las instalaciones de alumbrado, iluminación y señalización exterior</b> |                           |
|--|---------------------------|
| <b>CONCEPTO</b>  | <b>COSTE ELEGIBLE (€)</b> |
| a. Honorarios Técnicos (Proyecto, certificado energético...)                                       | 20.020,00                 |
| b. Dirección facultativa   | 20.020,00                 |
| c. Coste Ejecución obra  | 571.048,87                |
| d. Costes de obra civil asociada   |                           |
| e. Adquisición equipos y materiales *  |                           |
| f. Montaje instalaciones   |                           |
| <b>TOTAL COSTE ELEGIBLE MEDIDA 6 (sin IVA)</b>   | <b>611.088,87</b>         |
| <b>TOTAL COSTE ELEGIBLE MEDIDA 6 (con IVA)</b>   | <b>739.417,53</b>         |

- En canto á execución do proxecto está previsto que se inicie a tramitación administrativa trala concesión da axuda solicitada e estímase que no prazo de 13 meses, a contar a concesión da axuda, a obra estea rematada, polo que se prolongará hasta xullo do 2023, atendendo ao seguinte cadro de financiamento:

| <i>Entidade</i>                         | <i>Execución (100% do investimento)</i> | <i>Execución no 2022 (100% do investimento)</i> |
|---|---|---|
| <i>Axuda concedida IDAE (80% FEDER)</i> | <i>591.534,01 €</i>                     | <i>591.534,01 €</i>                             |
| <i>Achega Deputación de Pontevedra</i>  | <i>73.466,86 €</i>                      | <i>73.466,86 €</i>                              |
| <i>Achega concellos</i>                 | <i>74.416,66 €</i>                      | <i>74.416,66 €</i>                              |
| <i>Totais</i>                           | <i>739.417,53 €</i>                     | <i>739.417,53 €</i>                             |

- Á vista do anterior cumpre a súa vez a concesión das axudas comprometidas pola Deputación aos concellos beneficiarios.

## II. FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), e o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL).



- *Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).*
- *Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG).*
- *Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).*
- *Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL).*
- *Real Decreto 616/2017, de 16 de xuño, polo que se regula a concesión directa de subvencións a proxectos singulares de entidades locais que favorezan o paso a unha economía baixa en carbono no marco do Programa operativo FEDER de crecemento sostible 2014-2020. (Real Decreto 616/2017).*
- *Real Decreto 316/2019, do 26 de abril, polo que se modifica o Real Decreto 616/2017, do 16 de xuño, polo que se regula a concesión directa de subvencións a proxectos singulares de entidades locais que favorezan o paso a unha economía baixa en carbono no marco do programa operativo FEDER de crecemento sostible 2014-2020.*

## CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

### *Competencia:*

- *De conformidade co previsto no apartado 7 do artigo 13 do Real Decreto 616/2017, o beneficiario deberá notificar ao IDAE a súa aceptación da resolución e as condicións nela impostas, no prazo máximo de (30) trinta días naturais desde a data de recepción da resolución pola que se acorde a selección do proxecto, mediante escrito dirixido ao Órgano Instrutor, facendo referencia á notificación recibida.*
- *Segundo o artigo 34.1.f da lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, a competencia para a realización dos trámites de aceptación e a aprobación das condicións impostas na resolución de concesión de axudas correspóndelle á Presidencia, por tratarse dun gasto inferior ao 10% dos recursos ordinarios do orzamento, ou pola Xunta de Goberno.*
- *Segundo o establecido coa base 11ª e 27ª das Bases de execución do orzamentos provincial e en relación aos artigos 43, 44 e 45 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o capítulo primeiro do título sexto da TRLFL, o expediente de xeración de crédito, previo informe de Intervención, será aprobado pola Presidencia ou pola Xunta de Goberno da Deputación.*
- *Segundo o artigo 174 do TRLRFL, poderán adquirirse compromisos de gasto que se estendan a exercicios posteriores a aquel no que se autoricen, de xeito que a súa realización se subordinará ao crédito que para cada exercicio autoricen os respectivos orzamentos.*
- *Segundo o establecido na base 16ª.2 das Bases de Execución do Orzamento provincial e de conformidade co disposto no artigo 35 da LRBRL, e no artigo 17 do RLXS, a competencia para resolver atribúeselle á Xunta de Goberno.*
- *Artigo 36.1.d) da LRBRL polo que a Deputación compételle a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social na planificación do territorio provincial de acordo coas competencias das demais administracións.*



- *Artigo 26.1.a) da LRBRL, que establece como servizo a prestar en todo caso en tódolos concellos o alumeado público.*

#### *Petición e evacuación de informes:*

- *Artigos 79 e 80 da LPACAP sobre a petición e a evacuación de informes.*
- *Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.*
- *Artigo 24 da LXS que establece que as actividades de instrución comprenderán, entre outras, a petición de cantos informes estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.*
- *Artigo 172 do ROFRXEL, que dispón que o xefe da Dependencia á que corresponda tramitar o expediente deberá emitir un informe, expoñendo os antecedentes e as disposicións legais ou regulamentarias en que funde o seu criterio.*

#### *Resolución do expediente*

- *Artigo 2 da LSG, en concordancia co artigo 2 da LXS, que na definición de subvención vincula a disposición dineraria entre outros requisitos, a que a entrega estea suxeita ao cumprimento dun determinado obxectivo, a execución dun proxecto, a realización dunha actividade, ou a adopción dun comportamento singular, xa realizados ou por desenvolver, debendo o beneficiario cumprir as obrigacións materiais e formais que se estableceran.*
- *Artigo 62 do RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.*
- *Artigo 11.a) da LSG, en concordancia co artigo 14.1.a) da LXS, que establece como obriga do beneficiario cumprir o obxectivo ou executar o proxecto que fundamenta a concesión da subvención.*
- *Artigo 36.2.b) da LRBRL, polo que as Deputacións poderán conceder subvencións con cargo aos seus propios recursos para a realización e mantemento de obras e servizos municipais.*
- *Artigo 4.2 do Real Decreto 616/2017 polo que no caso de presentación agrupada ou representada, deberá subscribirse un acordo, que inclúa entre outras as obrigas que asume cada parte. A estes efectos, a Deputación comprométese a financiar unha porcentaxe das actuacións.*

### III. CONCLUSIÓNS

O proxecto IDAE NÚM. FEDER-EELL-2020-005815 “Iluminación exterior sostible XII: renovación das instalacións de alumeado exterior dos municipios de Tomiño, Tui, O Porriño, Pazos de Borbén e Arbo” no marco das actuacións ao abeiro do programa de Economía Baixa en Carbono, foi presentado ante o IDAE pola Deputación coa fin da mellora da rede de iluminación exterior dos concellos da provincia, polo que á súa vez, invitouse a estes a adherirse a dito proxecto. Para o seu financiamento solicitouse unha axuda con cargo a FEDER (máximo 80% do custe elixible), completándose cunha achega por parte da Deputación do 10% de cada actuación incluída no proxecto, cun máximo de 20.000 euros, e achegando o importe restante os concellos de Tomiño, Tui, O Porriño, Pazos de Borbén e Arbo como concellos beneficiarios.



*Examinados os antecedentes e a motivación legal exposta, para o inicio do proxecto IDAE NÚM. FEDER-EELL-2020-005815 “Iluminación exterior sostible XII: renovación das instalacións de alumeado exterior dos municipios de Tomiño, Tui, O Porriño, Pazos de Borbén e Arbo” é necesario realizar a aprobación do mesmo, realizando as operacións de xeración de crédito polo importe de 591.534,01€ correspondente á subvención concedida mediante a Resolución de concesión de axudas do IDAE (número do proxecto FEDER-EELL-2020-005815), de data 30/05/2022 e número de entrada no Rexistro da Deputación de Pontevedra 2022014497.*

*Ao mesmo tempo é necesario realizar as operacións de xeración de crédito polo importe de 74.416,66 euros para facer fronte á parte que lle corresponde asumir con fondos propios aos concellos de Tomiño, Tui, O Porriño, Pazos de Borbén e Arbo.*

*Tamén é necesario realizar as operacións oportunas para facer fronte á parte que lle corresponde asumir con fondos propios á Deputación de Pontevedra por un importe de 73.466,86 euros.*

*Para este fin, de conformidade coa base 11ª e 27ª das de execución dos orzamentos provinciais, abranse as aplicacións orzamentarias e conceptos que sexan necesarios para a súa xestión dentro do módulo “proxecto de gasto” xerando crédito suficiente para tal fin.*

*Unha vez aceptada a concesión da axuda outorgada polo IDAE, inicianse os trámites para xerar crédito nas aplicacións correspondentes polo importe desta axuda e máis das achegas dos concellos.*

*En consecuencia, cómpre completar o financiamento do proxecto subvencionado, mediante a concesión das axudas comprometidas pola Deputación para aos concellos beneficiarios, que ascenden en total a 73.466,86 euros.*

*Por todo o exposto, e á vista dos antecedentes e fundamentos de dereitos aplicables, INFORMO FAVORABLEMENTE a tramitación deste expediente e PROPOÑO a ACEPTACIÓN DA AXUDA CONCEDIDA polo IDAE o proxecto IDAE NÚM. FEDER-EELL-2020-005815 “ILUMINACIÓN EXTERIOR SOSTIBLE XII: RENOVACIÓN DAS INSTALACIÓNS DE ALUMEADO EXTERIOR DOS MUNICIPIOS DE TOMIÑO, TUI, O PORRIÑO, PAZOS DE BORBÉN E ARBO” e a CONCESIÓN das axudas comprometidas pola Deputación aos concellos beneficiarios no marco deste proxecto de acordo coa distribución do financiamento exposta nos antecedentes.*

#### IV. RÉXIME COMPETENCIAL

*En virtude do establecido na base 16ª.2 das Bases de Execución do Orzamento provincial e de conformidade co disposto no artigo 35 da LRBRL, e no artigo 17 do RLXS, a competencia para resolver atribúeselle á Xunta de Goberno.*

*Este informe non ten carácter vinculante, de feito que o órgano competente co seu superior criterio decidirá.*

*Pontevedra, na data da sinatura electrónica.*

*A xefa do servizo de Cooperación*

*(documento asinado electronicamente á marxe)*

*Marina Piñeiro Novo”*



A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes da Xefa do Servizo de Cooperación de data 13 de xuño de 2022, e da Intervención Provincial de data 13 de xuño de 2022, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aceptar a axuda concedida ao proxecto IDAE NÚM. FEDER-EELL-2020-005815 “*Iluminación exterior sostible xii: renovación das instalacións de alumeado exterior dos municipios de Tomiño, Tui, O Porriño, Pazos de Borbén e Arbo*” para a súa execución, mediante Resolución Favorable do director Xeral do IDAE con número de rexistro de entrada 2022014497 na Deputación de Pontevedra en data 30/05/2022 por un importe de 591.534,01 €, sendo o total do investimento a cantidade de 739.417,53 €.
- Aprobar a distribución de gasto cos importes que correspondan dentro do total do proxecto en atención á seguinte táboa:

| Entidade                         | Execución<br>(100% do investimento) | Execución no 2022<br>(100% do investimento) |
|----------------------------------|-------------------------------------|---|
| Axuda concedida IDAE (80% FEDER) | 591.534,01 €                        | 591.534,01 €                                |
| Achega Deputación de Pontevedra  | 73.466,86 €                         | 73.466,86 €                                 |
| Achega concellos                 | 74.416,66 €                         | 74.416,66 €                                 |
| Totais                           | 739.417,53 €                        | 739.417,53 €                                |

- Aprobar que a súa execución se realice a través do módulo “proxecto de gasto” tal e como se establece na base 27ª das Bases de execución do orzamento provincial.
- Iniciar os trámites para a xeración de crédito polos importes da subvención concedida e polos importes das achegas dos concellos de Tomiño, Tui, O Porriño, Pazos de Borbén e Arbo, como se establece na base 11ª das Bases de execución do orzamento provincial; así como realizar as operacións contables necesarias correspondentes ao cofinanciamento da Deputación de Pontevedra, abrindo as aplicacións orzamentarias e conceptos que sexan necesarios para a súa xestión dentro do módulo “proxecto de gasto”.



- Aprobar a concesión das axudas comprometidas pola Deputación ao abeiro do proxecto IDAE NÚM. FEDER-EELL-2020-005815 “*Iluminación exterior sostible XII: renovación das instalacións de alumado exterior dos municipios de Tomiño, Tui, O Porriño, Pazos de Borbén e Arbo*” aos concellos beneficiarios e polos importes (achega deputación) que se relacionan a continuación:

| PROXECTO IDAE NÚM. FEDER-EELL-2020-005815<br>"ILUMINACIÓN EXTERIOR SOSTIBLE XII"<br>Renovación de las instalaciones de alumbrado exterior de los municipios de: Tomiño, Tui, C<br>Porriño, Pazos de Borbén e Arbo |                                    |
|---|------------------------------------|
| Concello  | Achega<br>Deputación de Pontevedra |
| Tomiño  | 16.444,27€                         |
| Tui   | 11.300,75€                         |
| O Porriño   | 18.990,44€                         |
| Pazos de Borbén   | 20.000,00€                         |
| Arbo  | 6.731,40€                          |
| Total   | 73.466,86 €                        |

- Autorizar e comprometer o gasto por importe de 73.466,86 euros na aplicación 22/942.1650.652.15/2021 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ó gasto.
- As presentes subvencións concédense con suxeición ás seguintes condicións:
  - a) A efectividade do acordo de concesión quedará supeditada ate a data da sinatura do correspondente convenio de colaboración con cada concello beneficiario, no que se recollerán pormenorizadamente as actuacións concretas a desenvolver, obrigas e dereitos das partes.
  - b) As subvencións concédense para colaborar na execución das devanditas actuacións, non podendo cambiarse o destino nin a contía das mesmas.
  - c) Convén lembrar que o beneficiario deberá posuír tódalas autorizacións sectoriais necesarias así como as licenzas e permisos preceptivos para a execución do investimento ó abeiro do establecido nas bases reguladoras da convocatoria.



d) Segundo IDAE NÚM. FEDER-EELL-2020-005815 “Iluminación exterior sostible XII: renovación das instalacións de alumeado exterior dos municipios de Tomiño, Tui, O Porriño, Pazos de Borbén e Arbo” delegan na Deputación de Pontevedra a contratación das obras, dos servizos ou das asistencias técnicas que sexan necesarias para a execución das actuacións que implica a substitución dos puntos de luz existentes e as actuais luminarias por luminarias LED máis eficientes.

e) Calquera outra obriga estipulada no referido acordo entre beneficiarios para o proxecto IDAE NÚM. FEDER-EELL-2020-005815 “Iluminación exterior sostible XII: renovación das instalacións de alumeado exterior dos municipios de Tomiño, Tui, O Porriño, Pazos de Borbén e Arbo” nos respectivos convenios de colaboración, na normativa da Unión Europea de aplicación e súas normas nacionais de desenvolvemento ou transposición, e calquera outra disposición legal ou regulamentaria aplicable.

– Darlle traslado do presente acordo ós concellos beneficiarios, á Intervención, ó Servizo de Cooperación e ó Gabinete da Presidencia.

3.31851.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE A GUARDA NO MARCO DO PLAN CONCELLOS 2022-2023 LIÑA 1 – INVESTIMENTOS, CON DESTINO AO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “CAMIÑO ESCOLAR SEGURO PARA O CEIP MANUEL RODRÍGUEZ SINDE” (Expte.2022010795)

O Pleno da Deputación, na súa sesión do 26 de novembro de 2021, acordou a aprobación das Bases Reguladoras do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023, (en adiante Plan Concellos 2022-2023) que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 230 do 27 de novembro de 2021. Desta xeira o Plan Concellos é bienal, se ben segue a estar fornecido por fondos propios da Deputación de Pontevedra con destino á colaboración nas obras e servizos de competencia municipal dos 59 concellos de menos de 50.000 habitantes da provincia.

Por medio do Plan Concellos dáse cumprimento ao mandato contido no artigo 36.2.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), que regula a obriga das deputacións provinciais de aprobar anualmente un plan provincial de cooperación coas obras e servizos de competencia municipal.

O Plan Concellos 2022-2023 mantendo o procedemento de concorrencia non competitiva e as tres liñas mestras como en anos anteriores, na Liña 1 Investimentos dótase de 30.500.000,00 € para o exercicio 2022 e de 30.500.000,00 € para o exercicio 2023, con cargo ás aplicacións orzamentarias 22/942.9425.762.45 e 23/942-9425-762.45 (Plan Concellos 22-23).



Mediante Resolución Presidencial nº 2021007177 de data 03/12/2021 aprobáronse as cantidades asignadas a cada concello. Xunto a cantidade que lle corresponde a cada concello no exercicio 2022 e no exercicio 2023, tamén se fai saber a relación de débedas que ten o municipio coa institución provincial na data de publicación das Bases Reguladoras. Esta comunicación ten por obxectivo que as referidas débedas se abonen antes de que se presenten as solicitudes ao abeiro do Plan Concellos, de xeito que no caso de non terse producido o pagamento, a Deputación de oficio procede á detracción por compensación dos importes debidos, ata extinguir a súa totalidade sobre a cantidade asignada ao exercicio 2022. A contía que resulta despois da detracción de oficio, se reparte entre as tres Liñas subvencionables de acordo coa porcentaxe fixada na Base Reguladora 5ª.

O Plan Concellos aínda que sexa un instrumento de planificación provincial, segue a respectar e garantir a autonomía local xacando no exercicio 2022, lle corresponde a cada concello distribuír libremente as contías individuais respectivas segundo as súas necesidades, con cargo ás distintas liñas de subvención e con respecto aos límites establecidos nestas bases. No exercicio 2023, a contía asignada a cada concello destinarase integramente ao financiamento de investimentos, xa que esta cantidade non se pode aplicar ao financiamento das liñas 2 e 3. Sen prexuízo de realizar investimentos de carácter plurianual a través dos dous exercicios 2022 e 2023 consonte a lexislación orzamentaria.

De acordo coa Base Reguladora 8ª do Plan Concellos 2022-2023, a Liña 1 é de Investimentos, os cales inclúen todas as obras, subministracións, adquisición de bens inmoables e propiedade inmaterial (plans urbanísticos, estudos de planificación estratéxica, plans de mobilidade sostible ...) para actividades e servizos que sexan de competencia municipal.

No marco da citada competencia municipal, a Deputación de Pontevedra tamén é consecuente cos novos postulados dos tempos actuais que lle tocan vivir tanto a cidadanía como ás administracións locais. Emporiso este Plan Concellos non só fai de interacción co Plan Nacional Integrado de Enerxía e Clima (PNIEC) 2021-2030, senón que tamén contribúe e favorece a observancia do principio de non causar un prexuízo significativo ao medio ambiente recollido no artigo 17 do Regulamento UE 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello de 18 de xuño de 2020, relativo ás inversións sostibles, e que é de aplicación á todos os plans.

En data 25/02/2022 por rexistro WEB2022009564 dentro do prazo fixado na convocatoria, consta a entrada no rexistro da Deputación, ao abeiro do Plan Concellos 2022-2023, petición do concello de A Guarda na que solicita con cargo a cantidade que lle corresponde no reparto unha subvención por importe de 248.069,03 euros, con destino ao financiamento “Camiño escolar seguro para o CEIP Manuel Rodríguez Sinde”, cun orzamento polo mesmo importe.

En data 15/03/2022 por rexistro WEB2022014220 o concello de A Guarda reformula a petición salientada no parágrafo anterior debido a unha interpretación non correcta das bases correcta das bases en orde a distribución dos investimentos demandados sobre o crédito total que lle concernía.



Advertido o Concello polo servizo de Cooperación da interpretación incorrecta das bases en datas posteriores o Concello reformula todas as solicitudes de subvencións ao abeiro do Plan Concellos 2022-2023.

En data 15/03/2022 por rexistro WEB2022014220 consta entrada no rexistro da Deputación reformulación do *concello de A Guarda* da solicitude de subvención para o financiamento do investimento “*Camiño escolar seguro para o CEIP Manuel Rodríguez Sende*” cun orzamento polo importe de 248.069,03 euros, quedando configurada a súa petición tal é como reflicte a seguinte táboa:

| Anualidade | Orzamento  | Subvención | Achegas doutras administracións | Fondos propios |
|------------|------------|------------|---------------------------------|----------------|
| 2022       | 59.114,84  | 59.114,84  | 0,00                            | 0,00           |
| 2023       | 188.954,19 | 188.954,19 | 0,00                            | 0,00           |
| TOTAL      | 248.069,03 | 248.069,03 | 0,00                            | 0,00           |

En datas posteriores o Concello emenda a documentación presentada inicialmente.

Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas Bases reguladoras do Plan Concellos 2022-2023 e achega a documentación requirida, agás no relativo á dispoñibilidade dos terreos necesarios para a normal execución do investimento por estar pendente, no momento de presentación da solicitude de subvención, a autorización sectorial da Consellería de Educación, Cultura e Universidade.

Fundamentación xurídica:

Normativa examinada:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Lei 7/2021, de 20 de maio, de cambio climático e transición enerxética.
- Regulamento UE 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello de 18 de xuño de 2020 relativo ao establecemento dun marco para facilitar as inversións sostibles polo que se modifica o Regulamento UE 2019/2088.
- Regulamento Delegado (UE) da comisión de 4 de xuño de 2021, polo que se completa o Regulamento (UE) 2020/852, no cal se establecen os criterios técnicos de selección para determinar as condicións nas que se considera que unha actividade económica contribúe de forma substancial á mitigación do cambio climático ou á adaptación ao mesmo.



- Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan Concellos 2022-2023.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

Consideracións xurídicas:

Instrución do expediente:

- Base Reguladora 16ª do Plan Concellos 2022-2023 relativa á instrución, procedemento e resolución, que indica que correspóndelle ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Asemade, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización do servizo de intervención.

Petición e evacuación de informes:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. Do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base Reguladora 16ª do Plan Concellos 2022-2023, que indica que as propostas de concesións de subvencións someteranse á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación, segundo a natureza do investimento, no seu caso, e de fiscalización do Servizo de Intervención. Se algunha solicitude non se axusta a estas Bases Reguladoras, e por esta razón é informada desfavorablemente polos facultativos técnicos de Cooperación ou polo Servizo de Intervención, o Concello poderá presentar unha nova solicitude.



#### Resolución do expediente:

- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instructor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 185 do TRLRFL que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases Reguladoras 1ª e 8ª do Plan Concellos 2022-2023 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Base Reguladora 5ª 7ª do Plan Concellos 2022-2023 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxe e o límite máximo por liña e exercicio, así como os criterios obxectivos de reparto.
- Bases Reguladoras 10ª 1 12ª do Plan Concellos 2022-2023 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.
- Artigo 9 da Carta Europea de Autonomía Local que dispón que na medida do posible, as subvencións concedidas ás entidades locais non han de ser destinadas á financiación de proxectos específicos. A concesión de subvencións non deberá causar prexuízo á liberdade fundamental da política das entidades locais, no seu propio ámbito de competencia.

#### Da xestión en cernes do ciclo da auga:

- Tanto no momento de ser aprobadas as Bases Reguladoras do Plan Concellos 2022-2023 como no de concesión individual de cadansúa das peticións de subvención ao abeiro do mesmo, continúa pendente a tramitación da lexislación autonómica sobre a xestión integral do ciclo da auga. Unha vez que este texto legal se converta en dereito positivo, sucederá que lle sobrevirán distintos convenios ou instrumentos de colaboración, que distribuirán as competencias e as obrigas de financiamento entre Augas de Galicia e os distintos concellos que se interesen polo seu asinamento, amais da propia Deputación Provincial.
- De terse subscrito algún daqueles instrumentos de colaboración, de acordo coa Base Reguladora 7ª Bis, o concello interesado haberá de comunicalo a Deputación para esta poida efectuar a retención do importe da achega que por tal concepto lle corresponde ao ente provincial da cantidade asignada ao Concello no Plan Concellos 2022-2023. E de non ser isto factible por terse concedido todas as axudas e iniciados os procedementos de licitación correlativos, a retención farase a cargo do importe das baixas, importe que xa non se poderá re-utilizar nin nos proxectos primitivos, nin en novos investimentos ou con cargo a futuros plans de cooperación.



- O deber do concello de comunicar a adhesión ao convenio ou instrumento de colaboración haberase de realizar no prazo de 10 días naturais desde a súa formalización, e o seu incumprimento é causa de reintegro das subvencións concedidas con cargo a estas bases.

De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o presente exercicio, e vistos os informes do enxeñeiro xefe do servizo de Cooperación, de data 26/05/2022, e da xefa do servizo de Cooperación, de data 07/06/2022, que conclúe favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 10/06/2022, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de A Guarda* CIF P3602300J a cantidade de 248.069,03 €, con destino ao financiamento do investimento “*Camiño escolar seguro para o CEIP Manuel Rodríguez Sinde*”, (Expte.2022010795) cun orzamento polo importe de 248.069,03 €, quedando configurada a súa petición tal é como reflicte a seguinte táboa:

| Anualidade | Orzamento  | Subvención | Achegas doutras administracións | Fondos propios |
|------------|------------|------------|---------------------------------|----------------|
| 2022       | 59.114,84  | 59.114,84  | 0,00                            | 0,00           |
| 2023       | 188.954,19 | 188.954,19 | 0,00                            | 0,00           |
| TOTAL      | 248.069,03 | 248.069,03 | 0,00                            | 0,00           |

- A presente concesión queda condicionada a obtención das autorización sectorial de autorización sectorial da Consellería de Educación, Cultura e Universidade, sendo imprescindible que o *Concello* a remitirá á Deputación coa primeira xustificación da axuda económica.
- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2022/942.9425.762.45 o importe de 59.114,84 € do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ao gasto. Polo que respecta á anualidade do 2023 (188.954,19 €), financiarase con cargo á correspondente aplicación, que será, no seu caso, 2023/942.9425.7625.45, quedando condicionada á aprobación do orzamento para o exercicio 2023 e á existencia de crédito adecuado para este fin.
- Así mesmo, e de ser o caso, de acordo coa Base Reguladora 18ª do Plan Concellos 2022-23 o *Concello de A Guarda* deberá comunicarlle á Deputación, no prazo de dez (10) días naturais a contar desde da súa formalización, a adhesión ao convenio ou ao instrumento equivalente para a xestión integral da auga, para poder iniciar así a retención da totalidade da achega que por tal concepto lle corresponda á Deputación do Plan Concellos. O incumprimento desta obriga será causa de reintegro da subvención concedida con cargo a este plan.



- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan de Concellos 2022-203, aprobadas polo acordo plenario de 26 de novembro de 2021 e publicadas no BOPPO núm. 230 de 27/11/2021 (dispoñibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Asemade, ao abeiro da Base Reguladora 21ª.2 do Plan Concellos 2022-23, o investimento incluído na anualidade 2022, deberá estar executado o 31 de decembro de 2023 e xustificado na súa totalidade o 31 de marzo de 2024, e o incluído na anualidade 2023, executado o 31 de decembro de 2024 e xustificado na súa totalidade o 31 de marzo de 2025. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Darlle traslado da presente resolución ao *Concello de A Guarda*, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

4.31852.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE PONTEAREAS NO MARCO DO PLAN CONCELLOS 2022-2023 LIÑA 1 – INVESTIMENTOS, CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “MELLORA DA VIARIOS NO PARQUE FORESTAL DA PICARAÑA” (Expte. 2022012427)

O Pleno da Deputación, na súa sesión do 26 de novembro de 2021, acordou a aprobación das Bases Reguladoras do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023, (en adiante Plan Concellos 2022-2023) que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 230 do 27 de novembro de 2021. Desta xeira o Plan Concellos é bienal, se ben segue a estar fornecido por fondos propios da Deputación de Pontevedra con destino á colaboración nas obras e servizos de competencia municipal dos 59 concellos de menos de 50.000 habitantes da provincia.

Por medio do Plan Concellos dáse cumprimento ao mandato contido no artigo 36.2.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), que regula a obriga das deputacións provinciais de aprobar anualmente un plan provincial de cooperación coas obras e servizos de competencia municipal.

O Plan Concellos 2022-2023 mantendo o procedemento de concorrencia non competitiva e as tres liñas mestras como en anos anteriores, na Liña 1 Investimentos dótase de 30.500.000,00 € para o exercicio 2022 e de 30.500.000,00 € para o exercicio 2023, con cargo ás aplicacións orzamentarias 22/942.9425.762.45 e 23/942.9425.762.45 (Plan Concellos 22-23).

Mediante Resolución Presidencial nº 2021007177 de data 03/12/2021 aprobáronse as cantidades asignadas a cada concello. Xunto a cantidade que lle corresponde a cada concello no exercicio 2022 e no exercicio 2023, tamén se fai saber a relación de débedas que ten o municipio coa institución provincial na data de publicación das Bases Reguladoras. Esta comunicación ten por obxectivo que as referidas débedas se abonen antes de que se presenten as solicitudes ao abeiro do Plan Concellos, de xeito que no caso de non terse producido o pagamento, a Deputación de oficio procede á





detracción por compensación dos importes debidos, ata extinguir a súa totalidade sobre a cantidade asignada ao exercicio 2022. A contía que resulta despois da detracción de oficio, se reparte entre as tres Liñas subvencionables de acordo coa porcentaxe fixada na Base Reguladora 5ª.

O Plan Concellos aínda que sexa un instrumento de planificación provincial, segue a respectar e garantir a autonomía local xa cando no exercicio 2022, lle corresponde a cada concello distribuír libremente as contías individuais respectivas segundo as súas necesidades, con cargo ás distintas liñas de subvención e con respecto aos límites establecidos nestas bases. No exercicio 2023, a contía asignada a cada concello destinarase integramente ao financiamento de investimentos, xa que esta cantidade non se pode aplicar ao financiamento das liñas 2 e 3. Sen prexuízo de realizar investimentos de carácter plurianual a través dos dous exercicios 2022 e 2023 consonte a lexislación orzamentaria.

De acordo coa Base Reguladora 8ª do Plan Concellos 2022-2023, a Liña 1 é de Investimentos, os cales inclúen todas as obras, subministracións, adquisición de bens inmoables e propiedade inmaterial (plans urbanísticos, estudos de planificación estratéxica, plans de mobilidade sostible ...) para actividades e servizos que sexan de competencia municipal.

No marco da citada competencia municipal, a Deputación de Pontevedra tamén é consecuente cos novos postulados dos tempos actuais que lle tocan vivir tanto a cidadanía como ás administracións locais. Emporiso este Plan Concellos non só fai de interacción co Plan Nacional Integrado de Enerxía e Clima (PNIEC) 2021-2030, senón que tamén contribúe e favorece a observancia do principio de non causar un prexuízo significativo ao medio ambiente recollido no artigo 17 do Regulamento UE 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello de 18 de xuño de 2020, relativo ás inversións sostibles, e que é de aplicación á todos os plans.

En data 28/02/2022 con núm. de rexistro WEB2022009783, dentro do prazo fixado na convocatoria, consta a entrada no sede electrónica da Deputación, ao abeiro do Plan Concellos 2022-2023, petición do *Concello de Pontearreas* na que solicita con cargo a cantidade que lle corresponde no reparto unha subvención por importe de 118.141,62 €, con destino ao financiamento do investimento “*Mellora de viais no parque forestal de A Picaraña*”, en base a un orzamento do mesmo importe, quedando configurada a súa petición tal é como reflicte a seguinte táboa:

| Anualidade/s | Orzamento-<br>€ | Subvención a<br>cargo do Plan<br>Concellos<br>2022-2023 - € | Achegas doutras<br>administracións<br>públicas -€ | Fondos<br>proprios do<br>Concello-€ |
|--------------|-----------------|---|---|-------------------------------------|
| 2022         | 118.141,62      | 118.141,62  | 0,00  | 0,00                                |
| 2023         | 0,00            | 0,00  | 0,00  | 0,00                                |
| TOTAL        | 118.141,62      | 118.141,62  | 0,00  | 0,00                                |



No relativo á titularidade consta no expediente a seguinte documentación:

- Certificado do Secretario do Concello no que se indica que os viarios por onde transcorre a actuación non se atopan inscritos no rexistro da propiedade nin catalogados no inventario de bens municipais, por ser este último un instrumento en desuso e precisar dunha profunda actualización que se está a acometer actualmente.
- Informe do Secretario do Concello no que se indica que con respecto ao proxecto *Mellora de viais no parque forestal de A Picaraña* non existe coñecemento, da índole ou xurisdición que sexa, no que se discuta a titularidade municipal dos viarios e que non se ditou resolución ou medida cautelar que impida a execución das obras.
- E o informe do técnico municipal explicativo de indicios de titularidade pública e a inexistencia de sinais de titularidade privada.

Figura no expediente o informe do técnico municipal relativo ás afección sectoriais. A este respecto, constan incorporadas as comunicacións da Confederación Hidrográfica do Miño Sil, a autorización da Dirección xeral de patrimonio e a resolución de patrimonio eximindo ao Concello da realización dos estudos de control arqueolóxico.

Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas Bases Reguladoras do Plan Concellos 2022-2023 e achega a documentación requirida.

Fundamentación xurídica:

1.- Normativa examinada:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Lei 7/2021, de 20 de maio, de cambio climático e transición enerxética.
- Regulamento UE 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello de 18 de xuño de 2020 relativo ao establecemento dun marco para facilitar as inversións sostibles polo que se modifica o Regulamento UE 2019/2088.
- Regulamento Delegado (UE) da comisión de 4 de xuño de 2021, polo que se completa o Regulamento (UE) 2020/852, no cal se establecen os criterios técnicos de selección para determinar as condicións nas que se considera que unha actividade económica contribúe de forma substancial á mitigación do cambio climático ou á adaptación ao mesmo.
- Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).



- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan Concellos 2022-2023.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

## II.- consideracións xurídicas

### Instrución do expediente

- Base Reguladora 16ª do Plan Concellos 2022-2023 relativa á instrución, procedemento e resolución, que indica que correspóndelle ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Asemade, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización do servizo de intervención.

### Petición e evacuación de informes:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. Do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base Reguladora 16ª do Plan Concellos 2022-2023, que indica que as propostas de concesións de subvencións someteranse á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación, segundo a natureza do investimento, no seu caso, e de fiscalización do Servizo de Intervención. Se algunha solicitude non se axusta a estas Bases Reguladoras, e por esta razón é informada desfavorablemente polos facultativos técnicos de Cooperación ou polo Servizo de Intervención, o Concello poderá presentar unha nova solicitude.

### Resolución do expediente:

- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.



- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 185 do TRLRFL que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases Reguladoras 1ª e 8ª do Plan Concellos 2022-2023 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Base Reguladora 5ª 7ª do Plan Concellos 2022-2023 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxe e o límite máximo por liña e exercicio, así como os criterios obxectivos de reparto.
- Bases Reguladoras 10ª 1 12ª do Plan Concellos 2022-2023 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.
- Artigo 9 da Carta Europea de Autonomía Local que dispón que na medida do posible, as subvencións concedidas ás entidades locais non han de ser destinadas á financiación de proxectos específicos. A concesión de subvencións non deberá causar prexuízo á liberdade fundamental da política das entidades locais, no seu propio ámbito de competencia.

Da xestión en cernes do ciclo da auga:

- Tanto no momento de ser aprobadas as Bases Reguladoras do Plan Concellos 2022-2023 como no de concesión individual de cadansúa das peticións de subvención ao abeiro do mesmo, continúa pendente a tramitación da lexislación autonómica sobre a xestión integral do ciclo da auga. Unha vez que este texto legal se converta en dereito positivo, sucederá que lle sobrevirán distintos convenios ou instrumentos de colaboración, que distribuirán as competencias e as obrigas de financiamento entre Augas de Galicia e os distintos concellos que se interesen polo seu asinamento, amais da propia Deputación Provincial.
- De terse subscrito algún daqueles instrumentos de colaboración, de acordo coa Base Reguladora 7ª Bis, o concello interesado haberá de comunicalo a Deputación para esta poida efectuar a retención do importe da achega que por tal concepto lle corresponde ao ente provincial da cantidade asignada ao Concello no POS 2022-2023. E de non ser isto factible por terse concedido todas as axudas e iniciados os procedementos de licitación correlativos, a retención farase a cargo do importe das baixas, importe que xa non se poderá reutilizar nin nos proxectos primitivos, nin en novos investimentos ou con cargo a futuros plans de cooperación.



- O deber do concello de comunicar a adhesión ao convenio ou instrumento de colaboración haberase de realizar no prazo de 10 días naturais desde a súa formalización, e o seu incumprimento é causa de reintegro das subvencións concedidas con cargo a estas bases.

De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o presente exercicio, e vistos os informes do enxeñeiro xefe do servizo de Cooperación, de data 09/06/2022, e da xefa do servizo de Cooperación, da mesma data, que conclúe favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 13/06/2022, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Pontearreas*, CIF P3604200J, a cantidade de 118.141,62 € no Plan Concellos 2022-2023, anualidade 2022, con destino ao financiamento do investimento “*Mellora de vías no parque forestal de A Picaraña*” (Expte.2022012427), en base a un orzamento polo mesmo importe.
- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2022/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ao gasto.
- De acordo coa Base Reguladora 18ª do Plan Concellos 2022-2023, e de ser o caso, o Concello deberá comunicarlle á Deputación, no prazo de dez (10) días naturais a contar desde a súa formalización, a adhesión ao convenio ou ao instrumento equivalente para a xestión integral da auga, para poder iniciar a retención da totalidade da achega que por tal concepto lle corresponda á Deputación do Plan Concellos. O incumprimento desta obriga será causa de reintegro da subvención concedida con cargo a este plan.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan de Concellos 2022-2023, aprobadas polo acordo plenario de 26 de novembro de 2021 e publicadas no BOPPO núm. 230 de 27/11/2021 (disponibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Así mesmo, consonte ao recollido na Base Reguladora 21ª.2 do Plan Concellos 2022-2023, o investimento incluído na anualidade 2022, deberá estar executado o 31 de decembro de 2023 e xustificado na súa totalidade o 31 de marzo de 2024.
- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de Pontearreas*, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.



5.31853.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE O ROSAL NO MARCO DO PLAN CONCELLOS 2022-2023 LIÑA 1 – INVESTIMENTOS, CON DESTINO AO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “(ACHEGA MUNICIPAL DO CONVENIO COA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA) MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NA EP 3303 TABAGÓN-GOLÁN DENDE P.Q.1+795 ATA O P.Q.3+600. TREITO II”.  
(Expte.2022003437)

O Pleno da Deputación, na súa sesión do 26 de novembro de 2021, acordou a aprobación das Bases Reguladoras do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023, (en adiante Plan Concellos 2022-2023) que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 230 do 27 de novembro de 2021. Desta xeira o Plan Concellos é bienal, se ben segue a estar fornecido por fondos propios da Deputación de Pontevedra con destino á colaboración nas obras e servizos de competencia municipal dos 59 concellos de menos de 50.000 habitantes da provincia.

Por medio do Plan Concellos dáse cumprimento ao mandato contido no artigo 36.2.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), que regula a obriga das deputacións provinciais de aprobar anualmente un plan provincial de cooperación coas obras e servizos de competencia municipal.

O Plan Concellos 2022-2023 mantendo o procedemento de concorrencia non competitiva e as tres liñas mestras como en anos anteriores, na Liña 1 Investimentos dótese de 30.500.000,00 € para o exercicio 2022 e de 30.500.000,00 € para o exercicio 2023, con cargo ás aplicacións orzamentarias 22/942.9425.762.45 e 23/942.0425.762.45 (Plan Concellos 22-23).

Mediante Resolución Presidencial nº 2021007177 de data 03/12/2021 aprobáronse as cantidades asignadas a cada concello. Xunto a cantidade que lle corresponde a cada concello no exercicio 2022 e no exercicio 2023, tamén se fai saber a relación de débedas que ten o municipio coa institución provincial na data de publicación das Bases Reguladoras. Esta comunicación ten por obxectivo que as referidas débedas se abonen antes de que se presenten as solicitudes ao abeiro do Plan Concellos, de xeito que no caso de non terse producido o pagamento, a Deputación de oficio procede á detracción por compensación dos importes debidos, ata extinguir a súa totalidade sobre a cantidade asignada ao exercicio 2022. A contía que resulta despois da detracción de oficio, se reparte entre as tres Liñas subvencionables de acordo coa porcentaxe fixada na Base Reguladora 5ª.

O Plan Concellos aínda que sexa un instrumento de planificación provincial, segue a respectar e garantir a autonomía local xacando no exercicio 2022, lle corresponde a cada concello distribuír libremente as contías individuais respectivas segundo as súas necesidades, con cargo ás distintas liñas de subvención e con respecto aos límites establecidos nestas bases. No exercicio 2023, a contía asignada a cada concello destinarase integramente ao financiamento de investimentos, xa que esta cantidade non se pode aplicar ao financiamento das liñas 2 e 3. Sen prexuízo de realizar investimentos de carácter plurianual a través dos dous exercicios 2022 e 2023 consonte a lexislación orzamentaria.



De acordo coa Base Reguladora 8ª do POS 2022-23, a Liña 1 é de Investimentos, os cales inclúen todas as obras, subministracións, adquisición de bens inmoebles e propiedade inmaterial (plans urbanísticos, estudos de planificación estratéxica, plans de mobilidade sostible ...) para actividades e servizos que sexan de competencia municipal.

No marco da citada competencia municipal, a Deputación de Pontevedra tamén é consecuente cos novos postulados dos tempos actuais que lle tocan vivir tanto a cidadanía como ás administracións locais. Emporiso este Plan Concellos non só fai de interacción co Plan Nacional Integrado de Enerxía e Clima (PNIEC) 2021-2030, senón que tamén contribúe e favorece a observancia do principio de non causar un prexuízo significativo ao medio ambiente recollido no artigo 17 do Regulamento UE 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello de 18 de xuño de 2020, relativo ás inversións sostibles, e que é de aplicación á todos os plans.

En data 21/01/2022, dentro do prazo fixado na convocatoria, consta a entrada no rexistro da Deputación, WEB2022002331, ao abeiro do Plan Concellos 2022-2023, petición do concello de O Rosal na que solicita con cargo á cantidade que lle corresponde no reparto unha subvención por importe de 159.174,42 €, con destino ao financiamento da achega municipal da anualidade 2022 para o convenio coa Deputación do investimento, “*Mellora mobilidade peonil na EP3303 Tabagón-Goión dende P.Q.1+795 ata P.Q.3+600. Treito IP*”, cun orzamento de 795.872,12 €.

A financiación do convenio e a petición do Concello de financiar a chega municipal con cargo ao Plan Concellos queda configurada tal e como se establece nas seguintes táboas:

| Convenio                 | Achega              | %          |
|--------------------------|---------------------|------------|
| Deputación de Pontevedra | 636.697,70 €        | 80         |
| concello de O Rosal      | 159.174,42 €        | 20         |
| <b>TOTAL</b>             | <b>795.872,12 €</b> | <b>100</b> |

– Financiación de parte da achega municipal con cargo ao Plan Concellos 2022-2023:

| Anualidade   | Orzamento €       | Subvención €      | Achegas doutras administracións € | Fondos propios € |
|--------------|-------------------|-------------------|-----------------------------------|------------------|
| 2022         | 795.872,12        | 159.174,42        | 636.697,70                        | 0,00             |
| 2023         | 0,00              | 0,00              | 0,00                              | 0,00             |
| <b>TOTAL</b> | <b>795.872,12</b> | <b>159.174,42</b> | <b>636.697,70</b>                 | <b>0.00</b>      |

Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas Bases Reguladoras do Plan Concellos 2022-2023 e achega a documentación requirida, precisando que lle corresponde á Deputación a redacción do proxecto técnico, licitación, dirección, execución e recepción das obras. Emporiso, a execución e a xustificación deste investimento suxeitarase ás normas do plan que se co-financia coa achega a cargo do POS 2022-2023.



Fundamentación xurídica:

I.- normativa examinada:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Lei 7/2021, de 20 de maio, de cambio climático e transición enerxética.
- Regulamento UE 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello de 18 de xuño de 2020 relativo ao establecemento dun marco para facilitar as inversións sostibles polo que se modifica o Regulamento UE 2019/2088.
- Regulamento Delegado (UE) da comisión de 4 de xuño de 2021, polo que se completa o Regulamento (UE) 2020/852, no cal se establecen os criterios técnicos de selección para determinar as condicións nas que se considera que unha actividade económica contribúe de forma substancial á mitigación do cambio climático ou á adaptación ao mesmo.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 500/1990, de 20 de abril por el que se desenrola o capítulo primeiro do título sexto da Lei 39/1988, de 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, en materia de orzamentos.
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan Concellos 2022-2023.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

II.- Consideracións xurídicas:

Instrución do expediente:

- Base Reguladora 16<sup>a</sup> do Plan Concellos 2022-2023 relativa á instrución, procedemento e resolución, que indica que correspóndelle ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Asemade, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización do servizo de intervención.





#### Petición e evacuación de informes:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. Do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base Reguladora 16ª do Plan Concellos 2022-2023, que indica que as propostas de concesións de subvencións someteranse á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación, segundo a natureza do investimento, no seu caso, e de fiscalización do Servizo de Intervención. Se algunha solicitude non se axusta a estas Bases Reguladoras, e por esta razón é informada desfavorablemente polos facultativos técnicos de Cooperación ou polo Servizo de Intervención, o Concello poderá presentar unha nova solicitude.

#### Resolución do expediente:

- Artigo 19 LXS que sinala que a normativa reguladora da subvención poderá exixir un importe de financiación propia para cubrir a actividade subvencionada.
- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 40 do TRLRFL no que se establece que as subvencións de toda índole que obteñan as Entidades Locais con destino ás súas obras e servizos non poderán ser aplicadas a atencións distintas de aquelas para as que foron outorgadas, salvo que, no seu caso, os sobrantes non reintegrables cuxa utilización non estivese prevista na concesión.
- Artigo 181 do TRLRFL que sinala que poderán xerar crédito nos estados de gastos dos orzamentos, na forma que regulamentariamente se estableza, os ingresos de natureza non tributaria derivados das seguintes operacións; a) aportacións ou compromisos firmes de aportación de persoas físicas ou xurídicas para financiar, xuntamente coa entidade local ou con algún dos seus organismos autónomos, gastos que pola súa natureza están comprendidos nos seus fins ou obxectivos.
- Artigo 185 do TRLRFL que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.



- Artigo 30 do RD 500/1990, en atención ao cal os créditos consignados no orzamento de gastos, así como os procedentes das modificacións orzamentarias, con carácter xeral, en calquera das tres situacións seguintes: a) créditos dispoñibles; b) créditos retidos pendentes de utilización; c) créditos non dispoñibles.
- Bases Reguladoras 1ª e 8ª do Plan Concellos 2022-2023 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Base Reguladora 5ª 7ª do Plan Concellos 2022-2023 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxe e o límite máximo por liña e exercicio, así como os criterios obxectivos de reparto.
- Bases Reguladoras 10ª 1 12ª do Plan Concellos 2022-2023 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.
- Artigo 9 da Carta Europea de Autonomía Local que dispón que na medida do posible, as subvencións concedidas ás entidades locais non han de ser destinadas á financiación de proxectos específicos. A concesión de subvencións non deberá causar prexuízo á liberdade fundamental da política das entidades locais, no seu propio ámbito de competencia.

Da xestión en cernes do ciclo da auga:

- Tanto no momento de ser aprobadas as Bases Reguladoras do Plan Concellos 2022-2023 como no de concesión individual de cadansúa das peticións de subvención ao abeiro do mesmo, continúa pendente a tramitación da lexislación autonómica sobre a xestión integral do ciclo da auga. Unha vez que este texto legal se converta en dereito positivo, sucederá que lle sobrevirán distintos convenios ou instrumentos de colaboración, que distribuirán as competencias e as obrigas de financiamento entre Augas de Galicia e os distintos concellos que se interesen polo seu asinamento, amais da propia Deputación Provincial.
- De terse subscrito algún daqueles instrumentos de colaboración, de acordo coa Base Reguladora 7ª Bis, o concello interesado haberá de comunicalo a Deputación para esta poida efectuar a retención do importe da achega que por tal concepto lle corresponde ao ente provincial da cantidade asignada ao Concello no POS 2022-2023. E de non ser isto factible por terse concedido todas as axudas e iniciados os procedementos de licitación correlativos, a retención farase a cargo do importe das baixas, importe que xa non se poderá reutilizar nin nos proxectos primitivos, nin en novos investimentos ou con cargo a futuros plans de cooperación.
- O deber do concello de comunicar a adhesión ao convenio ou instrumento de colaboración haberase de realizar no prazo de 10 días naturais desde a súa formalización, e o seu incumprimento é causa de reintegro das subvencións concedidas con cargo a estas bases.



De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o presente exercicio, e vistos os informes do xefe dos servizos Técnicos de Infraestruturas e Vías Provincias da Deputación de Pontevedra, de data 26/01/2022, e da xefa do servizo de Cooperación, de data 10/06/2022, que conclúe favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de O Rosal* CIF P3604800G a cantidade de 159.174,42 €, con destino ao financiamento do investimento “(Acheга municipal do convenio coa Deputación de Pontevedra) Mellora da mobilidade peonil na EP-3303 Tabagón-Goián dende P.Q.1+795 ata o P.Q.3+600. Treito II” (Expte.2022003437) cun orzamento polo importe de 795.872,12 €, distribuída segundo a seguinte táboa:

| Anualidade | Orzamento € | Subvención € | Achegas doutras administracións € | Fondos propios € |
|------------|-------------|--------------|-----------------------------------|------------------|
| 2022       | 795.872,12  | 159.174,42   | 636.697,70                        | 0,00             |
| 2023       | 0,00        | 0,00         | 0,00                              | 0,00             |
| TOTAL      | 795.872,12  | 159.174,42   | 636.697,70                        | 0,00             |

- Convén lembrar que o concello deberá posuír tódalas autorizacións sectoriais necesarias así como as licenzas e permisos preceptivos para a execución do investimento ao abeiro do establecido nas bases reguladoras do presente plan.
- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 22/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ó gasto.
- Unha vez concedida a subvención e previa aprobación e sinatura do convenio de colaboración, xerárase crédito na correspondente aplicación orzamentaria e realizaranse as oportunas operacións en formalización.
- Convén lembrar que a execución e xustificación deste investimento rexerá polas normas do plan que se co-financia, sen que en ningún caso poida exceder dos prazos que se recollen na Base Reguladora 21ª.2 do Plan Concellos 2022-23. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Así mesmo, de acordo coa Base Reguladora 18ª do Plan Concellos 2022-23 o concello de O Rosal deberá de comunicarlle á Deputación, no prazo de dez (10) días naturais a contar desde da súa formalización, a adhesión ao convenio ou ao instrumento equivalente para a xestión integral da auga, para poder iniciar así a retención da totalidade da achega que por tal concepto lle corresponda á Deputación do Plan Concellos. O incumprimento desta obriga será causa de reintegro da subvención concedida con cargo a este plan.



- Darlle traslado da presente resolución ao *Concello de O Rosal*, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

6.31854.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE SOUTOMAIOR NO MARCO DO PLAN CONCELLOS 2022-2023 LIÑA 1 – INVESTIMENTOS (ANUALIDADE 2022), CON DESTINO AO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “HUMANIZACIÓN RÚA LAMEIRIÑAS Á PRAZA DE CIMADEVILA, CAMIÑO DE SANTIAGO, TRAMO 2”. (Expte. 2022010715)

O Pleno da Deputación, na súa sesión do 26 de novembro de 2021, acordou a aprobación das Bases Reguladoras do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023, (en adiante Plan Concellos 2022-2023) que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 230 do 27 de novembro de 2021. Desta xeira o Plan Concellos é bienal, se ben segue a estar fornecido por fondos propios da Deputación de Pontevedra con destino á colaboración nas obras e servizos de competencia municipal dos 59 concellos de menos de 50.000 habitantes da provincia.

Por medio do Plan Concellos dáse cumprimento ao mandato contido no artigo 36.2.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), que regula a obriga das deputacións provinciais de aprobar anualmente un plan provincial de cooperación coas obras e servizos de competencia municipal.

O Plan Concellos 2022-2023 mantendo o procedemento de concorrencia non competitiva e as tres liñas mestras como en anos anteriores, na Liña 1 Investimentos dótase de 30.500.000,00 € para o exercicio 2022 e de 30.500.000,00 € para o exercicio 2023, con cargo ás aplicacións orzamentarias 22/942.9425.762.45 e 23/942.0425.762.45 (Plan Concellos 2022-2023).

Mediante Resolución Presidencial nº 2021007177 de data 03/12/2021 aprobáronse as cantidades asignadas a cada concello. Xunto a cantidade que lle corresponde a cada concello no exercicio 2022 e no exercicio 2023, tamén se fai saber a relación de débedas que ten o municipio coa institución provincial na data de publicación das Bases Reguladoras. Esta comunicación ten por obxectivo que as referidas débedas se abonen antes de que se presenten as solicitudes ao abeiro do Plan Concellos, de xeito que no caso de non terse producido o pagamento, a Deputación de oficio procede á detracción por compensación dos importes debidos, ata extinguir a súa totalidade sobre a cantidade asignada ao exercicio 2022. A contía que resulta despois da detracción de oficio, se reparte entre as tres Liñas subvencionables de acordo coa porcentaxe fixada na Base Reguladora 5ª.

O Plan Concellos aínda que sexa un instrumento de planificación provincial, segue a respectar e garantir a autonomía local xacando no exercicio 2022, lle corresponde a cada concello distribuír libremente as contías individuais respectivas segundo as súas necesidades, con cargo ás distintas liñas de subvención e con respecto aos límites establecidos nestas bases. No exercicio 2023, a contía asignada a cada concello destinarase integramente ao financiamento de investimentos, xa que esta



cantidade non se pode aplicar ao financiamento das liñas 2 e 3. Sen prexuízo de realizar investimentos de carácter plurianual a través dos dous exercicios 2022 e 2023 consonte a lexislación orzamentaria.

De acordo coa Base Reguladora 8ª do POS 2022-23, a Liña 1 é de Investimentos, os cales inclúen todas as obras, subministracións, adquisición de bens inmobles e propiedade inmaterial (plans urbanísticos, estudos de planificación estratéxica, plans de mobilidade sostible ...) para actividades e servizos que sexan de competencia municipal.

No marco da citada competencia municipal, a Deputación de Pontevedra tamén é consecuente cos novos postulados dos tempos actuais que lle tocan vivir tanto a cidadanía como ás administracións locais. Emporiso este Plan Concellos non só fai de interacción co Plan Nacional Integrado de Enerxía e Clima (PNIEC) 2021-2030, senón que tamén contribúe e favorece a observancia do principio de non causar un prexuízo significativo ao medio ambiente recollido no artigo 17 do Regulamento UE 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello de 18 de xuño de 2020, relativo ás inversións sostibles, e que é de aplicación á todos os plans.

En data 25/02/2022, dentro do prazo fixado na convocatoria, consta a entrada no rexistro da Deputación, ao abeiro do Plan Concellos 2022-2023, petición do concello de Soutomaior na que solicita con cargo a cantidade que lle corresponde no reparto unha subvención por importe de 286.208,15 €, con destino ao financiamento “*Humanización Rúa Lameiriñas á Praza de Cimadevila, Camiño de Santiago, Tramo 2*”, cun orzamento por importe de 286.208,15 €, quedando configurada a súa petición tal é como reflicte a seguinte táboa:

| Anualidade | Orzamento € | Subvención € | Achegas doutras administracións € | Fondos propios € |
|------------|-------------|--------------|-----------------------------------|------------------|
| 2022       | 50.921,30   | 50.921,30    | 0,00                              | 0,00             |
| 2023       | 235.286,85  | 235.286,85   | 0,00                              | 0,00             |
| TOTAL      | 286.208,15  | 286.208,15   | 0,00                              | 0,00             |

O orzamento contempla os honorarios de reacción proxecto, dirección e coordinación de seguridade e saúde por importe total de 16.940,00 €

Consta no expediente documento relativo a titularidade dos bens sobre os que se vai actuar; o concello achega informe do técnico municipal sobre a normativa sectorial, indicando que é preciso contar con a autorización sectorial da Xefatura territorial da Consellería de Cultura, Educación e Universidade en materia de Patrimonio Cultural.

Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas Bases Reguladoras do Plan Concellos 2022-2023 e achega a documentación requirida, contando co informe de supervisión favorable do Enxeñeiro Xefe do Servizo de Cooperación de data 01/06/2022.



#### Fundamentación xurídica:

##### Normativa examinada:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Lei 7/2021, de 20 de maio, de cambio climático e transición enerxética.
- Regulamento UE 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello de 18 de xuño de 2020 relativo ao establecemento dun marco para facilitar as inversións sostibles polo que se modifica o Regulamento UE 2019/2088.
- Regulamento Delegado (UE) da comisión de 4 de xuño de 2021, polo que se completa o Regulamento (UE) 2020/852, no cal se establecen os criterios técnicos de selección para determinar as condicións nas que se considera que unha actividade económica contribúe de forma substancial á mitigación do cambio climático ou á adaptación ao mesmo.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan Concellos 2022-2023.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

#### Consideracións xurídicas:

##### Instrución do expediente:

- Base Reguladora 16ª do Plan Concellos 2022-2023 relativa á instrución, procedemento e resolución, que indica que correspóndelle ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Asemade, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización do servizo de intervención.

#### Petición e evacuación de informes:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.



- Artigos 213 e ss. Do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base Reguladora 16ª do Plan Concellos 2021, que indica que as propostas de concesións de subvencións someteranse á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación, segundo a natureza do investimento, no seu caso, e de fiscalización do Servizo de Intervención. Se algunha solicitude non se axusta a estas Bases Reguladoras, e por esta razón é informada desfavorablemente polos facultativos técnicos de Cooperación ou polo Servizo de Intervención, o Concello poderá presentar unha nova solicitude.

#### Resolución do expediente:

- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 185 do TRLRFL que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases Reguladoras 1ª e 8ª do Plan Concellos 2022-2023 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Base Reguladora 5ª 7ª do Plan Concellos 2022-2023 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxe e o límite máximo por liña e exercicio, así como os criterios obxectivos de reparto.
- Bases Reguladoras 10ª 1 12ª do Plan Concellos 2022-2023 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.
- Artigo 9 da Carta Europea de Autonomía Local que dispón que na medida do posible, as subvencións concedidas ás entidades locais non han de ser destinadas á financiación de proxectos específicos. A concesión de subvencións non deberá causar prexuízo á liberdade fundamental da política das entidades locais, no seu propio ámbito de competencia.

#### Da xestión en cernes do ciclo da auga:

- Tanto no momento de ser aprobadas as Bases Reguladoras do Plan Concellos 2022-2023 como no de concesión individual de cadansúa das peticións de subvención ao abeiro do mesmo, continúa pendente a tramitación da lexislación autonómica sobre a xestión integral do ciclo da auga. Unha vez que este texto legal se converta en dereito positivo, sucederá que lle sobrevivirán distintos convenios ou instrumentos de colaboración, que distribuirán as competencias e as obrigas de financiamento entre Augas de Galicia e os distintos concellos que se interesen polo seu asinamento, amais da propia Deputación Provincial.



- De terse subscrito algún daqueles instrumentos de colaboración, de acordo coa Base Reguladora 7ª Bis, o concello interesado haberá de comunicalo a Deputación para esta poida efectuar a retención do importe da achega que por tal concepto lle corresponde ao ente provincial da cantidade asignada ao Concello no POS 2022-2023. E de non ser isto factible por terse concedido todas as axudas e iniciados os procedementos de licitación correlativos, a retención farase a cargo do importe das baixas, importe que xa non se poderá reutilizar nin nos proxectos primitivos, nin en novos investimentos ou con cargo a futuros plans de cooperación.
- O deber do concello de comunicar a adhesión ao convenio ou instrumento de colaboración haberase de realizar no prazo de 10 días naturais desde a súa formalización, e o seu incumprimento é causa de reintegro das subvencións concedidas con cargo a estas bases.

De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o presente exercicio, e vistos os informes do enxeñeiro xefe do servizo de Cooperación, de data 01/06/2022, e da xefa do servizo de Cooperación, de data 01/06/2022, que conclúe favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 10/06/2022, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Soutomaior* CIF P3605300G a cantidade de 286.208,15 €, con destino ao financiamento do investimento “*Humanización Rúa Lameiriñas á Praza de Cimadevila, Camiño de Santiago, Tramo 2*” (Expte.2022010715) cun orzamento polo importe de 286.208,15 €, distribuída segundo a seguinte táboa:

| Anualidade | Orzamento € | Subvención € | Achegas doutras administracións € | Fondos propios € |
|------------|-------------|--------------|-----------------------------------|------------------|
| 2022       | 50.921,30   | 50.921,30    | 0,00                              | 0,00             |
| 2023       | 235.286,85  | 235.286,85   | 0,00                              | 0,00             |
| TOTAL      | 286.208,15  | 286.208,15   | 0,00                              | 0,00             |

O orzamento contempla os honorarios de redacción de proxecto, dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde por importe total de 16.940,00 €.

- A concesión da presente subvención queda condicionada á presentación da autorización sectorial da Xefatura territorial da Consellería de Cultura, Educación e Universidade en materia de Patrimonio Cultural, así como o acordo de aprobación do proxecto e a acta de trazado previo (anexo III), sendo imprescindible que os remita á Deputación, xunto coa primeira xustificación da axuda económica concedida.





- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2022/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ó gasto. Polo que respecta á anualidade 2023, financiarase con cargo á correspondente aplicación, que será, no seu caso, a 2023/942.9425.762.45, quedando condicionado á aprobación do orzamento para o exercicio 2023 e á existencia de crédito adecuado para este fin.
- De acordo coa Base Reguladora 18ª do Plan Concellos 2022-2023, e de ser o caso, o Concello de Soutomaior deberá comunicarlle á Deputación, no prazo de dez (10) días naturais a contar desde a súa formalización, a adhesión ao convenio ou ao instrumento equivalente para a xestión integral da auga, para poder iniciar a retención da totalidade da achega que por tal concepto lle corresponda á Deputación do Plan Concellos. O incumprimento desta obriga será causa de reintegro da subvención concedida con cargo a este plan.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan de Concellos 2022-2023, aprobadas polo acordo plenario de 26 de novembro de 2021 e publicadas no BOPPO núm. 230 de 27/11/2021 (dispoñibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Asemade, ao abeiro da Base Reguladora 21ª.2 do Plan Concellos 2022-2023, o investimento incluído na anualidade 2022, deberá estar executado o 31 de decembro de 2023 e xustificado na súa totalidade o 31 de marzo de 2024, e o incluído na anualidade 2023, executado o 31 de decembro de 2024 e xustificado na súa totalidade o 31 de marzo de 2025. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de Soutomaior*, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

7.31855.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE TUI NO MARCO DO PLAN CONCELLOS 2022-2023 LIÑA 1 – INVESTIMENTOS (ANUALIDADE 2022), CON DESTINO AO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “REFORMA E ACONDICIONAMENTO DAS PISCINAS MUNICIPAIS”. (Expte.2022011525)

O Pleno da Deputación, na súa sesión do 26 de novembro de 2021, acordou a aprobación das Bases Reguladoras do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023, (en adiante Plan Concellos 2022-2023) que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 230 do 27 de novembro de 2021. Desta xeira o Plan Concellos é bienal, se ben segue a estar fornecido por fondos propios da Deputación de Pontevedra con destino á colaboración nas obras e servizos de competencia municipal dos 59 concellos de menos de 50.000 habitantes da provincia.



Por medio do Plan Concellos dáse cumprimento ao mandato contido no artigo 36.2.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), que regula a obriga das deputacións provinciais de aprobar anualmente un plan provincial de cooperación coas obras e servizos de competencia municipal.

O Plan Concellos 2022-2023 mantendo o procedemento de concorrència non competitiva e as tres liñas mestras como en anos anteriores, na Liña 1 Investimentos dótase de 30.500.000,00 € para o exercicio 2022 e de 30.500.000,00 € para o exercicio 2023, con cargo ás aplicacións orzamentarias 22/942.9425.762.45 e 23/942.0425.762.45 (Plan Concellos 2022-2023).

Mediante Resolución Presidencial nº 2021007177 de data 03/12/2021 aprobáronse as cantidades asignadas a cada concello. Xunto a cantidade que lle corresponde a cada concello no exercicio 2022 e no exercicio 2023, tamén se fai saber a relación de débedas que ten o municipio coa institución provincial na data de publicación das Bases Reguladoras. Esta comunicación ten por obxectivo que as referidas débedas se abonen antes de que se presenten as solicitudes ao abeiro do Plan Concellos, de xeito que no caso de non terse producido o pagamento, a Deputación de oficio procede á detracción por compensación dos importes debidos, ata extinguir a súa totalidade sobre a cantidade asignada ao exercicio 2022. A contía que resulta despois da detracción de oficio, se reparte entre as tres Liñas subvencionables de acordo coa porcentaxe fixada na Base Reguladora 5ª.

O Plan Concellos aínda que sexa un instrumento de planificación provincial, segue a respectar e garantir a autonomía local xacando no exercicio 2022, lle corresponde a cada concello distribuír libremente as contías individuais respectivas segundo as súas necesidades, con cargo ás distintas liñas de subvención e con respecto aos límites establecidos nestas bases. No exercicio 2023, a contía asignada a cada concello destinarase integramente ao financiamento de investimentos, xa que esta cantidade non se pode aplicar ao financiamento das liñas 2 e 3. Sen prexuízo de realizar investimentos de carácter plurianual a través dos dous exercicios 2022 e 2023 consonte a lexislación orzamentaria.

De acordo coa Base Reguladora 8ª do POS 2022-23, a Liña 1 é de Investimentos, os cales inclúen todas as obras, subministracións, adquisición de bens inmoables e propiedade inmaterial (plans urbanísticos, estudos de planificación estratéxica, plans de mobilidade sostible ...) para actividades e servizos que sexan de competencia municipal.

No marco da citada competencia municipal, a Deputación de Pontevedra tamén é consecuente cos novos postulados dos tempos actuais que lle tocan vivir tanto a cidadanía como ás administracións locais. Emporiso este Plan Concellos non só fai de interacción co Plan Nacional Integrado de Enerxía e Clima (PNIEC) 2021-2030, senón que tamén contribúe e favorece a observancia do principio de non causar un prexuízo significativo ao medio ambiente recollido no artigo 17 do Regulamento UE 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello de 18 de xuño de 2020, relativo ás inversións sostibles, e que é de aplicación á todos os plans.



En data 28/02/2022, dentro do prazo fixado na convocatoria, consta a entrada no rexistro da Deputación, ao abeiro do Plan Concellos 2022-2023, petición do concello de Tui na que solicita con cargo a cantidade que lle corresponde no reparto unha subvención por importe de 322.828,05€, con destino ao financiamento “*Reforma y acondicionamiento de las piscinas municipales*”, cun orzamento por importe de 322.828,05 €, quedando configurada a súa petición tal é como reflicte a seguinte táboa:

| Anualidade | Orzamento € | Subvención € | Achegas doutras administracións € | Fondos propios € |
|------------|-------------|--------------|-----------------------------------|------------------|
| 2022       | 322.828,05  | 322.828,05   | 0,00                              | 0,00             |
| 2023       | 0,00        | 0,00         | 0,00                              | 0,00             |
| TOTAL      | 322.828,05  | 322.828,05   | 0,00                              | 0,00             |

O orzamento contempla os honorarios de redacción proxecto, dirección de obra e seguridade e saúde, por importe total de 16.589,10 €.

Consta no expediente documento relativo a titularidade dos bens sobre os que se vai actuar; o concello achega informe do técnico municipal sobre a normativa sectorial, indicando que non é preciso contar con ningunha autorización sectorial.

Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas Bases Reguladoras do Plan Concellos 2022-2023 e achega a documentación requirida, contando co informe de supervisión favorable do Enxeñeiro Xefe do Servizo de Cooperación de data 01/06/2022.

#### Fundamentación xurídica:

##### Normativa examinada

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Lei 7/2021, de 20 de maio, de cambio climático e transición enerxética.
- Regulamento UE 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello de 18 de xuño de 2020 relativo ao establecemento dun marco para facilitar as inversións sostibles polo que se modifica o Regulamento UE 2019/2088.



- Regulamento Delegado (UE) da comisión de 4 de xuño de 2021, polo que se completa o Regulamento (UE) 2020/852, no cal se establecen os criterios técnicos de selección para determinar as condicións nas que se considera que unha actividade económica contribúe de forma substancial á mitigación do cambio climático ou á adaptación ao mesmo.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan Concellos 2022-2023.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

#### Consideracións xurídicas:

#### Instrución do expediente:

- Base Reguladora 16ª do Plan Concellos 2022-2023 relativa á instrución, procedemento e resolución, que indica que correspóndelle ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Asemade, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización do servizo de intervención.

#### Petición e evacuación de informes:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. Do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base Reguladora 16ª do Plan Concellos 2021, que indica que as propostas de concesións de subvencións someteranse á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación, segundo a natureza do investimento, no seu caso, e de fiscalización do Servizo de Intervención. Se algunha solicitude non se axusta a estas Bases Reguladoras, e por esta razón é informada desfavorablemente polos facultativos técnicos de Cooperación ou polo Servizo de Intervención, o Concello poderá presentar unha nova solicitude.



#### Resolución do expediente:

- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instructor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 185 do TRLRFL que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases Reguladoras 1ª e 8ª do Plan Concellos 2022-2023 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Base Reguladora 5ª 7ª do Plan Concellos 2022-2023 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxe e o límite máximo por liña e exercicio, así como os criterios obxectivos de reparto.
- Bases Reguladoras 10ª 1 12ª do Plan Concellos 2022-2023 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.
- Artigo 9 da Carta Europea de Autonomía Local que dispón que na medida do posible, as subvencións concedidas ás entidades locais non han de ser destinadas á financiación de proxectos específicos. A concesión de subvencións non deberá causar prexuízo á liberdade fundamental da política das entidades locais, no seu propio ámbito de competencia.

#### Da xestión en cernes do ciclo da auga:

- Tanto no momento de ser aprobadas as Bases Reguladoras do Plan Concellos 2022-2023 como no de concesión individual de cadansúa das peticións de subvención ao abeiro do mesmo, continúa pendente a tramitación da lexislación autonómica sobre a xestión integral do ciclo da auga. Unha vez que este texto legal se converta en dereito positivo, sucederá que lle sobrevivirán distintos convenios ou instrumentos de colaboración, que distribuirán as competencias e as obrigas de financiamento entre Augas de Galicia e os distintos concellos que se interesen polo seu asinamento, amais da propia Deputación Provincial.
- De terse subscrito algún daqueles instrumentos de colaboración, de acordo coa Base Reguladora 7ª Bis, o concello interesado haberá de comunicalo a Deputación para esta poida efectuar a retención do importe da achega que por tal concepto lle corresponde ao ente provincial da cantidade asignada ao Concello no POS 2022-2023. E de non ser isto factible por terse concedido todas as axudas e iniciados os procedementos de licitación correlativos, a retención farase a cargo do importe das baixas, importe que xa non se poderá reutilizar nin nos proxectos primitivos, nin en novos investimentos ou con cargo a futuros plans de cooperación.
- O deber do concello de comunicar a adhesión ao convenio ou instrumento de colaboración haberase de realizar no prazo de 10 días naturais desde a súa formalización, e o seu incumprimento é causa de reintegro das subvencións concedidas con cargo a estas bases.



De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o presente exercicio, e vistos os informes do enxeñeiro xefe do servizo de Cooperación, de data 01/06/2022, e da xefa do servizo de Cooperación, de data 06/06/2022, que conclúe favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Tui* CIF P3605500B a cantidade de 322.828,05 €, con destino ao financiamento do investimento “*Reforma e acondicionamento das piscinas municipais*” (Expte.2022011525) cun orzamento polo importe de 322.828,05 €, distribuída segundo a seguinte táboa:

| Anualidade | Orzamento € | Subvención € | Achegas doutras administracións € | Fondos propios € |
|------------|-------------|--------------|-----------------------------------|------------------|
| 2022       | 322.828,05  | 322.828,05   | 0,00                              | 0,00             |
| 2023       | 0,00        | 0,00         | 0,00                              | 0,00             |
| TOTAL      | 322.828,05  | 322.828,05   | 0,00                              | 0,00             |

O orzamento contempla os honorarios de redacción proxecto, dirección de obra e seguridade e saúde, por importe total de 16.589,10 €.

- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2022/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ó gasto.
- Convén lembrar que o concello deberá posuír tódalas autorizacións sectoriais necesarias así como as licenzas e permisos preceptivos para a execución das obras ao abeiro do establecido nas bases reguladoras do presente plan.
- De acordo coa Base Reguladora 18ª do Plan Concellos 2022-2023, e de ser o caso, o Concello de Tui deberá comunicarlle á Deputación, no prazo de dez (10) días naturais a contar desde a súa formalización, a adhesión ao convenio ou ao instrumento equivalente para a xestión integral da auga, para poder iniciar a retención da totalidade da achega que por tal concepto lle corresponda á Deputación do Plan Concellos. O incumprimento desta obriga será causa de reintegro da subvención concedida con cargo a este plan.



- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan de Concellos 2022-2023, aprobadas polo acordo plenario de 26 de novembro de 2021 e publicadas no BOPPO núm. 230 de 27/11/2021 (dispoñibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Asemade, ao abeiro da Base Reguladora 21<sup>a</sup>.2 do Plan Concellos 2022-2023, o investimento incluído na anualidade 2022, deberá estar executado o 31 de decembro de 2023 e xustificado na súa totalidade o 31 de marzo de 2024, e o incluído na anualidade 2023, executado o 31 de decembro de 2024 e xustificado na súa totalidade o 31 de marzo de 2025. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de Tui*, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

8.31856.- CONCESIÓN DE SUBVENCIONS A “ENTIDADES SEN FINS DE LUCRO PARA O APOIO AO DESENVOLVEMENTO DE FESTIVAIS MUSICAIS E ARTES ESCÉNICAS NA PROVINCIA DE PONTEVEDRA NO ANO 2022” (Expte. 2022003852)

A Deputación de Pontevedra na Xunta de Goberno de 25 de febreiro de 2022 aproba as bases para a concesión de axudas a entidades sen fins de lucro para o apoio ao desenvolvemento de festivais musicais e de artes escénicas na provincia de Pontevedra no ano 2022, e fiscalizadas as correspondentes solicitudes pola área de Intervención e co seu informe favorable sobre existencia de consignación por un importe de 150.000,00 €, con cargo á aplicación 22/330.3340.489.05 do orzamento provincial, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade a concesión de subvencións a 15 entidades para apoiar o desenvolvemento de festivais musicais e de artes escénicas na provincia de Pontevedra no ano 2022 (CSV: AWBRS5P94QNUXRN6), excluindo deste programa un total de 5 solicitudes por desestimento da súa solicitude ou non cumprir coas bases establecidas (CSV: BUTXXINCT1DESIHV).

9.31857.- CONCESIÓN DE SUBVENCIONS A “CLUBS DEPORTIVOS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA QUE PARTICIPAN EN COMPETICIONS DE ÁMBITO ESTATAL PARA O ANO 2022” (Expte.2022004151)

A Deputación de Pontevedra na Xunta de Goberno de 11 de febreiro de 2022 aprobou as bases reguladoras de subvencións a clubs deportivos da provincia de Pontevedra que participan en competicións de ámbito estatal para o ano 2022, dirixidas a clubs deportivos da provincia de Pontevedra que participan en competicións federadas de ámbito estatal para o ano 2022, publicadas no BOPPO nº 41 de 01/03/22, e fiscalizadas as correspondentes solicitudes pola Intervención de data 13 de xuño de 2022 e co seu informe favorable sobre existencia de consignación por un importe



de 800.000,00 € e con cargo a aplicación orzamentaria 22/340.3410.489.20 do vixente orzamento provincial, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar a concesión a 84 clubs deportivos sen ánimo de lucro que participen en competicións federadas de ámbito estatal para o ano 2022 (programa DE\_B/22) e que figuran nas relación que se achegan cos seguintes CSV:

|                                 |                                      |
|---------------------------------|--------------------------------------|
| Atletismo: W71T4EYWS8WVLQAT     | Fútbol sala: DQMOBVOXFQVIBVTE        |
| Baloncesto: E4D6VM4PRW3ZK0MY    | Fútbol: DR1DJW5OUPLT7R88             |
| Balonmán: EMOTRMDTKWQB4KWJ      | Judo: DXM5WLQMWPP1C9T1               |
| Ciclismo: DWRRGIS53R9EKGZD      | Outras modalidades: EC71WF3U2TF4D7F9 |
| Tenis de mesa: E72YRSZMES183MAA | Voleibol: EPCLNR9R7TNKN6KV           |

Excluindo deste programa un total de 10 solicitudes por renunciar a súa tramitación nesta convocatoria por presentar na convocatoria de ámbito inferior a estatal e ser incompatibles, e que se indican co seguinte CSV: 5L9C6KVJF1ZZ9OAQ.

10.31858.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE FORCAREI PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO DE “MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NA EP 7203, DENDE O PQ 0+000 ATA O PQ 0+380, SOUTELO DE MONTES (FORCAREI)”. (Expte. 2022033875)

Antecedentes:

1. A Corporación e a Xunta de Goberno provinciais, no marco do exercicio das súas competencias propias en relación coas infraestruturas e vías provinciais, coa planificación do territorio aprobaron varios instrumentos para a promoción dos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable (ODS) e da Axenda 2030, tales como a Ordenanza de Seguridade Viaria, o Decálogo de Criterios de Intervencións nas Estradas Provinciais, o Plan Móvese, a Guía Básica de Espazos Públicos e Mobilidade Amable.
2. A Deputación de Pontevedra é titular da EP-7203 Soutelo – Covas, que descorre polo Concello de Forcarei e ten unha lonxitude de 9.762 m.
3. Na actualidade, o tramo comprendido entre o PQ 0+000 e o PQ 0+380 da EP 7203 Soutelo – Covas necesita unha actuación de mellora da seguridade viaria co fin de crear un itinerario peonil que comunique o centro urbano de Soutelo de Montes co entorno da igrexa parroquial de Santa María Madanela de Montes, que se atopa, a maiores, nunha zona con edificacións consolidadas nas marxes da estrada, e cun número importante de peóns que acoden diariamente á igrexa ou ao centro urbano de Soutelo de Montes polo medio da estrada provincial, co risco e inseguridade viaria que iso produce ao non existir unha área reservada para peóns no tramo indicado. Por este motivo a Deputación de Pontevedra decide redactar o proxecto “Mellora da mobilidade peonil na EP-7203, desde o p. q. 0+000 ata o p. q. 0+380 en Soutelo de Montes, Forcarei”.



O resumo do orzamento das obras proxectadas é o seguinte:

|                                       |              |
|---------------------------------------|--------------|
| Execución material                    | 240.172,16 € |
| Presuposto base de licitación         | 285.804,87 € |
| Presuposto base de licitación con IVE | 345.823,89 € |

4. O Pleno da Corporación do *Concello de Forcarei*, na sesión do 19/05/2022, aprobou o convenio obxecto desta proposta, así como o financiamento con fondos propios do 30 % (103.747,17 €) do presuposto de licitación das obras, IVE incluído.

5. Os Servizos Técnicos de Infraestruturas e Vías Provinciais en data 28/04/2022 supervisaron favorablemente o proxecto e en data 01/06/2022 emitiron informe xustificativo das porcentaxes de financiamento e do grao de prioridade das obras.

Consideracións:

1ª Normativa aplicable.

- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRJSP).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime Local (LBRL).
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALGA).
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Bases de execución do orzamento provincial.

2ª Cooperación entre as administracións públicas.

A cooperación interadministrativa como principio reitor da actuación e das relacións das distintas administrativas recóllese no artigo 103.1 da Constitución. Así o tribunal Supremo (sentenza 9 de marzo de 2011, rec.3037/2008) ten sinalado que o marco competencial deseñado pola Constitución determina a coexistencia de títulos competenciais con incidencia nun mesmo espazo físico, polo que é imprescindible o desenvolvemento de técnicas de coordinación, colaboración e cooperación administrativa.

No 3.1.k) da LRJSP recóllese o principio de cooperación, colaboración e coordinación entre as Administracións Públicas. No artigo 140.1 sinalase que as diferentes administracións públicas actúan e relaciónanse con outras Administracións e entidades ou organismos vinculados ou dependentes destas de acordo, entre outros principios, co sinalados na letra d):

*“Cooperación, cando dúas ou máis Administracións Públicas, de maneira voluntaria e en exercicio das súas competencias, asumen compromisos específicos en aras dunha acción común”.*



De acordo cos art. 57 da LBRL e 198 e seguintes da LALGA, a cooperación pódese instrumentalizar por medio da subscripción de convenios definidos no art. 47 da LRXSP dando carta de natureza ao Ditame 878, de 30 de novembro de 2010, do Tribunal de Cuentas recomendando concretar o marco legal e tipoloxías dos convenios.

O artigo 111 do TRRL recolle o principio de liberdade de pactos e condicións sempre que non sexan contrarios ao interese público, ao ordenamento xurídico ou aos principios de boa administración.

### 3ª Contido:

En relación ao contido mínimo esixido polo artigo 49 da LRXSP o convenio obxecto deste informe recolle:

- a) Suxeitos que asinan o convenio e a capacidade xurídica con que actúa cada unha das partes.
- b) A competencia na que se fundamenta a actuación da Administración Pública.
- c) Obxecto do convenio e actuacións a realizar por cada suxeito para o seu cumprimento, indicando a titularidade dos resultados obtidos.
- d) Obrigas e compromisos económicos asumidos por cada unha das partes, indicando a súa distribución temporal por anualidades.
- e) Consecuencias aplicables en caso de incumprimento das obrigas e compromisos asumidos.
- f) Mecanismos de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e dos compromisos adquiridos polos asinantes.
- g) O réxime de modificación.
- h) Prazo de vixencia de acordo coas regras establecidas no mesmo artigo 49.
- i) Facultades de compensación e ingreso a favor da Deputación da achega do Concello.

### 4ª Financiamento:

A distribución do financiamento conforme á cláusula terceira é a seguinte:

|                          | ACHEGA       | %   |
|--------------------------|--------------|-----|
| Deputación de Pontevedra | 242.076,72 € | 70  |
| Concello de Forcarei     | 103.747,17 € | 30  |
| TOTAL INVESTIMENTO       | 345.823,89 € | 100 |

A Deputación financiará a súa achega (242.076,72 €) con cargo á aplicación 22/456 4530 612.02 do orzamento provincial do ano 2022.

A achega do *Concello de Forcarei*, por importe de 103.747,17 € (30%), con destino ás obras financiarase con fondos propios.



De conformidade co disposto no artigo 116.5 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en diante, LCSP), unha vez aprobado o convenio, e antes de aprobar o expediente de contratación correspondente, acreditarase a plena dispoñibilidade de totalas achegas que financian o investimento.

Os demais gastos derivados da actuación obxecto do convenio serán financiados pola Deputación de Pontevedra.

5ª.- Supervisión do proxecto. Autorizacións sectoriais:

Conforme ao disposto no artigo 235 da Lei 9/2017 de contratos do sector público a supervisión do proxecto nos supostos nos que o orzamento base de licitación é inferior a 500.000 €, IVE excluído, ten carácter facultativo. En calquera caso, aínda que tanto a supervisión do proxecto como as autorizacións sectoriais non son esixibles para a aprobación do convenio, antes da aprobación do proxecto deberá contarse coas autorizacións sectoriais correspondentes.

6ª Órgano competente para a aprobación:

Atendendo ao obxecto do convenio e ao constante criterio con respecto á aprobación de propostas de convenios de colaboración Deputación/Concellos de contido análogo, logo dos informes favorables da Secretaría e da Intervención, ao non se tratar de transferencia de funcións ou de actividades, o órgano competente para a aprobación é a Xunta de Goberno.

O Convenio subscrito será posto a disposición dos cidadáns no Portal de Transparencia en aplicación do disposto na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno –artigo 8.1.b)–, e Ordenanza de transparencia da Deputación publicada no BOPPO 18-03-2019 con indicación das partes asinantes, obxecto, duración e obrigas económicas.

Por todo o exposto, sen prexuízo, e de selo o caso, da aprobación plenaria do cambio de titularidade de vías, logo dos informes da Secretaría Xeral e da Intervención, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar o convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o *Concello de Forcarei* co seguinte contido:

*“CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE FORCAREI PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO DE MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NA EP 7203, DESDE O PQ 0+000 ATA O PQ 0+380 EN SOUTELO DE MONTES, FORCAREI.*

*REUNIDAS*

*María del Carmen Silva Rego, presidenta da Deputación de Pontevedra, en virtude da competencia que lle atribúe o artigo 34.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).*



*Verónica Pichel Guisande, alcaldesa do Concello de Forcarei, en virtude das competencias que lle atribúe o artigo 21 da LRBRL.*

*Carlos Cuadrado Romay, secretario xeral da Deputación Provincial de Pontevedra, dando fe da formalización.*

*Ámbalas partes recoñécense con capacidade para formalizaren este convenio con base aos principios de colaboración, cooperación, coordinación e eficacia que deben presidir as actuacións das administracións públicas.*

### MANIFESTAN QUE

I. Os convenios entre as administracións públicas constitúen o instrumento adecuado para desenvolver a súa cooperación en cuestións de interese común, tal como establecen os artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRXSP), 57 da LRBRL e 198 e seguintes da Lei 5/97, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).

II. A Deputación de Pontevedra está concienciada sobre a necesidade de aumentar a seguridade viaria en toda a rede de estradas da provincia, con especial fincapé nos tramos que transcorren por espazos urbanos ou núcleos rurais dos distintos concellos e cumprindo a asistencia que debe prestar segundo o disposto no artigo 36 da LRBRL. Por ese motivo, o organismo provincial quere levar a cabo intervencións neste senso na súa propia rede viaria e está a facer una replanificación profunda e conceptual das actuacións en materia de mobilidade, con especial fincapé na protección dos colectivos máis vulnerables: peóns, ciclistas e persoas con mobilidade reducida. O obxectivo é conformar un contorno viario seguro e tranquilo, fomentando a convivencia de todos os medios de transporte e sistemas de desprazamento, así como repartir de xeito equitativo o espazo público. Quérese garantir que as vías provinciais ofrezan unha mobilidade universal nun espazo continuo de seguranza viaria.

III. Segundo dispoñen os artigos 26.1 da LRBRL e 81 da LALG, os municipios deberán prestarlle á súa cidadanía determinados servizos públicos en función da súa poboación.

IV. O artigo 36 da LRBRL e os artigos 109 e 110 da LALG lles encomendan ás deputacións que dirixan a súa actividade a asegurar a prestación integral e adecuada dos servizos de competencia municipal; para tal efecto, e co fin de posibilitar a consecución real e efectiva destes, é polo que se instrumenta este convenio.

V. A Deputación de Pontevedra é titular da EP-7203 Soutelo–Covas, que transcorre polo concello de Forcarei e que ten unha lonxitude de 9.762 m.

VI. Na actualidade, o tramo comprendido entre o p. q. 0+000 e o p. q. 0+380 da EP-7203 Soutelo–Covas necesita unha actuación de mellora da seguridade viaria co fin de crear un itinerario peonil que comunique o centro urbano de Soutelo de Montes co entorno da igrexa parroquial de Santa María Madanela de Montes, que se atopa, a maiores, nunha zona con edificacións consolidadas nas marxes da estrada, e cun número importante de peóns que acoden diariamente á igrexa ou ao centro urbano de Soutelo de Montes polo medio da estrada provincial, co risco e inseguridade viaria que iso produce ao non existir unha área reservada para peóns no tramo indicado. Por este motivo a Deputación de Pontevedra decide redactar o proxecto “Mellora da mobilidade peonil na EP-7203, desde o p. q. 0+000 ata o p. q. 0+380 en Soutelo de Montes, Forcarei”.



VII. *A actuación consiste en recuperar o tramo comprendido entre o p. q. 0+000 e o p. q. 0+380 da EP-7203 Soutelo–Covas no que o espazo público existente na actualidade está destinado practicamente na súa totalidade ao vehículo motorizado. É un tramo moi frecuentado diariamente por peóns que se ven obrigados a ir camiñando polo medio da estrada provincial, polo que é necesario realizar unha transformación do espazo público existente e destinalo ao gozo dos colectivos máis vulnerables.*

*O proxecto contempla zonas de convivencia, zonas de senda e de calzada de sentido único e zonas de senda e calzada de dobre circulación en función da casuística existente na zona de actuación.*

*Ademais das zonas de convivencia e sendas en formigón coloreado que dignifican e melloran a mobilidade peonil, o proxecto contempla a renovación do sistema de drenaxe, a renovación do aglomerado existente no ámbito de actuación, debido a que o actual se atopa nun alto estado de deterioración, así como a execución de medidas de calmado do tráfico mediante a implantación de redutores físicos de velocidade de vehículos e pasos de peóns sobreelevados en toda a zona de actuación, co fin de manter unhas velocidades dos vehículos acordes ás características da vía e, en consecuencia, a execución dunha nova sinalización horizontal e vertical en todos os 380 metros da vía.*

*Con esta actuación perséguese delimitar claramente a circulación do tráfico rodado e peonil, segregando os espazos co fin de crear itinerarios peonís seguros para os colectivos máis vulnerables sempre baixo as premisas de buscar un deseño que sexa comprensible, utilizábel e practicable por tódalas persoas en condicións de seguridade e comodidade.*

*Por último, o proxecto inclúe o soterramento do cablame aéreo existente na actualidade e contempla a execución de novas redes soterradas de electricidade, telecomunicacións e alumeadado público, colocando no ámbito de actuación novas luminarias led de alto rendemento.*

*Co fundamento en canto queda exposto, e coa vontade patente de colaboración das entidades comparecentes, ambas as dúas partes acordan a subscripción deste convenio consonte ás seguintes*

## CLÁUSULAS

*Primeira. Obxecto:*

*O obxecto deste convenio é establecer as condicións que rexerán a colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Forcarei para a execución do proxecto “Mellora da mobilidade peonil na EP-7203, desde o p. q. 0+000 ata o p. q. 0+380 en Soutelo de Montes, Forcarei”.*

*As unidades de obra contempladas no proxecto inclúen a demolición de parte do aglomerado existente e a execución dos movementos de terras necesarios para a execución dunha zona de convivencia con prioridade peonil e ancho variable entre o p. q. 0+000 e p. q. 0+047, de formigón coloreado e bandas transversais de pedra, así como a construción, entre o p. q. 0+047 e p. q. 0+380, dunha senda peonil pola marxe esquerda da estrada provincial, de formigón coloreado e ancho maior ou igual a 2,50 metros, e cunetas transitables de formigón na marxe dereita da vía, co fin de recoller a auga da plataforma os días de fortes precipitacións. A maiores, o proxecto contempla o aglomerado do firme existente desde o p. q. 0+047 ata o p. q. 0+380, debido ao seu estado de deterioración na actualidade, así como a realización dunha correcta sinalización horizontal e vertical nos 380 metros de actuación. Por último, o proxecto inclúe a realización na zona de actuación dos movementos de terras e traballos necesarios para a execución dunha*



nova rede de pluviais, unha nova rede soterrada de electricidade e telecomunicacións, co fin de eliminar o cablame aéreo existente na actualidade, e unha nova rede soterrada de alumeadado público, que contempla a colocación de novas luminarias led de alto rendimento.

#### Segunda. Importe:

O importe ao que se refire a presente actuación ascende a douscentos oitenta e cinco mil oitocentos catro con oitenta e sete (285.804,87) euros, mais sesenta mil dezanove con dous (60.019,02) euros en concepto de IVE, o que ascende a un orzamento total de trescentos corenta e cinco mil oitocentos vinte e tres con oitenta e nove (345.823,89) euros.

#### Terceira. Financiamento:

O investimento necesario para a realización das obras mencionadas será financiado pola Deputación de Pontevedra e o Concello de Forcarei segundo se detalla:

|                           | ACHEGA              | %          |
|---------------------------|---------------------|------------|
| Deputación de Pontevedra  | 242.076,72 €        | 70         |
| Concello de Forcarei      | 103.747,17 €        | 30         |
| <b>TOTAL INVESTIMENTO</b> | <b>345.823,89 €</b> | <b>100</b> |

A Deputación de Pontevedra financiará 242.076,72 € (70 %) con cargo á aplicación 22 /456 4530 612.02.  
A achega do Concello de Forcarei será de 103.747,17 € (30%) e financiase con fondos propios.

O importe da achega do Concello financiado con fondos propios deberá selle ingresar á Deputación na data de formalización do convenio. Antes de aprobar o expediente de contratación correspondente por parte da Deputación de Pontevedra deberase acreditar a plena dispoñibilidade de tódalas achegas, tendo en conta o disposto no artigo 116.5 da LCSP.

Os demais gastos derivados desta actuación, tales como redacción do proxecto e os contratos de servizo accesorios para a dirección, control e seguimento da execución de obras, recuamento de servizos ou o seu control arqueolóxico serán financiados pola Deputación de Pontevedra.

#### Cuarta. Incidencias no desenvolvemento da obra:

Calquera incidencia que poida xurdir no desenvolvemento das obras, por causas imprevistas e que obriguen a unha modificación do proxecto e se produza un incremento do custo, será financiada de conformidade cos coeficientes dispostos na cláusula terceira. No caso de producirse unha diminución, sempre que a achega do Concello sexa con cargo a fondos propios, será devolta a cantidade sobrante.

#### Quinta. Obrigas do Concello:

O Concello de Forcarei obrígase a:

- 1) Obter as correspondentes licenzas e tramitar ante outros organismos as autorizacións pertinentes que fosen precisas.
- 2) Obter as cesións dos terreos necesarios ao bordo da estrada para poder acometer as obras segundo as necesidades indicadas no proxecto. A obtención das cesións será condición indispensable antes da aprobación inicial do proxecto construtivo e, polo tanto, en ningún caso se poderá iniciar a licitación da obra sen elas.



- 3) *Levar a cabo a conservación e mantemento de todos os servizos urbanos executados ou modificados polas actuacións obxecto deste convenio (itinerarios peonís, zonas de convivencia, mobiliario urbano, iluminación etc.), logo da comunicación da Deputación de Pontevedra de finalización das obras.*
- 4) *Achegarlle á Deputación de Pontevedra o compromiso do acordo adoptado polo órgano que legalmente teña atribuída a competencia conforme á lexislación propia do réxime local, á que fan referencia os apartados 2 e 3 anteriores, antes da sinatura deste convenio.*
- 5) *Solicitar a transferencia das vías que a continuación se relacionan, de conformidade co establecido na Lei 8/2013, de 28 de xuño, de estradas de Galicia, e no decreto 66/2016, de 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento xeral de estradas de Galicia. Este convenio ten carácter de documento de solicitude formal de iniciación do procedemento:*
  - *Treito antigo de 125 metros lineais situado no p. q. 17+000 (marxe esquerda) da estrada provincial EP-7001 A Estrada-Forcarei.*
  - *Treito antigo de 229 metros lineais situado no p. q. 17+100 (marxe dereita) da estrada provincial EP-7001 A Estrada-Forcarei.*
  - *Treito da estrada provincial EP-7203 Soutelo–Covas, entre os puntos quilométricos 0+000 e 0+380.*
  - *Ramal da estrada provincial EP-7203 Soutelo–Covas, de acceso á Madalena, de 587 metros lineais, situado no p. q. 0+500 marxe esquerda.*
- 6) *Darlle a adecuada publicidade a este convenio, de tal xeito que quede constancia de que a remodelación da infraestrutura se levou a cabo en colaboración coa Deputación de Pontevedra.*

*Sexta. Obrigas da Deputación Provincial de Pontevedra:*

*Correspóndelle á Deputación de Pontevedra:*

- 1) *Redactar o proxecto técnico para a execución das obras obxecto deste convenio.*
- 2) *Dirixir, executar e recibir as obras.*
- 3) *Comunicarlle ao Concello a recepción das obras.*

*A comunicación da Deputación ao Concello de Forcarei da formalización do acto de recepción das obras determina o nacemento das obrigas de conservación e mantemento dos servizos urbanos asumidos polo Concello na cláusula quinta 3) precedente, sen prexuízo das responsabilidades que lle correspondan ao contratista derivadas do contrato de obras e, para esixir isto, a Deputación de Pontevedra poderá adoptar todas as medidas que considere necesarias.*

- 4) *Remitir a información sobre o presente convenio ao Consello de Contas en aplicación do establecido no artigo 53 da LRXSP e da súa normativa de desenvolvemento.*

*Sétima. Compensación de débedas:*

*O Concello de Forcarei faculta expresamente á Deputación para reter e compensar o importe da súa contribución ao financiamento das obras con cargo ás cantidades que lle poidan corresponder por toda clase de débedas vencidas e pendentes de pagamento.*



*Oitava. Comisión de seguimento e control:*

*Para o seguimento e control do cumprimento deste convenio, así como para aclarar as dúbidas que xurdan sobre a súa interpretación, constitúese unha comisión de seguimento da que forman parte a presidenta, a alcaldesa ou persoas en quen deleguen, o secretario da Deputación de Pontevedra ou persoa en quen delegue e un representante técnico de cada Administración.*

*As súas funcións, entre outras, serán as seguintes:*

- Impulsar e avaliar o cumprimento deste convenio, propoñendo as actuacións que se consideren precisas.*
- Propoñer a interpretación, en caso de dúbida, do seu contido.*
- Propoñerlles ás partes a resolución das controversias que poidan xurdir na aplicación do convenio.*

*Esta comisión reunirse dentro do prazo de tres días, contados desde o momento da petición expresa realizada por calquera delas.*

*Novena. Vixencia do convenio:*

*Este convenio entrará en vigor na data da súa sinatura e terá vixencia ata o remate das obras obxecto do convenio, en todo caso ata o 31 de decembro de 2023. Esta poderá prorrogarse coa conformidade expresa das partes intervinientes e de acordo co disposto no artigo 49 da LRXSP.*

*Décima. Extinción:*

*O convenio extinguirase por cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución. Serán causas de resolución o incumprimento das obrigas derivadas deste convenio por calquera das partes de conformidade co disposto no artigo 51 da LRXSP e as demais previstas no dito artigo.*

*Undécima. Normativa aplicable:*

*O presente convenio ten natureza administrativa e réxese polas cláusulas establecidas e pola seguinte lexislación:*

- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.*
- Lei 5/97, de 22 de xullo, da Administración local de Galicia.*
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico de sector público.*
- Bases reguladoras da execución do orzamento da Deputación de Pontevedra para o exercicio 2022.*
- E demais normativa de obrigado cumprimento.*

*As partes quedan sometidas á Xurisdición Contencioso-Administrativa, a falta de entendemento previo pola comisión citada na cláusula oitava, para a resolución de posibles controversias que puideran suscitar o incumprimento ou interpretación do convenio.*

*E en proba de todo o anterior, as partes que interveñen asinan este convenio, por duplicado e para un só efecto, no lugar e na data sinalados no seu encabezamento.*

*Pola Deputación Provincial de Pontevedra*

*María del Carmen Silva Rego*

*Polo Concello de Forcarei*

*Verónica Pichel Guisande*

*O secretario xeral da Deputación Provincial de Pontevedra,*

*Carlos Cuadrado Romay”*





Segundo.- Facultar á presidenta para a formalización do convenio transcrito mediante a súa sinatura.

Terceiro.- O convenio será posto a disposición dos cidadáns no Portal de Transparencia en aplicación do disposto na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno –artigo 8.1.b)–, e na Ordenanza de transparencia e acceso á información pública da Deputación de Pontevedra publicada no BOPPO de 18 de marzo de 2019.

11.31859.- CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PONTEVEDRA E O CONCELLO DE MOS PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO “MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA E MOBILIDADE PEONIL NA E.P.2601 MOS-PUXEIROS, DENDE O PQ 0-020 ATA O PQ 0+600 (CONCELLO DE MOS)” (Expte. 2021060054)

Antecedentes:

1. A Corporación e a Xunta de Goberno provinciais, no marco do exercicio das súas competencias propias en relación coas infraestruturas e vías provinciais, coa planificación do territorio aprobaron varios instrumentos para a promoción dos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable (ODS) e da Axenda 2030, tales como a Ordenanza de Seguridade Viaria, o Decálogo de Criterios de Intervencións nas Estradas Provinciais, o Plan Móvese, a Guía Básica de Espazos Públicos e Mobilidade Amable.

2. A Deputación de Pontevedra é titular da “E.P. 2601 Mos-Puxeiros, dende O PQ 0+020 ata o PQ 0+600” que descorre polo *Concello de Mos* e que ten unha lonxitude de 5.665 metros.

Coa pretensión dunha replanificación profunda e conceptual das actuacións en materia de mobilidade, con especial fincapé nos colectivos máis vulnerables a fin de mellorar as condicións de seguridade e mobilidade para os peóns, a Deputación elaborouse o proxecto de “*Mellora da mobilidade peonil na E.P.2601 Mos-Puxeiros, dende o Pq 0-020 ata O Pq 0+600 (Concello de Mos)*”.

O proxecto desenvólvese na súa integridade no Concello de Mos, dende o P.Q. 0+020 ao P.Q. 0+600 EP 2601 “*Mellora da mobilidade peonil na E.P. 2601 Mos-Puxeiros*”. Conforme se pon de manifesto na memoria do proxecto a actuación levarase a cabo nunha zona moi concorrida polo que necesita dun espazo de seguridade viaria para o tránsito de peóns, xa que o trazado da estrada descorre por un tramo do Camiño de Santiago, na contorna da Igrexa de Santa Eulalia, e que continúa dando acceso ao paseo fluvial do río Louro. Crearase unha senda peonil e tamén se preve a execución dos servizos urbanos necesarios, instalación de mobiliario, o reforzo do firme da calzada e a sinalización adaptada á nova ordenación do ámbito.



3. O orzamento base de licitación das obras proxectadas, con IVE é de 446.545,39 €.

A Deputación financiará 312.581,77 € (70 %) con cargo a aplicación 22 /456 4530 612.02.

A achega do Concello de M0s será de 133.963.62 € (30%), financiarase con cargo a subvención do Plan Concellos 2022-2023, anualidade 2022. O importe do financiamento con cargo a esta subvención está condicionado á aprobación do plan pola Deputación e por contía suficiente correspondente ao *Concello de Mos*.

4. A Alcaldía do *Concello de Mos*, por Resolución de 4 de marzo de 2022, aprobou o convenio obxecto desta proposta.

Os Servizos Técnicos de Infraestruturas e Vías Provinciais en data 9 de marzo de 2022 emitiron informe xustificativo das porcentaxes de financiamento e do grao de prioridade das obras.

Consideracións:

1ª Normativa aplicable:

Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRJSP).

Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime Local (LBRL).

Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALGA).

Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).

Bases de execución do orzamento provincial.

2ª Cooperación entre as administracións públicas:

A cooperación interadministrativa como principio reitor da actuación e das relacións das distintas administrativas recóllese no artigo 103.1 da Constitución. Así o Tribunal Supremo (sentenza 9 de marzo de 2011, rec.3037/2008) ten sinalado que o marco competencial deseñado pola Constitución determina a coexistencia de títulos competenciais con incidencia nun mesmo espazo físico, polo que é imprescindible o desenvolvemento de técnicas de coordinación, colaboración e cooperación administrativa.

No 3.1.k) da LRJSP recóllese o principio de cooperación, colaboración e coordinación entre as Administracións Públicas. No artigo 140.1 sinalase que as diferentes administracións públicas actúan e relaciónanse con outras Administracións e entidades ou organismos vinculados ou dependentes destas de acordo, entre outros principios, co sinalados na letra d):

*“Cooperación, cando dúas ou máis Administracións Públicas, de maneira voluntaria e en exercicio das súas competencias, asumen compromisos específicos en aras dunha acción común”.*

De acordo cos art. 57 da LBRL e 198 e seguintes da LALGA, a cooperación pódese instrumentalizar por medio da subscrición de convenios definidos no art. 47 da LRXSP dando carta de natureza ao Ditame 878, de 30 de novembro de 2010, do Tribunal de Cuentas recomendando concretar o marco legal e tipoloxías dos convenios.

O artigo 111 do TRRL recolle o principio de liberdade de pactos e condicións sempre que non sexan contrarios ao interese público, ao ordenamento xurídico ou aos principios de boa administración.

### 3ª Contido:

En relación ao contido mínimo esixido polo artigo 49 da LRXSP o convenio obxecto deste informe recolle:

- a) Suxeitos que asinan o convenio e a capacidade xurídica con que actúa cada unha das partes.
- b) A competencia na que se fundamenta a actuación da Administración Pública.
- c) Obxecto do convenio e actuacións a realizar por cada suxeito para o seu cumprimento, indicando a titularidade dos resultados obtidos.
- d) Obrigas e compromisos económicos asumidos por cada unha das partes, indicando a súa distribución temporal por anualidades.
- e) Consecuencias aplicables en caso de incumprimento das obrigas e compromisos asumidos.
- f) Mecanismos de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e dos compromisos adquiridos polos asinantes.
- g) O réxime de modificación.
- h) Prazo de vixencia de acordo coas regras establecidas no mesmo artigo 49.
- i) Facultades de compensación e ingreso a favor da Deputación da achega do Concello.

### 4ª Financiamento:

A distribución do financiamento conforme á cláusula terceira é a seguinte:

|                           | Achega             | %          |
|---------------------------|--------------------|------------|
| Deputación de Pontevedra  | 312.581,77 €       | 70         |
| Concello de Mos           | 133.963,62 €       | 30         |
| <b>TOTAL INVESTIMENTO</b> | <b>446.545,39€</b> | <b>100</b> |

A Deputación financiará 312.581,77 € (70 %) con cargo a aplicación 22 /456 4530 612.02.

A achega do *Concello de Mos* financiarase con cargo a subvención do Plan Concellos 2022-2023, anualidade 2022, xerándose crédito na aplicación orzamentaria que corresponda. O importe do financiamento con cargo a esta subvención está condicionado á aprobación do plan pola Deputación e por contía suficiente correspondente ao *Concello de Mos*.



De conformidade co disposto no artigo 116.5 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en diante, LCSP), unha vez aprobado o convenio, e antes de aprobar o expediente de contratación correspondente, acreditarase a plena dispoñibilidade de todas as achegas que financian o investimento.

Os demais gastos derivados da actuación obxecto do convenio serán financiados pola Deputación de Pontevedra.

5ª Supervisión do proxecto. Autorizacións sectoriais:

Conforme ao disposto no artigo 235 da Lei 9/2017 de contratos do sector público a supervisión do proxecto nos supostos nos que o orzamento base de licitación é inferior a 500.000 euros, IVA excluído, ten carácter facultativo. En calquera caso, aínda que tanto a supervisión do proxecto como as autorizacións sectoriais non son esixibles para a aprobación do convenio, emitido informe de supervisión en data 9-03-2022 incorporouse ao expediente. Con data 02/03/2022 a Dirección Xeral do Patrimonio Cultural emite informe favorable en relación o proxecto Con data 21/12/2021 foi enviada solicitude de autorización a Confederación Hidrográfica Miño- Sil, na actualidade en tramitación.

6ª Órgano competente para a aprobación:

Por aplicación do disposto no artigo 47.2.h) da LRBRL, os convenios que teñan por obxecto a transferencia de funcións ou actividades a outras Administracións Públicas, así como a aceptación das delegacións ou encomendas de xestión realizadas por outras Administracións, salvo que por Lei se impongan obrigatoriamente, deben ser aprobados polo Pleno con quórum de maioría absoluta do número legal de membros da Corporación.

Con respecto da transferencias de vías, o artigo 33 2 ñ) da LBRL establece que lle corresponden ao Pleno as atribucións que esixan para a súa aprobación unha maioría especial. De acordo co artigo 47.2 ñ) precísase quórum de maioría absoluta do número legal de membros das corporacións locais para a adopción de acordos de cesión gratuíta de bens das entidades locais.

Polo que atinxe ao cambio de titularidade dos vías, na cláusula quinta. 4 da proposta de convenio recóllese que a aprobación do convenio por parte do Concello ten o carácter de solicitude de cambio de titularidade.

Atendendo ao obxecto do convenio e ao constante criterio con respecto á aprobación de propostas de convenios de colaboración Deputación/Concellos de contido análogo, logo dos informes favorables da Secretaría e da Intervención, ao non se tratar de transferencia de funcións ou de actividades, o órgano competente para a aprobación é a Xunta de Goberno.



O Convenio subscrito será posto a disposición dos cidadáns no Portal de Transparencia en aplicación do disposto na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno –artigo 8.1.b)–, e Ordenanza de transparencia da Deputación publicada no BOPPO 18/03/2019 con indicación das partes asinantes, obxecto, duración e obrigas económicas.

Por todo o exposto, sen prexuízo, e de selo o caso, da aprobación plenaria do cambio de titularidade de vías, logo dos informes da Secretaría Xeral e da Intervención, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar o convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o *Concello de Mos* co seguinte contido:

*“CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE MOS PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO “MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA E MOBILIDADE PEONIL NA EP 2601 MOS-PUXEIROS DENDE O PQ 0+020 ATA O PQ 0+600 (CONCELLO DE MOS)”.*

REUNIDAS

*María del Carmen Silva Rego, presidenta da Deputación de Pontevedra, actuando en virtude da competencia que lle atribúe o artigo 34.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do Réxime local.*

*Nidia María Arévalo Gómez, alcaldesa do Concello de Mos, actuando en virtude das facultades que lle atribúe o artigo 21.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do Réxime local.*

*Da fe da formalización Carlos Cuadrado Romay, secretario xeral da Deputación Provincial de Pontevedra.*

*Ambas partes recoñécense con capacidade para formalizar o presente convenio, con base aos principios de colaboración, cooperación, coordinación e eficacia que deben presidir as actuacións das Administracións Públicas.*

MANIFESTAN

*I.- Que os convenios entre as Administracións Públicas constitúen o instrumento adecuado para desenvolver a súa cooperación en cuestións de interese común, tal como establecen os art. 47 e seguintes da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, 57 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do Réxime local e 198 e seguintes da Lei 5/97, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia.*

*II.- Que a Deputación de Pontevedra, está concienciada sobre a necesidade de aumentar a seguranza viaria en toda a rede de estradas da provincial, facendo especial fincapé nos tramos que transcorren por espazos urbanos ou núcleos rurais dos distintos concellos, dando cumprimento a asistencia que debe prestar segundo disposto no artigo 36 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local. Por ese motivo, o organismo provincial quere levar a cabo intervencións neste senso no seu propio viario e está a facer una replanificación profunda e conceptual das actuacións en materia de mobilidade, con especial fincapé na protección dos colectivos máis vulnerables: peóns, ciclistas e persoas*



con mobilidade reducida. O obxectivo é conformar un contorno viario seguro e tranquilo, fomentando a convivencia de todos os medios de transporte e sistemas de desprazamento, así como repartir de xeito equitativo o espazo público. Quérese garantir que vías provinciais ofrezan unha mobilidade universal nun espazo continuo de seguranza viaria.

III.- Que segundo dispoñen os artigos 26.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e 81 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, os municipios deberán prestar aos seus cidadáns, determinados servizos públicos en función da súa poboación.

IV.- Que o artigo 36 da Lei 7/1985 e os artigos 109 e 110 da Lei 5/1997 encomendan ás deputacións a que dirixan a súa actividade a asegurar a prestación integral e adecuada dos servizos de competencia municipal, a tal efecto, e co fin de posibilitar a consecución real e efectiva dos mesmos, é polo que se instrumenta o presente convenio dirixido ao cumprimento das obrigacións impostas pola normativa vixente.

V.- A Deputación de Pontevedra é titular da estrada provincial EP 2601 Mos- Puxeiros, que transcorre polo Concello de Mos e que ten unha lonxitude de 5.665 m.

VI.- A EP 2601 que conecta Mos con Puxeiros é de dobre sentido de circulación e de sección variable. No treito comprendido entre o PQ 0+020 e o PQ 0+600 atópanse na súa marxe esquerda o acceso o paseo fluvial e o parque infantil e a marxe dereita a Igrexa de Santa Eulalia, o acceso o albergue de peregrinos, o aparcamento e o parque de Pazo de Mos. Debido os diferentes equipamentos públicos que existen no entorno do treito estudado e a maiores que por el discorre o camiño de Santiago portugués, trátase dunha zona moi concorrida a nivel peonil, e que na actualidade se mostra insegura para os mesmos. A maiores, dita estrada presenta unha elevada IMD o que dificulta a mellora da seguranza na zona. Debido ao mal estado do treito existente entre o PQ 0+020 e o PQ 0+600, a Deputación de Pontevedra decide contratar a redacción do proxecto de “Mellora da seguridade viaria e mobilidade peonil na EP 2601 Mos- Puxeiros dende o PQ 0+020 ata o PQ 0+600 (Concello de Mos)” para dotar a zona de prioridade peonil segura.

O proxecto desenvólvese na súa integridade no Concello de Mos, e concretamente entre o PQ 0+020 e o PQ 0+600 da EP 2601, sendo o obxecto principal do proxecto a mellora das condicións de seguridade e mobilidade para os peóns. Para acadar tal fin o proxecto consiste nunha replanificación profunda e conceptual das actuacións en materia de mobilidade, con especial fincapé nos colectivos máis vulnerables.

As actuacións propostas teñen por finalidade facilitar a prioridade peonil polo que se proxecta a execución dunha senda que transcorre dende a intersección do camiño de Santiago, pasando polo entorno da igrexa de Santa Eulalia, o acceso o paseo fluvial e o parque infantil cunha nova ordenación dos espazos e renovación dos pavimentos. En todo o treito proxéctanse unha serie de redutores físicos de velocidade e de pasos de peóns sobreelevados para provocar a redución de velocidade e mellorar a seguridade peonil.

A maiores, o proxecto contempla tamén a execución dunha nova rede de pluviais para a recollida das augas en días de choiva, así como melloras en diversos servizos urbanos como o soterramento das liñas de electricidade e telecomunicacións existentes na actualidade en aéreo e o cambio do alumeadado.



Con fundamento en canto queda exposto, e sendo patente a vontade de colaboración das entidades comparecentes, ámbalas dúas partes acordan a subscripción do presente convenio, consonte ás seguintes:

### CLÁUSULAS

*Primeira.- Obxecto:*

O obxecto do presente convenio é establecer as condicións que rexerán a colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Mos para a execución do proxecto de “Mellora da seguridade viaria e mobilidade peonil na EP 2601 Mos- Puxeiros dende o PQ 0+020 ata o PQ 0+600”.

*Segunda.- Importe do convenio:*

O importe o que se refire a presente actuación ascende a trescentos sesenta e nove mil coirenta e cinco euros con setenta e oito céntimos (369.045,78€), máis setenta e sete mil catrocentos noventa e nove euros con sesenta e un céntimos (77.499,61 €) en concepto de IVE, o que ascende a un orzamento total de catrocentos corenta e seis mil cincocentos corenta e cinco euros con trinta e nove céntimos (446.545,39 €).

*Terceira.- Financiamento:*

Os investimentos necesarios para a realización das mencionadas obras serán financiados pola Deputación de Pontevedra e polo Concello de Mos mediante a achega das cantidades relacionadas de seguido:

| Organismo                 | Achega              | %          |
|---------------------------|---------------------|------------|
| Deputación de Pontevedra  | 312.581,77 €        | 70         |
| Concello de Mos           | 133.963,62 €        | 30         |
| <b>TOTAL INVESTIMENTO</b> | <b>446.545,39 €</b> | <b>100</b> |

A Deputación financiará a súa achega con cargo á aplicación 22/456.4530.612.02 do Orzamento Provincial do ano 2022.

A achega do Concello de Mos é de 133.963,62 € (30% do importe das obras), pola que se xerará crédito na correspondente aplicación orzamentaria, financiarase con cargo a cargo á subvención do Plan Concellos 2022-2023, polo que se xerará crédito na aplicación orzamentaria que corresponda. O importe do financiamento con cargo a esta subvención está condicionado á aprobación do plan pola Deputación e por contía suficiente correspondente ao Concello de Mos.

Estas operacións deberán efectuarse, unha vez aprobado o convenio, e antes de aprobar o expediente de contratación correspondente por parte da Deputación de Pontevedra, debendo acreditarse naquel a plena dispoñibilidade de tódalas achegas, tendo en conta o disposto no artigo 116.5 da LCSP.

Os demais gastos derivados desta actuación, tales como redacción do proxecto, recuamento de servizos e os contratos de servizo accesorios para a dirección control e seguimento da execución de obras, serán financiados pola Deputación de Pontevedra.



*Cuarta.- Incidencias no desenvolvemento da obra:*

*Calquera incidencia que poida xurdir no desenvolvemento das obras, por causas imprevistas e que obriguen a unha modificación do proxecto e se produza un incremento do custo, será financiada de conformidade cos coeficientes dispostos na cláusula terceira. No caso de producirse unha diminución, sempre que a achega do concello sexa con cargo a fondos propios, será devolta a cantidade sobrante.*

*Quinta.- Obrigas do Concello:*

*O Concello de Mos obrígase a:*

- 1) Obter as correspondentes licenzas e tramitar ante outros organismos as autorizacións pertinentes que fosen precisas.*
- 2) Levar a cabo a conservación e mantemento das zonas peonís obxecto de convenio, así coma dos servizos de carácter municipal que se executen (alumeado público, canalizacións, etc.), logo da comunicación da Deputación de Pontevedra de finalización das obras.*
- 3) Antes da sinatura do presente convenio, o Concello deberá achegar á Deputación de Pontevedra o compromiso do acordo adoptado polo órgano que legalmente teña atribuída a competencia conforme á lexislación propia do Réxime Local, á que fai referencia o apartado 2 anterior.*
- 4) Solicitar a transferencia dos viais que a continuación se relacionan, de conformidade co establecido na Lei 8/2013, do 28 de xuño, de Estradas de Galicia e Real Decreto 66/2016, tendo carácter o presente convenio de documento de solicitude formal de iniciación do procedemento:*
  - Treito antigo de 274 m de lonxitude situado no PQ 1+140 MD da EP 2601 Mos – Puxeiros.*
  - Treito antigo de 186 m de lonxitude situado no PQ 1+320 ME da EP 2601 Mos – Puxeiros.*
- 5) Darlle a adecuada publicidade a este convenio, de tal xeito que quede constancia que a remodelación da infraestrutura se levou a cabo en colaboración coa Deputación de Pontevedra.*

*Sexta.- Obrigas da Deputación Provincial de Pontevedra:*

- 1) Correspóndelle a redacción do proxecto técnico para a execución das obras de “Mellora da seguridade viaria e mobilidade peonil na EP 2601 Mos- Puxeiros dende o PQ 0+020 ata o PQ 0+600 (Concello de Mos)”, así como a licitación, dirección, execución e recepción das obras.*
- 2) Dirixir, executar e recibir as obras.*
- 3) Unha vez producido o acto formal de recepción das obras pola Deputación de Pontevedra, esta porao en coñecemento do Concello, entendéndose que tal comunicación determina o momento da obriga asumida polo Concello na cláusula quinta 2) precedente, sen prexuízo das responsabilidades que correspondan ao contratista derivadas do contrato de obras e para esixir o cal, a Deputación de Pontevedra, poderá adoptar todas as medidas que considere necesarias.*
- 4) Correspóndelle a obriga de remitir a información sobre o presente convenio ao Consello de Contas en aplicación do establecido no artigo 53 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público e da súa normativa de desenvolvemento.*

*Sétima.- Compensación de débedas:*

*O Concello de Mos faculta expresamente á Deputación para reter e compensar con cargo ás cantidades que lle poidan corresponder toda clase de débedas vencidas e pendentes de pago.*





*Oitava.- Comisión de seguimento e control:*

*Para o seguimento e control do cumprimento do presente convenio, así como para aclarar as dúbidas que suscite a súa interpretación, constitúese unha Comisión de Seguimento da que forman parte a presidenta, o alcalde ou persoas nas quen deleguen, o secretario xeral da Deputación de Pontevedra ou persoa na que delegue e un representante técnico de cada Administración.*

*As súas funcións, entre outras, serán as seguintes:*

- *Impulsar e avaliar o cumprimento do presente convenio, propondo as actuacións que se consideren precisas.*
- *Propoñer a interpretación, en caso de dúbida, do contido do mesmo.*
- *En caso de que xurdiran controversias na aplicación do convenio, propoñer ás partes a resolución das mesmas.*

*Esta comisión reunirse dentro do prazo de tres días, a contar dende a petición expresa realizada por calquera das partes.*

*Novena.- Vixencia do convenio:*

*O presente convenio entrará en vigor na data da súa firma e terá vixencia ata o remate das obras obxecto do mesmo, en todo caso ata o 31 de decembro de 2023.*

*A vixencia do presente convenio poderá prorrogarse coa conformidade expresa das partes intervinientes.*

*Décima.- Resolución:*

*Serán causas de resolución o incumprimento das obrigas derivadas deste convenio de conformidade co disposto na normativa vixente.*

*Undécima.- Normativa aplicable:*

*O presente convenio ten natureza administrativa, rexéndose polas cláusulas establecidas e:*

- *Lei bases de réxime local, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.*
- *Lei 5/97, de 22 de xullo, da Administración Local de Galicia.*
- *Lei 40/2015 de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público*
- *Bases reguladoras da execución do orzamento da Deputación de Pontevedra para o exercicio 2020.*
- *E demais normativa de obrigado cumprimento.*

*Asemade, as partes quedan sometidas á Xurisdición Contencioso-Administrativa, a falta de entendemento previo pola comisión citada na cláusula novena, na resolución de posibles controversias que puideran suscitar o incumprimento ou interpretación do convenio.*

*E en proba de canto antecede, as partes que interveñen asinan o presente convenio, por duplicado e a un só efecto, no lugar e na data sinalados no seu encabezamento.*

*Pola Deputación Provincial de Pontevedra,  
María del Carmen Silva Rego*

*Polo Concello de Mos  
Nidia María Arévalo Góme,  
O secretario xeral da Deputación Provincial de Pontevedra,  
Carlos Cuadrado Romay”*



Segundo.- Facultar á presidenta para a formalización do convenio transcrito mediante a súa sinatura.

Terceiro.- O convenio será posto a disposición dos cidadáns no Portal de Transparencia en aplicación do disposto na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno –artigo 8.1.b)–, e na Ordenanza de transparencia e acceso á información pública da Deputación de Pontevedra publicada no BOPPO de 18 de marzo de 2019.

12.31860.- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO CONVOCADO PARA A CONTRATACIÓN DA OBRA “MELLORA DA SEGURANZA VIARIA NA E.P. 2502 CERQUIDO – RIBADELOURO, DENDE O PQ. 1+950 ATA O PQ. 2+150 (CONCELLO DE TUI)”.  
(Expte.2021038292)

Resultando.- Que a Deputación de Pontevedra é titular da EP 2502 Cerquido – Ribadelouro, que transcorre polo *Concello de Tui* e que ten unha lonxitude de 2.700 metros.

Resultando.- Que na data 05/07/2021 a Deputación de Pontevedra e o Concello de Tui asinaron convenio de colaboración para a execución da obra “*Mellora da seguranza viaria na E.P. 2502 Cerquido – Ribadelouro, dende o pq. 1+950 ata o pq. 2+150 (Concello de Tui)*”.

Resultando.- Que de acordo co citado convenio correspóndelle a Deputación a redacción do proxecto técnico para a execución das obras e a licitación, dirección e recepción das obras. Tamén lle corresponde á Deputación a tramitación e xestión do expediente de expropiación.

Resultando.- Que segundo se desprende do citado convenio no referente á financiación, os investimentos necesarios para a realización da mencionada obra serán financiados pola Deputación de Pontevedra cunha achega do 70% e o Concello de Tui cunha achega do 30%.

Resultando.- Que na súa consecuencia, recibíuse no Servizo de Contratación informe do Xefe dos Servizos Técnicos do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, coa conformidade do Deputado Delegado, solicitando iniciar a tramitación do expediente para adxudicar o contrato de obras “*Mellora da seguranza viaria na E.P. 2502 Cerquido – Ribadelouro, dende o pq. 1+950 ata o pq. 2+150 (Concello de Tui)*”.

Resultando.- Que sendo necesario definir de forma clara e precisa o obxecto do contrato antes da licitación, redáctase pola enxeñeira adscrita á empresa Galaicontrol S.L. Trinidad López Rodríguez, o proxecto da obra “*Mellora da seguranza viaria na E.P. 2502 Cerquido – Ribadelouro, dende o pq. 1+950 ata o pq. 2+150 (Concello de Tui)*” cun orzamento base de licitación de 468.243,90 €, IVE incluído. A este proxecto asígnouse o seguinte código CSV : VV069V18XCFX5Z9A.



Resultando.- Que pola Intervención emitiuse documento R.C. con número de operación 202100111518, por importe de 469.601,55 € con cargo á aplicación orzamentaria 21/456.4530.612.02.2021 do vixente orzamento provincial, correspondente ó presuposto de execución material e ás expropiacións

Resultando.- Que o Pleno da Corporación Provincial na súa sesión extraordinaria celebrada o día 10 de setembro de 2021 acordou aprobar inicialmente o proxecto de “*Mellora da seguranza viaria na EP- 2502 Cerquido-Ribadelouro dende o p.q. 1+950 ata o p.q. 2+150 (Tui)*”, cun orzamento de licitación de 468.243,90 €, constando ademais no expediente dilixencia de aprobación definitiva.

Resultando.- Que consta no expediente acta de replanteo previo e memoria xustificativa emitida polo xefe do Servizo de Contratación, no que manifesta en relación co procedemento a seguir para esta contratación, que o procedemento de adxudicación debe de ser o procedemento aberto simplificado recollido no artigo 159.1 da LCSP, en relación co 131.2 do mesmo texto legal.

Resultando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 4 de marzo de 2022, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto simplificado da obra “*Mellora da seguranza viaria na E.P. 2502 Cerquido – Ribadelouro, dende o pq. 1+950 ata o pq. 2+150 (Concello de Tui)*”. O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 8 de marzo de 2022. Así mesmo, publicouse na mesma data os pregos de cláusulas económico administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto simplificado.

Resultando.- Que finalizado o prazo de presentación de ofertas, a Mesa de Contratación na súa reunión de data 31/03/2022 procedeu á apertura electrónica dos sobres “A” correspondente á documentación administrativa e documentación avaliable mediante xuízos de valor do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra “*Mellora da seguranza viaria na E.P. 2502 Cerquido – Ribadelouro, dende o pq. 1+950 ata o pq. 2+150 (Concello de Tui)*”.

As empresas admitidas foron as seguintes:

- ARINES OBRAS Y PROYECTOS, S.L.
- CONSTRUCCIONES CASTRO GIGUEIRO, S.L.U.
- ELSAMEX GESTIÓN DE INFRAESTRUCTURAS, S.L.
- CONSTRUCCIONES E.C. CASAS, S.L.
- CONSTRUCCIONES OBRAS E VIAIS, S.A.
- CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.
- EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTALA, S.L.
- MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.
- NAROM, S.L.
- PRACE SERVICIOS Y OBRAS, S.A.



Resultando.- Que a Mesa de Contratación acordou trasladar a documentación técnica descargada dos sobres “A” que presentaron as empresas admitidas ó Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, ao obxecto de que os técnicos avaliaran e ponderaran as propostas ofertadas seguindo os criterios de valoración establecidos nos pregos que rexen este procedemento aberto simplificado.

Resultando.- Que o Xefe dos Servizos Técnicos de Infraestruturas e Vías Provinciais, D. Francisco Alonso Fernández, con data 19 de abril de 2022, emitiu o correspondente informe relativo a valoración da documentación técnica presentada polos licitadores, figurando as empresas admitidas co seguinte resultado:

| LICITADORES  | A MEMORIA E PROGRAMA DE TRABAJO | PLAN DE ACTUACIONES MEDIOAMBIENTALES | PUNTUACION SOBRE "A" |
|--|---------------------------------|--------------------------------------|----------------------|
| ARINES OBRAS Y PROYECTOS, S.L.                           | 18,00                           | 3,00                                 | 21,00                |
| CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.U.                   | 20,00                           | 3,00                                 | 23,00                |
| ELSAMEX GESTIÓN DE INFRAESTRUCTURAS, S.L.                | 16,00                           | 2,00                                 | 18,00                |
| CONSTRUCCIONES E.C. CASAS, S.L.                          | 22,00                           | 2,00                                 | 24,00                |
| CONSTRUCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.                         | 22,00                           | 3,00                                 | 25,00                |
| CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.                               | 20,00                           | 3,00                                 | 23,00                |
| EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTALA, S.L. | 16,00                           | 2,00                                 | 18,00                |
| MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.    | 16,00                           | 3,00                                 | 19,00                |
| NAROM, S.L.  | 20,00                           | 2,00                                 | 22,00                |
| PRACE SERVICIOS Y OBRAS, S.A.                            | 22,00                           | 2,00                                 | 24,00                |

Resultando.- Que a Mesa de Contratación na súa reunión de data 21/04/2022 en base ó informe do Xefe dos Servizos Técnicos de Infraestruturas e Vías e Obras, D. Francisco Alonso Fernández, de data 19/04/2022, acordou prestar conformidade as puntuacións acadadas polas empresas admitidas neste procedemento.



Resultando.- Que na mesma sesión a Mesa de Contratación procedeu á apertura electrónica dos sobres “B” correspondente á documentación avaliable mediante criterios automáticos. Os valores ofertados foron os seguintes:

| LICITADORES  | Sobre B          |                  |                   |                 |                  |
|--|------------------|------------------|-------------------|-----------------|------------------|
|  | Oferta económica | Control calidade | Prazo de garantía | UNE-EN ISO 9001 | UNE-EN ISO 14001 |
| ARINES OBRAS Y PROYECTOS, S.L.                           | 373.434,18 €     | 3%               | 36 MESES          | CADUCAD O       | CADUCAD O        |
| CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.U.                   | 386.978,43 €     | 3%               | 36 MESES          | SI              | SI               |
| ELSAMEX GESTIÓN DE INFRAESTRUCTURAS, S.L.                | 354.000,00 €     | 3%               | 36 MESES          | SI              | SI               |
| CONSTRUCCIONES E.C. CASAS, S.L.                          | 359.502,96 €     | 3%               | 36 MESES          | SI              | SI               |
| CONSTRUCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.                         | 362.792,28 €     | 3%               | 36 MESES          | SI              | SI               |
| CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.                               | 351.028,13 €     | 3%               | 36 MESES          | SI              | SI               |
| EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L. | 380.786,78 €     | 3%               | 36 MESES          | SI              | SI               |
| MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.    | 379.238,66 €     | 3%               | 36 MESES          | SI              | SI               |
| NAROM, S.L.  | 362.211,82 €     | 3%               | 36 MESES          | SI              | SI               |
| PRACE SERVICIOS Y OBRAS, S.A.                            | 383.108,55 €     | 3%               | 36 MESES          | SI              | SI               |

Resultando.- Que a continuación procedeuse á valoración das ofertas económicas detectando que as ofertas presentadas polas empresas, ELSAMEX GESTIÓN DE INFRAESTRUCTURAS, S.L., e CONSTRUCCIONES FECHI, S.L., de conformidade co establecido no prego de cláusulas económico-administrativas que rexe este procedemento, conteñen valores anormais ou desproporcionados no referente ó prezo ofertado.

Resultando.- Que en virtude do anteriormente dito a Mesa de Contratación facultou ó Secretario da mesa para que procedera a requirir ás citadas empresas para que xustificaran as súas ofertas e precisaran as condicións das mesmas, en particular no que se refire ó aforro económico, solucións técnicas adoptadas e condicións excepcionalmente favorables, de que dispoñan para executar este contrato.



Resultando.- Que rematado o prazo do requirimento, non consta que as empresas ELSAMEX GESTIÓN DE INFRAESTRUCTURAS, S.L., e CONSTRUCCIONES FECHI, S.L. presentaran xustificación algunha das súas ofertas polo que NON deben ser tidas en consideración no proceso de adxudicación da obra.

Resultando.- Que de conformidade co establecido no PCAP para o cálculo das ofertas económicas presentada polas empresas admitidas neste procedemento, a Mesa de Contratación na súa reunión de data 02/06/2022, procedeu á efectuar a valoración das ofertas obtendo o seguinte resultado:

| Licitadores  | Valoración económica | Prazo de garantía | Control calidade | Certificados 9001/14001 | Puntuación sobre "B" |
|--|----------------------|-------------------|------------------|-------------------------|----------------------|
| ARINES OBRAS Y PROYECTOS, S.L.                           | 13,167               | 5,00              | 5,00             | 0,00                    | 23,17                |
| CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.U.                   | 0,000                | 5,00              | 5,00             | 5,00                    | 15,00                |
| CONSTRUCCIONES E.C. CASAS, S.L.                          | 24,048               | 5,00              | 5,00             | 5,00                    | 39,05                |
| CONSTRUCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.                         | 21,479               | 5,00              | 5,00             | 5,00                    | 36,48                |
| EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L. | 6,026                | 5,00              | 5,00             | 5,00                    | 21,03                |
| MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.    | 7,532                | 5,00              | 5,00             | 5,00                    | 22,53                |
| NAROM, S.L.  | 21,932               | 5,00              | 5,00             | 5,00                    | 36,93                |
| PRACE SERVICIOS Y OBRAS, S.A.                            | 3,766                | 5,00              | 5,00             | 5,00                    | 18,77                |

Resultando.- Que en virtude das puntuacións obtidas a Mesa de Contratación na mesma reunión acordou aprobar a clasificación das ofertas admitidas no procedemento aberto simplificado convocado para a execución do proxecto “*Mellora da seguranza viaria na E.P. 2502 Cerquido – Ribadelouro, dende o pq. 1+950 ata o pq. 2+150 (Concello de Tui)*” que queda da seguinte forma:

| Posición | Licitadores  | Puntuación sobre "A" | Puntuación sobre "B" | Puntuación total |
|----------|--|----------------------|----------------------|------------------|
| 1        | CONSTRUCCIONES E.C. CASAS, S.L.                          | 24,00                | 39,05                | 63,05            |
| 2        | CONSTRUCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.                         | 25,00                | 36,48                | 61,48            |
| 3        | NAROM, S.L.  | 22,00                | 36,93                | 58,93            |
| 4        | ARINES OBRAS Y PROYECTOS, S.L.                           | 21,00                | 23,17                | 44,17            |
| 5        | PRACE SERVICIOS Y OBRAS, S.A.                            | 24,00                | 18,77                | 42,77            |
| 6        | MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.    | 19,00                | 22,53                | 41,53            |
| 7        | EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L. | 18,00                | 21,03                | 39,03            |
| 8        | CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.U.                   | 23,00                | 15,00                | 38,00            |



Resultando.- Que de conformidade coa puntuación obtida, a Mesa de Contratación acordou propor ó Órgano de Contratación, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecida no artigo 150.2 da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a adxudicación do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra “*Mellora da seguranza viaria na E.P. 2502 Cerquido – Ribadelouro, dende o pq. 1+950 ata o pq. 2+150 (Concello de Tui)*”, á empresa CONSTRUCCIONES E.C. CASAS, S.L.

Resultando.- Que a Mesa de Contratación comprobou que a CONSTRUCCIONES E.C. CASAS figura inscrita no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público e no Rexistro Oficial de Contratistas da Xunta de Galicia. Segundo se desprende dos datos recollidos nos citados rexistros a empresa cumpre os requisitos da clasificación, capacidade e solvencia económica recollidos no PCAP, non estando incurso en prohibición de contratar.

Resultando.- Que requirida para que aportara a documentación xustificativa, esta aportou a mesma, constituíndo na Tesourería da Deputación de Pontevedra, garantía definitiva por importe de 17.975,15 €, segundo queda acreditado en carta de pago de pago con número de operación 202200118739 de 07/06/2022.

Considerando.- Que o artigo 149.6 da LCSP establece en relación ás ofertas anormalmente baixas o seguinte: “*...Se o órgano de contratación (...) estimase que a información recabada non explica satisfactoriamente o baixo nivel dos prezo ou custos propostos polo licitador e polo tanto, a oferta non pode ser cumprida coma consecuencia da inclusión de valores anormais, a excluirá da clasificación e acordará a adxudicación a favor da mellor oferta, de acordo coa orde na que foran clasificadas...*”

Considerando.- Que o artigo 151 do mesmo texto legal, establece que a resolución de adxudicación deberá ser motivada, debendo ser publicada no perfil de contratante no prazo de 15 días.

Considerando.- Que a disposición adicional segunda da LCSP no seu apartado 1, faculta á Ilma. Sra. Presidenta para actuar como órgano de contratación, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16<sup>a</sup>. 2 a) onde figura que lle compete á Xunta de Goberno autorizar e comprometer os gastos precisos para contratación que sendo competencia da Presidencia, superen para o contrato de obras o importe de douscentos mil euros.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Excluir deste procedemento as ofertas presentadas polas empresas ELSAMEX GESTIÓN DE INFRAESTRUCTURAS, S.L., e CONSTRUCCIONES FECHI, S.L., pois ofertan valores anormais ou desproporcionados sen explicar satisfactoriamente o baixo nivel dos prezos, e polo tanto se presume que non poden cumprir o contrato.



2. Adxudicar á empresa CONSTRUCCIONES E.C. CASAS, S.L. o procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra “*Mellora da seguraza viaria na E.P. 2502 Cerquido – Ribadelouro, dende o pq. 1+950 ata o pq. 2+150 (Concello de Tui)*”, por un importe de 434.998,28, € IVE incluído, de acordo co seguinte detalle:

|                        |              |
|------------------------|--------------|
| Importe ofertado ..... | 359.502,96 € |
| IVE (21%) .....        | 75.495,62 €  |
| Importe Total.....     | 434.998,58 € |

O prazo de garantía ofertado é de 36 meses e a porcentaxe do plan de ensaios de control de calidade o 3% do PEM.

3. Nomear director de obra ó enxeñeiro do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, D. Francisco Alonso Fernández.

O prazo de execución será de SEIS (6) MESES, a contar dende a data de formalización da acta de comprobación de replanteo.

O contrato deberá formalizarse no prazo máximo de 15 días hábiles seguintes á notificación desta resolución.

Ás obrigas derivadas deste contrato financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria 22/456.4530.612.02.2021 do vixente orzamento provincial.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse polo adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACE, ao que pode accederse dende a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, a efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.gal>).

Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e nº de expediente que se relacionan a continuación:

Administración: L02000036 Deputación Provincial de Pontevedra CIF: P3600000H.; Órgano xestor: LA0006123; Unidade Tramitadora: LA0006135; Oficina Contable: LA0006135; número de Expte. 2021038292.





13.31861.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A ADXUDICACIÓN, MEDIANTE PROCEDIMIENTO ABERTO, DA SUBMINISTRACIÓN DE VESTIARIO PARA O PERSOAL CONDUTOR E SUBALTERNO DO CENTRO PRÍNCIPE FELIPE DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA. (Expte. 2021044973)

De conformidade co artigo 59 do V Acordo Regulador do Persoal Funcionario e o artigo 73 do Convenio Colectivo do Persoal Laboral da Deputación de Pontevedra, de forma anual, precísase dotar de uniformidade e roupa de traballo ao persoal tanto funcionario como laboral desta Administración.

Actualmente a Deputación de Pontevedra dispón dun contrato para a subministración de vestiario no que estaba incluído un lote para a uniformidade e calzado do persoal condutor e subalterno dependentes da Secretaría Xeral. No obstante, por parte do responsable do contrato propónse a non tramitación da prórroga do mesmo. No caso do Centro Príncipe Felipe dispoñíase dun contrato exclusivo para o mesmo pero que xa está finalizado.

Polo tanto, para dar cumprimento ao previsto no Convenio que é de aplicación ao Persoal Laboral e ao Acordo Regulador aplicado ao Persoal Funcionario é preciso levar a cabo a contratación desta subministración.

En base ao exposto, con data 5 de maio de 2022, o Deputado Delegado de Réxime Interior, Economía, Facenda e ORAL, dita providencia para iniciar expediente de contratación, por estimar xustificada a súa necesidade para atender as demandas do Centro Príncipe Felipe e do persoal condutor e subalterno da Deputación de Pontevedra (CSV: A4G3X5SN631YR60T).

Tendo en conta que, con data 8 de xuño de 2022, o xefe do servizo de Contratación emite memoria xustificativa para a pretendida contratación, na que informa que o réxime xurídico aplicable é o propio dun contrato administrativo de subministracións, o procedemento a aplicar é o procedemento aberto, sendo este o procedemento ordinario, segundo o artigo 131.2 LCSP.

Visto que o servizo de Contratación elabora o borrador de prego de cláusulas económico-administrativas particulares, e, con data 11 de maio de 2022, solicita o preceptivo informe á Secretaría.

Tendo en conta o informe favorable da Secretaría Xeral, de data 25 de maio de 2022, e as observacións contidas no mesmo.

Vistas as aclaracións e emendas realizadas, a petición da Secretaria, na documentación preparatoria do expediente, polos servizo de Contratación, reflectida no seu informe data 1 de xuño de 2022.



Visto que con data 1 de xuño de 2022, o servizo de Contratación solicita o preceptivo informe de fiscalización á Intervención, nos termos previstos na Lei 47/2003, de 26 de novembro, Xeral Orzamentaria.

Tendo en conta o informe favorable da Intervención, de data 7 de xuño de 2022, coas seguintes observacións e recomendacións:

*“Na cláusula 9.1 do apartado I. “Cláusulas particulares” do prego de cláusulas económico-administrativas particulares recóllense criterios avaliabile mediante un xuízo de valor para ambos lotes. A este respecto sinalar que, con carácter xeral deben, sempre e cando sexa posible, primar os criterios obxectivos e dar preponderancia a aqueles que fagan referencia a características do obxecto do contrato que se poidan valorar mediante cifras ou porcentaxes obtidos mediante a mera aplicación das fórmulas establecidas nos pregos, de acordo co recollido no artigo 146.2 da LCSP.*

*Ademais, no informe técnico de valoración das ofertas, deben recollese de forma clara as razóns nas que se fundamentan as puntuacións acadadas por cada licitador, sen que se poidan incluír aspectos que non figuren recollidos previamente no prego de cláusulas económico-administrativas particulares dentro de cada criterio.”*

Visto que con data 17/03/2022, a Intervención emite documento de retención de crédito número 202200057634 polo importe de 20.060,00 €, con cargo á aplicación orzamentaria 920.9200.221.04 do vixente orzamento provincial para o Lote 1, e con data 18/03/2022 emite documento de retención de crédito número 202200058973 polo importe de 23.405,03 €, con cargo á aplicación orzamentaria 232.2312.221.04 do vixente orzamento provincial para o Lote 2.

Tendo en conta o artigo 16 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, segundo o cal cualifícanse como contratos de subministro os que teñen por obxecto a adquisición, o arredamento financeiro, ou o arrendamento, con o sen opción de compra, de produtos ou ben mobles, e que, en todo caso terán a consideración de contratos de subministro aqueles nos que o empresario se obrigue a entregar unha pluralidade de bens de forma sucesiva e por prezo unitario sen que a contía total se defina con exactitude ao tempo de celebrar o contrato, por estar subordinadas as entregas ás necesidades do adquirente.

Tendo en conta os artigos 116 e 117 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que establecen que a celebración de contratos por parte das Administracións Públicas requirirá a previa tramitación do correspondente expediente, que se iniciará polo órgano de contratación motivando a necesidade e que deberá ser publicado no perfil do contratante. Completado o expediente de contratación, ditarase resolución motivada polo órgano de contratación aprobando o mesmo e dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación. Dita resolución implicará tamén a aprobación do gasto.

Tendo en conta o artigo 122.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que establece que os pregos de cláusulas administrativas particulares deberán aprobarse previamente á autorización do gasto ou conxuntamente coa mesma, e sempre antes da licitación do contrato, ou, de non existir esta, antes da súa adxudicación.



Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á presidenta para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16<sup>a</sup>.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de subministración cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 €, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Aprobar o expediente para a contratación, mediante procedemento aberto, da “*Subministración de vestiario para o persoal conductor e subalterno e para o Centro Príncipe Felipe da Deputación de Pontevedra*”.

O prazo de duración será desde a data que se sinale do documento de formalización ata o 31 de decembro de 2022.

Establecese a posibilidade de dúas prórrogas anuais.

O orzamento base de licitación (límite máximo de gasto, incluído o IVE) ascende á cantidade máxima de 43.465,03 €, conforme ao seguinte detalle:

- Lote 1: Persoal subalterno e condutor: 20.060,00 €
- Lote 2: Centro Príncipe Felipe: 23.405,03 €

O valor estimado é de 140.093,88 €.

Os prezos unitarios de licitación, para cada lote, son os seguintes:

Lote 1: Persoal subalterno e condutor:

| PRENDAS              | Nº UND.<br>ESTIMADAS | PREZO UNITARIO,<br>SEN IVE |
|----------------------|----------------------|----------------------------|
| TRAXE HOME           | 33                   | 155,37 €                   |
| TRAXE MULLER         | 9                    | 155,37 €                   |
| PANTALÓN HOME        | 5                    | 39,67 €                    |
| PANTALÓN MULLER      | 9                    | 39,67 €                    |
| CHALECO MULLER       | 9                    | 56,20 €                    |
| CAMISA HOME          | 76                   | 28,93 €                    |
| CAMISA MULLER        | 36                   | 28,93 €                    |
| GARAVATA             | 76                   | 9,92 €                     |
| PARES ZAPATOS HOME   | 38                   | 61,98 €                    |
| PARES ZAPATOS MULLER | 18                   | 61,98 €                    |
| PRENDAS ABRIGO HOME  | 14                   | 109,09 €                   |



Lote 2: Centro Príncipe Felipe:

| Tipo de vestuario e características   | Nº unds estimadas | Prezo unitario, sen IVE |
|---|-------------------|-------------------------|
| Zapatos de inverno de cor negra e pel hidrófuga. Con forro interior en pel transpirable e antiabrasión. Interior media plantilla acolchada na zona do talón. A soa deberá ser de poliuretano e monodensidade.   | 5                 | 45,00 €                 |
| Zapato de verán (tipo tenis), con cordóns en cor negra e material exterior de pel. Interior con plantilla.  | 5                 | 45,00 €                 |
| Pantalóns home ou muller tipo chino cor azul mariño. Fabricado en algodón con elastán (97% algodón e 3% elastán, aproximadamente). Con adaptación ao movemento. Gramaxe de 250 gr/m <sup>2</sup> aproximadamente. Con petos dianteiros (tipo francés), dous petos traseiros.  | 5                 | 35,00 €                 |
| Pantalóns home ou muller de tecido vaqueiro cor azul mariño. Fabricado con elastán e indicado para a tempada de verán. Con adaptación ao movemento. Con dous petos dianteiros (tipo francés), dous petos traseiros.   | 5                 | 35,00 €                 |
| Camisa tipo Oxford “regular fit” de home ou muller manga curta, en cor azul celeste. Composición aproximada 70% algodón 30% Poliéster. Gramaxe 135 gr/m <sup>2</sup> aproximadamente.   | 5                 | 20,00 €                 |
| Camisa tipo Oxford “regular fit” de home ou muller manga larga, en cor azul celeste. Composición aproximada 70% algodón 30% Poliéster. Gramaxe 135 gr/m <sup>2</sup> aproximadamente.   | 5                 | 20,00 €                 |
| Cazadora home ou muller confeccionada en tecido <i>soft shell</i> laminado de symplatex (ou similar), altamente impermeable, cortaventos, transpirable e lavable. Peche frontal con cremalleira. Petos frontais. Bocamangas con tecido axustable ao puño en cor azul mariño. A cazadora debe cumprir a normativa EN 471 | 5                 | 80,00 €                 |
| Chaleco de forro polar home ou muller alta calidade, con tecido <i>antipeelling</i> . Con solapa no pescozo e petos laterais. Puños con elástico interior. Aberto e con cremalleira cor azul mariño. 100% políester de 300 gr/m <sup>2</sup> aproximadamente.   | 5                 | 25,00 €                 |
| Traxes sanitarios de home e de muller compostos de casaca e pantalón. A casaca aberta, con botóns e de manga curta. Cunha composición de 60% poliéster e 35% algodón. O pantalón con cintura de goma e petos, cunha composición do 65% poliéster e 35% algodón, aproximadamente. O traxe sanitario de cor branco.       | 65                | 25,00 €                 |
| Chaqueta de punto color azul mariño, con pescozo de pico e peche con botóns. Composición 100% acrílica. (Galga 10 aproximadamente).   | 8                 | 25,00 €                 |



|   |    |         |
|---|----|---------|
| Forro polar unisex alta calidade, con tecido <i>antipeelling</i> . Con solapa no pescozo e petos laterais. Puños con elástico interior. Aberto e con cremalleira cor azul mariño. 100% poliéster de 300 gr/m <sup>2</sup> aproximadamente.                                    | 45 | 20,00 € |
| Zocas brancas antideslizante de pel. Con absorción de enerxía no talón, impermeable e de alta transpiración, resistente a desgarrs e produtos químicos. Lavable, de 95 gramos en cada pe, aprox. Abertas por detrás con tira. As zocas deben cumprir coa norma EN 347 O2 SRC. | 23 | 25,00 € |
| Zocas brancas antideslizante de pel. Con absorción de enerxía no talón, impermeable e de alta transpiración, resistente a desgarrs e produtos químicos. Lavable, de 95 gramos en cada pe, aprox. Pechadas completamente.  | 78 | 25,00 € |
| Polo de home ou muller, cunha composición de 100% algodón e de cor branco.  | 8  | 15,00 € |
| Pantalón con cintura de goma e petos, cunha composición de 60% poliéster e 35% algodón, aproximadamente. De cor branco.   | 8  | 15,00 € |
| Zocas negras antideslizante de pel (95 gramos en cada pe, aprox) (unidades en pares), de absorción de enerxía no talón, impermeable, de alta transpiración, resistente a desgarrs e produtos químicos. Lavable. Con confort térmico. Pechadas completamente.                  | 3  | 25,00 € |
| Chaquetas cociñeiro con pescozo <i>tirilla</i> , cor branca e de manga curta. Con peto no peito e dobre abotonadura con corchete. Composición aproximada de 60% poliéster e 40% algodón de 160 gr/m <sup>2</sup>  | 15 | 15,00 € |
| Chaquetas cociñeiro con pescozo <i>tirilla</i> , cor branca e de manga larga. Con peto no peito e dobre abotonadura con corchete. Composición aproximada de 60% poliéster e 40% algodón de 160  | 15 | 15,00 € |
| Pantalóns cociñeiro de cadros (branco e negro ou gris e branco), con pinzas e goma elástica no interior da cintura (na zona traseira. Petos tipo francés. Composición aproximada de 60% poliéster e 40% algodón de 190  | 30 | 12,00 € |
| Gorros cociña formato “champiñón” con velcros en cor branco. Composición aproximada de 65% poliéster e 35% algodón.   | 30 | 6,00 €  |
| Mandís con peto de plástico cor branco. Composición de PVC  | 60 | 5,00 €  |
| Mandís con peto de tela en cor branco. Composición de 60% poliester e 35% algodón aproximadamente   | 60 | 5,00 €  |
| Polo de home ou muller de manga curta en cor marrón. Pescozo acanalado e <i>trabilla</i> con botóns. Baixo recto con aberturas laterais. Composición de 100% algodón peinado de 200 gr/m <sup>2</sup> aproximadamente   | 3  | 9,00 €  |



|   |    |         |
|---|----|---------|
| Polo de home ou muller de manga larga en cor marrón. Pescozo acanalado e <i>trabilla</i> con botóns. Baixo recto con aberturas laterais. Composición de 100% algodón peinado de 200 gr/m <sup>2</sup> aproximadamente   | 3  | 10,00 € |
| Sudaderas de pescozo redondo en cor marrón. Tecido en felpa ou similar. Composición aproximada de 50% poliéster e 50% algodón de 290 gr/m <sup>2</sup>  | 6  | 12,00 € |
| Pantalóns de traballo con petos laterais en cor marrón/camel escuro. Composición aproximada de 65% poliéster e 35% algodón.   | 6  | 20,00 € |
| Zapato ou bota de caña baixa de seguridade con pel hidrófuga, forro transpirable, antibacteriano, absorbente e deabsorbente, antiabrasión. Plantilla AIR de EVA e tecido, anatómica, perforada, antiesatica. Plantilla antiperforación ( tipo monza ou equivalente)   | 3  | 60,00 € |
| Chaqueta de traballo (cor azul mariño ou gris, a elixir). Confeccionada en algodón elástico que permita movemento. Composición aproximada de 97% algodón e 3% Spandex. Sinálase a efectos orientativos que as características serán similares as da marca ISSA Line Strech ou similar. debe cumprir con protección de alta visibilidade EN 471  | 26 | 49,00 € |
| Pantalón de traballo multibolsillos. Con composición de 97% algodón e 3% spandex. En cor azul mariño ou gris, a elixir. Sinálase a efectos orientativos que as características serán similares as da marca ISSA Line Strech ou similar. debe cumprir con protección de alta visibilidade EN 471   | 26 | 30,00 € |
| *Zapatos de traballo de seguridade cor negra tipo tenis (Tipo cofra petris SIP ou similar). Os zapatos poden cumprir coa norma EN 345 S3 ou EN 345 S4.<br>*Zapatos de traballo de seguridade cor negra tipo tenis para electricista que deben cumprir coa normativa EN 345 S2 e EN 50321.   | 13 | 45,00 € |
| Botas de seguridade cor negra que deben cumprir a seguinte normativa:<br>* Botas de auga para fontanería, carpintería, albanelaría e soldadura: Norma EN 345 S5.<br>* Bota de auga para xardinería: Norma EN 345 S4.<br>* Bota de auga para electricista: Norma EN 345 S4 e EN 50321.   | 13 | 70,00 € |
| Cazadora impermeable. Bicolor de alta visibilidade (azul mariño e amarelo con bandas reflectantes). Composición de 100% poliéster. Características similares: revestimento non transpirable, mangas extraíbles. Forro polar desmontable. Caperuza sen forro e con cordón de axuste. Puños e cinturilla acanalados. Petos de fuelle dianteiros e 2 petos máis cálidos. debe cumprir con protección de alta visibilidade EN 471 | 13 | 50,00 € |



|   |    |         |
|---|----|---------|
| Polos de manga corta ou manga larga, a elixir, e de home ou muller, cor azul mariño. Composición de 100% algodón e 220 gr/m <sup>2</sup> . Debe cumprir con protección de alta visibilidade EN 471  | 39 | 20,00 € |
| Botas de seguridade cor negra- De pel hidrofugada, antideslizante. Plantilla antibacteriana e punteira de seguridade.   | 1  | 35,00 € |
| Pantalóns con pinzas (para verán e inverno) e de tecido bielástico, de home ou muller e en cor azul mariño. De gran transpiración. Con petos laterais e traseiros ambos con tapas, e reforzos nos xeonllos e na parte traseira.   | 24 | 45,00 € |
| Zapatos de verán en cor negro. En pel hidrófuga, interior transpirable e antiabrasión. Piso de goma, cosido e de descanso 24 horas. Sen cordóns.  | 12 | 45,00 € |
| Botas negras de pel (tipo patrulla). Repelentes a auga  | 12 | 60,00 € |
| Camisa branca popelín, de home ou muller, con 1 peto no lado esquerdo sen solapa, sen botóns no pescozo e sen ombreiras (manga curta ou manga larga a elixir)   | 24 | 25,00 € |
| Camisa azul celeste popelín, de home ou muller, con 1 peto no lado esquerdo, botóns no pescozo, sen solapa e sen ombreiras (manga curta)  | 24 | 25,00 € |
| Anorak largo de cor azul mariño, con aberturas laterais, realizado en material tipo sándwich en sarga de poliéster como tecido exterior de goretex, con membrana impermeable e transpirable no medio, e unha fibra polar no seu interior a cal debe ser desmontable, costuras termoselladas. O anorak debe cumprir a normativa EN 471 | 12 | 80,00 € |
| Forro polar bicolor azul mariño con tecido poartec, con canesú en tecido impermeable, sen ombreiras, con reforzos cosidos nos cóbados, os puños con elástico. Composición aproximada de 100% poliéster e de 300 gr/m <sup>2</sup>   | 12 | 45,00 € |
| Pantalóns uniforme de home ou muller con petos laterais, cor negro. Composición aproximada de 50% poliéster, 45% Lana e 5% lycra.   | 2  | 35,00 € |
| Zapatos de home ou muller de descanso, en pel . Plantilla acolchada de poliuretano con tratamento antibacterias e carbón activado. Sola antideslizante.   | 2  | 40,00 € |
| Camisa de home ou muller entallada manga larga (branca ou azul celeste, a elixir). Composición aproximada de 65% poliéster e 35% algodón.   | 1  | 15,00 € |
| Camisa de home ou muller entallada manga curta (branca ou azul celeste, a elixir). Composición aproximada de 65% poliéster e 35% algodón.   | 1  | 15,00 € |

2.- Aprobar os pregos de cláusulas económico-administrativas particulares (CSV: 370QAF0FKNNA1KCU) e de prescricións técnicas (Lote 1 CSV: XUHY8YYK7L8IZJMS; Lote 2 CSV: QSTGYNQ6ZFR9TYWN) que rexerán dita contratación.



3.- Autorizar o gasto polo importe máximo de 20.060,00 €, con cargo á aplicación orzamentaria 920.9200.221.04 do vixente orzamento provincial para o Lote 1, e a cantidade de 23.405,03 €, con cargo á aplicación orzamentaria 232.2312.221.04 do vixente orzamento provincial para o Lote 2.

4.- Nomear responsables do contrato a:

- Lote 1: Carlos Cuadrado Romay, Secretaría Xeral
- Lote 2: Ana María Soto Prieto, Xefa de Xestión do Centro Príncipe Felipe

5.- Dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación, concedendo un prazo para a presentación de proposicións que rematará ás 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 15 días naturais, contados desde o día seguinte ao da publicación do anuncio de licitación do contrato no perfil do contratante.

14.31862.- APROBACIÓN DE REAXUSTE NO FINANCIAMENTO DO CONTRATO ADXUDICADO PARA PRESTACIÓN DO “SERVIZO DE DESINSECTACIÓN, DESRATIZACIÓN E DESINFECCIÓN E CONTROL DA LEXIONELOSIS (DDD)” (Expte. 2021047872)

Por acordo da Xunta de Goberno Provincial de data 27 de maio de 2022 adxudicáronse os Lotes 1 e 2 do contrato para a prestación do “*Servizo integral de DDD (Desinsectación, Desratización e Desinfección) e control da lexiellosis nos centros e servizos da Deputación de Pontevedra*” á empresa *Tragal, S.L. (B36028231)*, polos prezos e valores ofertados, de acordo co seguinte detalle:

Lote 1. Servizo Integral DDD (Desinsectación, Desratización e Desinfección)

Prezo ofertado para 1 ano de contrato:

|                         |            |
|-------------------------|------------|
| Importe sen o IVE:      | 7.800,00 € |
| IVE (21%):              | 1.638,00 € |
| Importe total ofertado: | 9.438,00 € |

Lote 2. Control e tratamento da Lexionellosis

Prezo ofertado para 1 ano de contrato:

|                         |            |
|-------------------------|------------|
| Importe sen o IVE:      | 3.800,00 € |
| IVE (21%):              | 798,00 €   |
| Importe total ofertado: | 4.598,00 € |

Considerando que con data 2 de xuño de 2022 formalizáronse os anteditos contratos, cómpre adaptar o financiamento dos mesmos co fin de reaxustalo á duración do contrato segundo a distribución orzamentaria correspondente ás anualidades 2022 e 2023.





Considerando o anteriormente exposto, que a disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, no seu apartado 1, faculta á Ilma Presidenta para actuar coma órgano de contratación respecto a este contrato, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Reaxustar o financiamento do importe dos Lotes 1 e 2 do contrato para a prestación do “*Servizo integral de DDD (Desinsectación, Desratización e Desinfección) e control da lexiellosis nos centros e servizos da Deputación de Pontevedra*” co fin de reaxustalo á vixencia do contrato (anualidades 2022 e 2023) conforme ao seguinte detalle:

Lote 1. Servizo Integral DDD (Desinsectación, Desratización e Desinfección)

| CENTROS LOTE 1  | APLICACIÓN ORZAMENTARIA | IMPORTE TOTAL (IVE ENGADIDO) |  | IMPORTE FACTURA TRIMESTRAL | IMPORTE CORRESPONDENTE AO ANO 2022 | IMPORTE CORRESPONDENTE AO ANO 2023 |
|---|-------------------------|------------------------------|--|----------------------------|------------------------------------|------------------------------------|
| COHESION SOCIAL<br>(Instalaciones Tiempo Libre. La Lanzada)               | 231.3370.227.06         | 726,00 €                     |  | 181,50 €                   | 423,50 €                           | 302,50 €                           |
| CENTRO PRINCIPE FELIPE<br>(Ciudad Infantil)                               | 232.2312.227.06         | 3.630,00 €                   |  | 907,50 €                   | 2.117,50 €                         | 1.512,50 €                         |
| PATRIMONIO DOCUMENTAL E BIBLIOGRAFICO                                     | 332.3322.227.10         | 580,80 €                     |  | 145,20 €                   | 338,80 €                           | 242,00 €                           |
| MUSEO PROVINCIAL  | 333.3330.227.10         | 968,00 €                     |  | 242,00 €                   | 564,67 €                           | 403,33 €                           |
| MEDIO AMBIENTE<br>(Finca Mouriscade)                                      | 410.4120.227.10         | 242,00 €                     |  | 60,50 €                    | 141,17 €                           | 100,83 €                           |
| ESCOLA DE CANTERÍA  | 324.3243.227.10         | 242,00 €                     |  | 60,50 €                    | 141,17 €                           | 100,83 €                           |
| MEDIO AMBIENTE<br>(Edificio Aperos Soutomaio)                             | 410.4190.227.06         | 242,00 €                     |  | 60,50 €                    | 141,17 €                           | 100,83 €                           |
| EF AREIRO   | 413.4123.227.10         | 242,00 €                     |  | 60,50 €                    | 141,17 €                           | 100,83 €                           |
| TURISMO RIAS BAIXAS<br>(Castillo Soutomaio)                               | 433.3360.227.10         | 145,20 €                     |  | 36,30 €                    | 84,70 €                            | 60,50 €                            |
| TURISMO RIAS BAIXAS<br>(Palacete y Oficinas)                              | 433.4320.227.10         | 145,20 €                     |  | 36,30 €                    | 84,70 €                            | 60,50 €                            |
| INFRAESTRUCTURAS E VIAS PROVINCIAIS<br>(Parque Central, Gondomar y Lalín) | 456.4530.227.10         | 484,00 €                     |  | 121,00 €                   | 282,33 €                           | 201,67 €                           |
| SERVICIOS CENTRALES<br>(Pazo, Edif. Admtivo y Sede Vigo)                  | 920.9200.227.10         | 242,00 €                     |  | 60,50 €                    | 141,17 €                           | 100,83 €                           |
| COMUNICACIÓN INSTITUCIONAL<br>(Imprenta Provincial)                       | 924.9240.227.10         | 145,20 €                     |  | 36,30 €                    | 84,70 €                            | 60,50 €                            |
| ORAL  |                         | 145,20 €                     |  | 36,30 €                    | 84,70 €                            | 60,50 €                            |
| ORAL (Oficinas Perifericas)   | 932.9320.227.10         | 484,00 €                     |  | 121,00 €                   | 282,33 €                           | 201,67 €                           |
| COOPERACION (Viveros)   | 942.4330.227.10         | 580,80 €                     |  | 145,20 €                   | 338,80 €                           | 242,00 €                           |
| COOPERACION (CSAE)  | 942.4331.227.10         | 96,80 €                      |  | 24,20 €                    | 56,47 €                            | 40,33 €                            |
| SERVIZO ASISTENCIA INTERMUNICIPAL<br>(CAAN Armenteira)                    | 923.1705.227.10         | 96,80 €                      |  | 24,20 €                    | 56,47 €                            | 40,33 €                            |
|   |                         | <b>9.438,00 €</b>            |  | 2.359,50 €                 | 5.505,50 €                         | 3.932,50 €                         |



## Lote 2. Control e tratamento da Lexionelosis

| SERVIZO CONTROL LEXIONELOSIS  |                         |                              | REAXUSTE FINANCIAMENTO             |                                    |
|---|-------------------------|------------------------------|------------------------------------|------------------------------------|
| CENTROS LOTE 2  | APLICACIÓN ORZAMENTARIA | IMPORTE TOTAL (IVE ENGADIDO) | IMPORTE CORRESPONDENTE AO ANO 2022 | IMPORTE CORRESPONDENTE AO ANO 2023 |
| COHESION SOCIAL<br>(Instalaciones Tiempo Libre. La Lanzada)               | 231.3370.227.06         | 968,00 €                     | 564,67 €                           | 403,33 €                           |
| CENTRO PRINCIPE FELIPE<br>(Ciudad Infantil)                               | 232.2312.227.06         | 968,00 €                     | 564,67 €                           | 403,33 €                           |
| MUSEO PROVINCIAL  | 333.3330.227.06         | 302,50 €                     | 176,46 €                           | 126,04 €                           |
| MEDIO AMBIENTE<br>(Finca Mouriscade)                                      | 410.4120.227.06         | 242,00 €                     | 141,17 €                           | 100,83 €                           |
| ESCOLA DE CANTERÍA  | 324.3243.227.06         | 181,50 €                     | 105,88 €                           | 75,63 €                            |
| MEDIO AMBIENTE<br>(Edificio Aperos Soutomaíor)                            | 410.4190.227.06         | 181,50 €                     | 105,88 €                           | 75,63 €                            |
| EF AREIRO   | 413.4123.227.06         | 181,50 €                     | 105,88 €                           | 75,63 €                            |
| TURISMO RIAS BAIXAS<br>(Palacete y Oficinas)                              | 433.4320.227.06         | 181,50 €                     | 105,88 €                           | 75,63 €                            |
| INFRAESTRUCTURAS E VIAS PROVINCIAIS<br>(Parque Central, Gondomar y Lalín) | 456.4530.227.06         | 363,00 €                     | 211,75 €                           | 151,25 €                           |
| SERVICIOS CENTRALES<br>(Pazo, Edif. Admtivo y Sede Vigo)                  | 920.9200.227.06         | 242,00 €                     | 141,17 €                           | 100,83 €                           |
| COMUNICACIÓN INSTITUCIONAL<br>(Imprenta Provincial)                       | 924.9240.227.06         | 181,50 €                     | 105,88 €                           | 75,63 €                            |
| COOPERACION (Viveros)   | 942.4330.227.06         | 242,00 €                     | 141,17 €                           | 100,83 €                           |
| COOPERACION (CSAE)  | 942.4331.227.06         | 181,50 €                     | 105,88 €                           | 75,63 €                            |
| Servizo Asistencia Intermunicipal<br>(CAAN Armenteira)                    | 923.1705.227.06         | 181,50 €                     | 105,88 €                           | 75,63 €                            |
|   |                         | <b>4.598,00 €</b>            | 2.682,17 €                         | 1.915,83 €                         |

Os importes previstos para os gastos que se deriven do presente contrato no ano 2023 quedarán condicionados á existencia de crédito axeitado e suficiente nas referidas aplicacións orzamentarias así como á aprobación do correspondente orzamento provincial.

15.31863.- APROBACIÓN DA SEGUNDA PRÓRROGA DOS “CONTRATOS FORMALIZADOS COAS EMPRESAS ADXUDICATARIAS DOS LOTES 1, 3, 4 E 5 DO SERVIZO DE SEGURIDADE E VIXILANCIA DE DIVERSOS CENTROS DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA”.  
(Expte.2018045453)

Na sesión ordinaria do día 24 de maio de 2019, a Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, adxudicou, por lotes, o contrato que rexe na prestación do “Servizo de seguridade e vixilancia de diversos centros da Deputación de Pontevedra” (Expte. 2018045453), as seguintes empresas:

- Lote 1: SERVICIOS SPR VILANOVA, S.L. (NIF: B-36.597.276)
- Lote 2: EULEN SEGURIDAD, S.A. (NIF: A-28.369.395)
- Lote 3: SALZILLO SEGURIDAD, S.A. (NIF: A-73.100.638)
- Lote 4: EULEN SEGURIDAD, S.A. (NIF: A-28.369.395)
- Lote 5: SERVICIOS SPR VILANOVA, S.L. (NIF: B-36.597.276)



Os contratos formalizáronse entre as empresas e a Deputación de Pontevedra en data 26 de xuño de 2019, cunha vixencia de dous anos desde o 1 de xullo de 2019, contemplándose a posibilidade de dúas prórrogas dun ano de duración cada unha.

Con data 3 de setembro de 2021 formalizouse un novo contrato para o servizo de seguridade e vixilancia no Centro Príncipe Felipe, polo que non procede a prórroga do Lote 2.

O resto dos Centros Xestores (Escola de Cantería, Museo de Pontevedra, Cooperación e Turismo Rías Baixas) manifestaron que o nivel de prestación do servizo é satisfactorio, con inexistencia de incumprimentos por parte das contratistas que xustifiquen, no seu caso, a improcedencia da prórroga e que a prórroga proposta non supón a alteración das características do contrato, especialmente do prezo aprobado.

Tendo en conta que o apartado 4.2. das cláusulas xerais do prego de cláusulas económico administrativas, de conformidade co previsto no artigo 29.2 da LCSP establece que *“A prórroga será obrigatoria para a empresaria ou o empresario, sempre que o seu preaviso se produza con dous (2) meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato. Non será obrigatorio o referido preaviso no caso de que a duración do contrato sexa inferior a dous (2) meses. En ningún caso poderase producir a prórroga polo consentimento tácito das partes”*.

Tendo en conta que se formularon os preavisos de prórroga dos contratos dos Lotes número 1, 3, 4 e 5 respectivamente, en datas 5 de abril de 2022, 7 de abril de 2022 e 22 de abril de 2022, e en todo caso con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato.

Con data 26/04/2022, a Xefa do servizo de Turismo Rías Baixas informou sobre a necesidade da redución do importe de adxudicación do Lote 5 pola parte correspondente as Pousadas.

Tendo en conta que na sesión ordinaria do día 10 de xuño de 2022, a Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra aproba a modificación a que se refire o parágrafo anterior.

Tendo en conta que para dita prórroga, de conformidade coa LCSP, faise necesario que o órgano de contratación adopte acordo expreso ao respecto, previo informe do secretario xeral da Corporación, o cal é preceptivo segundo a súa disposición adicional terceira.

De conformidade co informe conxunto do servizo de Contratación, a Secretaría e a Intervención, de data 12 de maio do 2022, que conclúe o seguinte:

*“En atención ao exposto e, destacadamente, dos informes dos/as responsables do contrato, infórmase favorablemente a proposta de prórroga dos seguintes lotes do contrato e polos seguintes períodos:*

- *Lotes número 1, 3, 4 e 5 por unha anualidade desde o 1 de xullo de 2022 ata o 30 de xuño de 2023, e tendo en conta a redución no lote 5 correspondente ás Pousadas.*

*O órgano que ostenta a competencia para resolver a presente ampliación de prazo é a Xunta de Goberno. O acordo ha de tomarse antes da seguinte data: 1 de xullo de 2022”*.



Considerando que a disposición adicional segunda da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público, no seu apartado 1, faculta a Presidencia para actuar como órgano de contratación con competencia respecto deste contrato, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16ª. 2 a).

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aprobar a segunda prórroga do contrato de “*Servizo de seguridade e vixilancia de diversos centros da Deputación de Pontevedra*” subscrito coas empresas SERVICIOS SPR VILANOVA, S.L. (NIF: B-36.597.276) -Lotes 1 e 5-, SALZILLO SEGURIDAD, S.A. (NIF: A-73.100.638) – Lote 3- e EULEN SEGURIDAD, S.A. (NIF: A-28.369.395) – Lotes 4- permanecendo inalterables os termos das condicións contractuais que o rexen, polos seguintes períodos: Lotes número 1, 3, 4 e 5 por unha anualidade desde o 1 de xullo de 2022 ata o 30 de xuño de 2023, e tendo en conta a redución no lote 5 correspondente ás Pousadas. As obrigas económicas que resulten da prórroga do contrato irán con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias do vixente orzamento provincial:

| Anualidade                   | Aplicación orzamentaria               | Importe total (con IVE) |
|------------------------------|---------------------------------------|-------------------------|
| 2022 (1 xullo a 31 decembro) | 324.3243.227.01 (Escola de Canteiros) | 38.632,32 €             |
|                              | 333.3330.227.01 (Museo de Pontevedra) | 334.672,47 €            |
|                              | 942.4330.227.01 (Cooperación)         | 13.200,87 €             |
|                              | 942.4331.227.01 (Cooperación-C.A.S.)  | 3.300,22 €              |
|                              | 433.4320.22701 (Palacete das Mendoza) | 16.958,92 €             |
|                              | 433.3360.22701 (Castelos)             | 85.854,55 €             |
| 2023 (1 xaneiro a 30 xuño)   | 324.3243.227.01 (Escola de Canteiros) | 38.632,32 €             |
|                              | 333.3330.227.01 (Museo de Pontevedra) | 334.672,47 €            |
|                              | 942.4330.227.01 (Cooperación)         | 13.200,87 €             |
|                              | 942.4331.227.01 (Cooperación-C.A.S.)  | 3.300,22 €              |
|                              | 433.4320.22701 (Palacete das Mendoza) | 16.958,92 €             |
|                              | 433.3360.22701 (Castelos)             | 85.854,55 €             |

O importe do gasto correspondente á anualidade 2023 quedará condicionado á aprobación do orzamento do respectivo exercicio e á existencia de crédito adecuado e suficiente na correspondente aplicación orzamentaria.



16.31864.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA Á SUBVENCIÓN DO “CLUB ESCOLA ROSALIA” POR “TTR CIRCUITO AUTONÓMICO SUB-15 – SUB-19”, APROBADA EN XUNTA DE GOBERNO DE 13/08/2021 (Expte.2021024222)

Aprobada pola Xunta de Goberno desta Deputación provincial de data 13 de agosto de 2021 unha subvención a favor do *Club Escola Rosalia*, con NIF: G27827856, do *Concello de Vigo*, por un importe de 280,55 €, para a “*TTR Circuito Autonómico Sub 15-Sub19*” e con cargo á aplicación 22/340.3410.489.04.2021, e recibido escrito, presentado no Rexistro Web nº 2022034871, con data 09/06/2022 do citado club renunciando á subvención concedida por non poder xustificala, polo que, a Xunta de Goberno queda enterada e acepta dita renuncia, de acordo co artigo 94.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

17.31865.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA Á SUBVENCIÓN DO “CLUB XIMNASIA AUGA E TUP” POR “VII CTO. IBÉRICO KUNG FU TRADICIONAL E MODERNO EUROCIDADE TUI-VALENÇA”, APROBADA EN XUNTA DE GOBERNO DE 13/08/2021 (Expte.2021021483)

Aprobada pola Xunta de Goberno desta Deputación provincial de data 13 de agosto de 2021 unha subvención a favor do *Club Ximnasia e Agua Tui*, con NIF: G94174646, do *Concello de Tui*, por un importe de 2.788,21 €, para o “*VII Cto. Ibérico de kung-fu tradicional e moderno eurocidade Tui-Valença*” e con cargo á aplicación 22/340.3410.489.04.2021, e recibido escrito, presentado no Rexistro Web nº 202234966, con data 09/06/2022 do citado club renunciando á subvención concedida por carecer de facturas para a xustificación, polo que, a Xunta de Goberno queda enterada e acepta dita renuncia, de acordo co artigo 94.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

18.31866.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA Á SUBVENCIÓN DO “KICK BOXING POIO” POR ÁMBITO INFERIOR A NACIONAL NA MODALIDADE DE KICK BOXING, APROBADA EN XUNTA DE GOBERNO DE 28/05/2021 (Expte. 2021013162)

Aprobada pola Xunta de Goberno desta Deputación provincial de data 28 de maio de 2021 unha subvención a favor do *Kick Boxing Poio*, con NIF G94070950, do *Concello de Poio*, por un importe de 1.057,70 €, para “*Deporte federado ámbito inferior a nacional (Kick Boxing)*” e con cargo á aplicación 21/340.3410.489.23, e recibido escrito, presentado no Rexistro Web nº 2022034869, con data 09/06/22 do citado club renunciando á subvención concedida por non competir na temporada, a Xunta de Goberno queda enterada e acepta dita renuncia, de acordo co artigo 94.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.



19.31867.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA Á SUBVENCIÓN DO “CLUB XIMNASIA RIAS BAIXAS” POR ÁMBITO INFERIOR A NACIONAL NA MODALIDADE DE XIMNASIA RÍTMICA, APROBADA EN XUNTA DE GOBERNO DE 28/05/2021(Expte. 2021016511)

Aprobada pola Xunta de Goberno desta Deputación provincial de data 28 de maio de 2021 unha subvención a favor do *Club Ximnasia Rias Baixas*, con NIF G36596310, do *Concello de Pontevedra*, por un importe de 914,99 €, para “*Deporte federado ámbito inferior a nacional (Ximnasia Rítmica)*” e con cargo á aplicación 21/340.3410.489.23, e recibido escrito, presentado no Rexistro Web nº 2022034234, con data 06/06/22 do citado club renunciando á subvención concedida por falta de documentación xustificativa, a Xunta de Goberno queda enterada e acepta dita renuncia, de acordo co artigo 94.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

20.31868.- LIBERACIÓN DO GASTO NON XUSTIFICADO CORRESPONDENTE A PARTE DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA POR SEIS MESES E AMPLIADA POR SEIS MESES MÁIS PARA FINANCIAR UNHA PARTE DO CUSTO LABORAL TOTAL DOS CONTRATOS EN PRÁCTICAS DERIVADOS DO PROGRAMA “O TEU PRIMEIRO EMPREGO” NOS CONCELLOS 2020 (Expte. 2020024980)

PRIMEIRO.- Por acordo nº 4.29006 da Xunta de Goberno da Deputación na súa sesión de data 12 de xuño de 2020, aprobáronse as bases do programa de fomento da empregabilidade na provincia de Pontevedra “O Teu Primeiro Emprego” nos Concellos 2020 (convocatoria publicada no BOPPO nº117 de 19 de xuño de 2020, con rectificación de erros por acordo nº32.29973 publicado no BOPPO do 25/02/2021).

Dito programa ten por obxecto regular a convocatoria pública para a selección dos concellos da provincia de Pontevedra como entidades colaboradoras e determinación das titulacións das persoas que desempeñarán os postos de traballo baixo a modalidade de contrato en prácticas, así como regular as relacións entre a Deputación de Pontevedra e as entidades colaboradoras. Os contratos derivados do referido programa formalízanse entre as entidades colaboradoras e as persoas beneficiarias que son titulados/as universitarios/as e de formación profesional de ciclos superiores. A través desta subvención a Deputación financia unha parte do custo laboral total dun contrato en prácticas por un primeiro período de seis meses, o período subvencionable poderá ampliarse por seis meses máis, condicionado a existencia de crédito suficiente no Orzamento Provincial.

SEGUNDO.- Por acordo nº 24.29277 da Xunta de Goberno da Deputación adoptado na súa sesión de data 28 de agosto de 2020 (publicado no BOPPO nº172 de data 7 de setembro de 2020 e modificado por acordo nº 40.29643 adoptado en Xunta de Goberno do 27/11/2020, acordo nº29.29751 adoptado en Xunta de Goberno do 18/12/2020 e acordo nº 12.29831 adoptado en



Xunta de Goberno do 29/01/2021), aprobouse a relación de concellos seleccionados para participar como entidades colaboradoras no referido programa, no que se especificaba o número de contratos para cada concello, as titulacións para a formalización dos contratos en prácticas, a duración e a data límite de inicio dos contratos.

TERCEIRO.- Por acordos nº 6.30053 adoptado pola Xunta de Goberno na súa sesión do 12 de marzo de 2021 e nº 17.30094 adoptado pola Xunta de Goberno na súa sesión do 18 de marzo de 2021 aprobouse ampliar por seis meses máis a subvención concedida para financiar unha parte do custo laboral total dos contratos en prácticas derivados do programa "O Teu Primeiro Emprego" nos concellos 2020.

CUARTO.- Que unha vez finalizados os contratos, os concellos seleccionados como entidades colaboradoras realizaron a xustificación para o pago da subvención concedida por seis meses e ampliada por seis meses máis, tal e como se establece na base 17 da convocatoria, procedéndose aos pagos das cantidades xustificadas.

QUINTO.- Que procede a liberación do gasto correspondente ás cantidades non xustificadas polas referidas entidades, tal e como se especifica no Anexo I

Fundamentos xurídicos:

1º.- Acordo da Xunta de Goberno do 5 de xuño de 2020 polo que se aproba o plan de fomento da empregabilidade na provincia de Pontevedra denominado "O Teu Primeiro Emprego" e que se estrutura nos programas de actuación seguintes:

- a) O teu primeiro emprego na Deputación Provincial de Pontevedra.
- b) O teu primeiro emprego nos concellos.
- c) O teu primeiro emprego nas empresas e corporacións sectoriais.
- d) O teu primeiro emprego en organizacións non gobernamentais da provincia de Pontevedra.

2º.- Acordo da Xunta de Goberno do 12 de xuño de 2020 polo que se aproban as bases do programa "O Teu Primeiro Emprego" nos concellos 2020.

3º.- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra.

4º.- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e demais lexislación concordante de aplicación.

5º.- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común.



Visto o informe do xefe do servizo de Promoción de Emprego e Desenvolvemento Local de data 6 de xuño de 2022, a dilixencia de fiscalizado e conforme de Intervención de data 8 de xuño de 2022 e en base aos antecedentes e fundamentos xurídicos sinalados nos apartados anteriores, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Liberar o gasto da cantidade total de 11.600,88 €, con cargo á aplicación orzamentaria 22/240.2410.489.00.2021, dos concellos e polas cantidades relacionadas no Anexo I correspondentes á parte non xustificada da subvención concedida por seis meses e ampliada por seis meses máis para financiar una parte do custo laboral total dos contratos en prácticas derivados do programa “O Teu Primeiro Emprego” nos concellos 2020.

Dito anexo é como segue:

#### Anexo I

| LIBERACIÓN GASTO “O TEU PRIMEIRO EMPREGO” EN CONCELLOS 2020 |  |                    |   |                    |  |                                |                     |
|---|--|--------------------|---|--------------------|--|--------------------------------|---------------------|
| Concello  | Aprobación subvención 6 meses  | Cantidade aprobada | Aprobación ampliación subvención 6 meses máis | Cantidade aprobada | Aprobación cantidade xustificada                             | Cantidade xustificada e pagada | Cantidade a liberar |
| Cañiza, A<br>2020029188<br>P3600900I                        | Acordo nº 24.29277 de 28/08/2020 (modificado por acordo nº 40.29643 de 27/11/2020) | 6.000,00 €         | Acordo nº 6.30053 de 15/03/2021               | 6.000 €            | RP2020004485<br>RP2021002206<br>RP2021002653<br>RP2021004690 | 9.600,00 €                     | 2.400,00 €          |
| Crecente<br>2020029748<br>P3601400I                         | Acordo nº 24.29277 de 28/08/2020 (modificado por acordo nº 40.29643 de 27/11/2020) | 5.700,00 €         | Acordo nº 17.30094 de 22/03/2021              | 5.700,00 €         | RP2020004485<br>RP2021002206<br>RP2022001428                 | 11.185,48 €                    | 214,52 €            |
| Pontearreas<br>2020029159<br>P3604200J                      | Acordo nº 24.29277 de 28/08/2020   | 24.000,00 €        | Acordo nº 17.30094 de 22/03/2021              | 24.000,00 €        | RP2020003637<br>RP2021002206<br>RP2021004027<br>RP2021006027 | 43.000,00 €                    | 5.000,00 €          |
| Pontecesures<br>2020029390<br>P3604400F                     | Acordo nº 24.29277 de 28/08/2020   | 11.700,00 €        | Acordo nº 6.30053 de data 15/03/2021          | 11.700,00 €        | RP2020003637<br>RP2021002206<br>RP2021002653<br>RP2021004690 | 23.026,73 €                    | 373,27 €            |
| Porrriño, O<br>2019032963<br>P3603900F                      | Acordo nº 24.29277 de 28/08/2020   | 23.700,00 €        | Acordo nº 6.30053 de 15/03/2021               | 23.700,00 €        | RP2021000161<br>RP2021002206<br>RP2022003734                 | 46.708,42 €                    | 691,58 €            |
| Rodeiro<br>2020027634<br>P3604700I                          | Acordo nº 24.29277 de 28/08/2020   | 12.000,00 €        | Acordo nº 6.30053 de 15/03/2021               | 12.000,00 €        | RP2020003637<br>RP2021002206<br>RP2021002992<br>RP2021005881 | 21.545,16 €                    | 2.454,84 €          |
| Valga<br>2020029410<br>P3605600J                            | Acordo nº 24.29277 de 28/08/2020 (modificado por Acordo nº 12.29831 de 01/02/2021) | 6.000,00 €         | Acordo nº 17.30094 de 22/03/2021              | 6.000,00 €         | RP2021000718<br>RP2021002206<br>RP2021002992<br>RP2021006027 | 11.533,33 €                    | 466,67 €            |
| TOTAL   |  |                    |   |                    |  |                                | 11.600,88 €         |





## 21.31869.- RECOÑECEMENTO EXTRAXUDICIAL DE CRÉDITOS

a) Vista a relación de facturas con número 2022042077, que contén unha factura e por un importe de 178,50 € e con CSV: HQ635RJ0ENTR8Y4U, e visto o informe que formula a Intervención desta Deputación, de data 9 de xuño de 2022, e os xefes de servizo ou responsables dos centros Xestores no que se pon de manifesto que os gastos se en exercicios pechados, e que necesitan a súa aprobación polo sistema de recoñecemento extraxudicial de créditos, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia coa seguinte estrutura económica:

|  |          |
|--|----------|
| Importe total.....                             | 210,00 € |
| Descontos do IRPF.....                         | 31,50 €  |
| Descontos do IVE soportado deducible.....      | 0,00 €   |
| Descontos do honorarios técnicos externos..... | 0,00 €   |
| Outros descontos.....                          | 0,00 €   |
| Total líquido.....                             | 178,50 € |

*Pola Presidenta maniféstase que asina con disconformidade e por imperativo legal, pois está en contra dos recoñecementos extraxudiciais de crédito. Manifesta que a partir de agora só se aprobarán recoñecementos extraxudiciais de créditos de xeito extraordinario por razóns non previsibles.*

b) Vista a relación de facturas con número 2022042079 que contén dúas facturas e por un importe de 5.333,76. € e con CSV: QHZ7LXTQRL128WZX, e visto o informe que formula a Intervención desta Deputación, de data 9 de xuño de 2022, e os xefes de servizo ou responsables dos centros Xestores no que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican a nulidade das obrigas, e que necesitan a súa aprobación polo sistema de recoñecemento extraxudicial de créditos, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia coa seguinte estrutura económica:

|  |            |
|--|------------|
| Importe total.....                             | 4.857,57 € |
| Descontos do IRPF.....                         | 0,00 €     |
| Descontos do IVE soportado deducible.....      | 476,19 €   |
| Descontos do honorarios técnicos externos..... | 0,00 €     |
| Outros descontos.....                          | 0,00 €     |
| Total líquido.....                             | 5.333,76 € |

*Pola Presidenta maniféstase que asina con disconformidade e por imperativo legal, pois está en contra dos recoñecementos extraxudiciais de crédito. Manifesta que a partir de agora só se aprobarán recoñecementos extraxudiciais de créditos de xeito extraordinario por razóns non previsibles.*



22.31870.- DEIXAR EN DISPOÑIBLE, COMO TRÁMITE PREVIO AO REINVESTIMENTO DUNHA BAIXA TEÓRICA, CRÉDITO CONSTATADO TRAS A ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DO INVESTIMENTO “REPARACIÓN E MELLORA DA PAVIMENTACIÓN EN CAMIÑO AS LAXES. PARROQUIA DE COUSO”, INCLUÍDO NO PLAN CONCELLOS. CONCELLO DE GONDOMAR 2020 (Expte.2020029800)

No expediente electrónico 2020029800, consta o informe da Xefa do servizo de cooperación que literalmente se transcribe:

- “Mediante acordo da xunta de goberno núm. 5.29446, de 23 de outubro de 2020, concedense ao Concello de Gondomar, no marco do Plan Concellos 2020, unha subvención polo procedemento de concorrencia non competitiva, por importe de 81.869,43 euros, co obxecto do financiamento do investimento “REPARACIÓN E MELLORA DA PAVIMENTACIÓN EN CAMIÑO AS LAXES, PARROQUIA DE COUSO” (EXPTE. 2020029800), cun orzamento polo mesmo importe.
- En data 02/04/2022, mediante decreto da Alcaldía núm. 2022-0454 adxudícase o contrato da obra arriba referida no prezo de 75.802,91 euros (IVE incluído), o que supón unha baixa na adxudicación de 6.066,52 euros.
- En data 30/04/2022, consta entrada na sede electrónica da Deputación, instancia xenérica que incorpora o decreto da alcaldía da mesma data, mediante o cal o Concello solicita poder dispoñer da baixa teórica constatada coa adxudicación do investimento “REPARACIÓN E MELLORA DA PAVIMENTACIÓN EN CAMIÑO AS LAXES. PARROQUIA COUSO” (EXPTE. 2020029800), para a súa aplicación no financiamento das actuacións propostas polo Concello ao abeiro do procedemento de reinvestimento de baixas.
- En data 08/06/2022, consta entrada na sede electrónica da Deputación, o certificado do decreto da alcaldía que corrixe os erros detectados na resolución achegada formalmente e en prazo.
- O Concello, tal é como se reflicte no decreto corrixido, se compromete a asumir con fondos propios as incidencias que supoñan un incremento do custe do investimento, xa sexa pola tramitación dun proxecto modificado ou dun exceso de medición.
- Con fundamento en todo o antedito, SOLICITO que se deixe en dispoñible, na aplicación orzamentaria 2022/942.9425.762.45.2020 e no correspondente proxecto de gasto a contía que ascende a 6.066,52 euros, que se corresponde co remanente teórico constatado tras a adxudicación do contrato da obra “REPARACIÓN E MELLORA DA PAVIMENTACIÓN EN CAMIÑO AS LAXES. PARROQUIA COUSO” (EXPTE. 2020059800), a fin de que este crédito se poida empregar posteriormente no financiamento de novos investimentos propostos pola entidade local.

Non obstante, o presente informe non ten carácter vinculante para o órgano competente para resolver, que acordará o que proceda consonte ó seu superior criterio.



De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades locais e as bases específicas de execución do vixente orzamento provincial, e visto o informe favorable da intervención provincial, de data 09/06/2022, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Deixar en dispoñible, dentro do correspondente proxecto de gasto, o crédito previamente comprometido, por un importe de 6.066,52 €, na aplicación orzamentaria 2022/942.9425.762.45.2020 como trámite previo á concesión de subvencións por reinvestimento de baixa teórica a favor do *Concello de Gondomar*.

Desta forma, tras asumir o *Concello de Gondomar* as posibles incidencias que se poidan producir durante a execución que dean lugar a un incremento do custe, o orzamento do investimento “*Reparación e mellora da pavimentación en camiño As Laxes, parroquia de Couso*” queda fixado definitivamente en 75.802,91 €.

- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de Gondomar*, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

23.31871.- ACEPTACIÓN DA MODIFICACIÓN DO PROXECTO POR DESESTIMIENTO PARCIAL DO CONCELLO DE MARÍN E DA MODIFICACIÓN DO PRAZO PARA ACREDITAR O INICIO DA TRAMITACIÓN DOS PROCEDEMENTOS DE CONTRATACIÓN DAS ACTUACIÓNS OBXECTO DE AXUDA DO EXPEDIENTE IDAE NÚM. FEDER-EELL-2020-004631 “SISTEMAS SOSTIBLES DE XESTIÓN DE AUGAS I: CONCELLOS DE BARRO, A CAÑIZA, O GROVE, MARÍN, MEIS, NIGRÁN, PONTEAREAS E PONTECESURES”.  
(Expte.2020032981)

No expediente consta o informe da Xefa do servizo de cooperación que literalmente se transcribe: “*Á vista da Resolución favorable da modificación do proxecto por desestimento parcial do concello de Marín e da modificación do prazo para acreditar o inicio da tramitación dos procedementos de contratación das actuacións obxecto de axuda do expediente IDAE NÚM. FEDER-EELL-2020-004631 “Sistemas sostibles de xestión de augas I: concellos de Barro, A Cañiza, O Grove, Marín, Meis, Nigrán, Ponteareas e Pontecesures”, e co obxecto de aceptar a Resolución favorable do Director Xeral do IDAE con rexistro de entrada en Deputación de Pontevedra número 2022015412 e data 13/06/2022, a Xefa do Servizo de Cooperación, emite o seguinte*

### I. ANTECEDENTES

*Dentro das competencias que lle atribúe a Lei 7/1985, do 2 de abril (BOE núm. 80 do 3 de abril), reguladora das Bases de Réxime Local ás deputacións provinciais está, segundo o artigo 36.1.d, a “cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito”.*



O 29/10/2020 preséntase ante o IDAE o citado proxecto “Sistemas sostibles de xestión de augas I: concellos de Barro, A Cañiza, O Grove, Marín, Meis, Nigrán, Pontearreas e Pontecesures”, asignándosele o rexistro núm. 202000013224. Tras a súa avaliación, en data 02/12/2021 (Rexistro de entrada número: 2021029420) recíbese Resolución do Director Xeral do IDAE na que se estima favorablemente a solicitude, e se concede a subvención con cargo a FEDER por importe de 692.303,08 €, asignándosele o número de proxecto FEDER-EELL-2020-004631

O obxecto do proxecto consiste a mellora da eficiencia enerxética nas instalacións de abastecemento e depuración de augas dos Concellos.

Na devandita resolución, pola que se estima favorablemente a solicitude de axuda á Deputación de Pontevedra para o proxecto citado resólvese, entre outras, as seguintes cuestións:

*Importe da axuda concedida*

Conceder a DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA, titular de NIF: P3600000H, unha axuda por importe máximo de 692.303,08 €

Custe elixible admitido para o proxecto

O custe elixible admitido é o seguinte:

| PROXECTO IDAE NÚM. FEDER-EELL-2020-004631<br>“SISTEMAS SOSTIBLES DE XESTIÓN DE AUGAS I:<br>Sistemas sostibles de xestión de augas I: concellos de Barro, A Cañiza, O Grove, Marín, Meis, Nigrán, Pontearreas e Pontecesures” |                      |                             |                                 |                  |
|--|----------------------|-----------------------------|---------------------------------|------------------|
| CONCELLO   | CUSTE TOTAL ELIXIBLE | SUBVENCIÓN IDAE (80% FEDER) | ACHEGA DEPUTACION DE PONTEVEDRA | ACHEGA CONCELLOS |
| A Cañiza   | 130.417,15 €         | 104.333,71 €                | 10.000,00 €                     | 16.083,44 €      |
| O Grove  | 98.133,21 €          | 78.506,53 €                 | 9.813,32 €                      | 9.813,36 €       |
| Pontecesures   | 99.627,41 €          | 79.701,91 €                 | 9.962,74 €                      | 9.962,76 €       |
| Meis   | 99.801,41 €          | 79.841,12 €                 | 9.980,14 €                      | 9.980,15 €       |
| Nigrán   | 154.063,93 €         | 123.251,11 €                | 10.000,00 €                     | 20.812,82 €      |
| Pontearreas  | 99.688,69 €          | 79.750,93 €                 | 9.968,87 €                      | 9.968,89 €       |
| Barro  | 84.801,50 €          | 67.841,20 €                 | 8.480,15 €                      | 8.480,15 €       |
| Marín  | 98.845,74 €          | 79.076,57 €                 | 9.884,57 €                      | 9.884,60 €       |
| Total  | 865.379,04 €         | 692.303,08 €                | 78.089,79 €                     | 94.986,17 €      |

Aceptación da axuda.

De conformidade co previsto no apartado 7 do artigo 13 das bases que rexen esta convocatoria, o beneficiario deberá notificar ao IDAE a súa aceptación da resolución e as condicións nela impostas, no prazo máximo de (30) trinta días naturais desde a data de recepción da resolución pola que se acorde a selección do proxecto, mediante escrito dirixido ao Órgano Instructor, facendo referencia á notificación recibida.



### Condições e termos da concesión da axuda

*Nun prazo máximo de (6) meses dende a notificación da resolución de concesión da axuda, o beneficiario deberá acreditar que se iniciaron as contratacións precisas para a execución das actuacións obxecto de axuda, mediante a achega, a través da aplicación informática establecida na web do IDAE, da documentación que o acredite, como os pregos de condicións administrativas e técnicas do concurso e o contrato.*

*O prazo máximo para a conclusión das actuacións acollidas á convocatoria é o 31 de xullo de 2023, a cuxo efecto deberá achegarse un certificado final de obra, onde conste dita data, asinado polo técnico competente, todo iso salvo a eventual ampliación do prazo de execución nos termos previstos no artigo 14.3 da convocatoria de axudas, que en calquera caso estará supeditada ao cumprimento dos prazos para verificación e certificación establecidos no Programa Operativo FEDER Plurirregional de España 2014-2020 (POPE) para o ano 2023.*

*En data 23/02/2022, co núm. de rexistro WEB2022008503 consta entrada na Deputación un certificado da secretaria do concello de Marín, polo que en Xunta de Goberno local acordan desistir de parte da subvención concedida. Concretamente do obxecto do financiamento da “EDAR Pastoriza” como consecuencia do funcionamento inadecuado da EDAR Pastoriza recentemente o concello licitou obras para substituír a devandita dotación por un novo colector que conecte a rede existente no núcleo de poboación de Pastoriza co resto da rede de saneamento municipal, no núcleo de Picotes, facendo a súa vertedura final na EDAR de Praceres, en Pontevedra. Por este motivo, xa non sentiu a mellora enerxética prevista na Memoria presentada como proposta de gasto para obter o financiamento do FEDER a través do IDAE no momento da aprobación do Acordo de adhesión ao proxecto por Decreto de alcaldía en data 20/11/2019.*

*O desestímulo parcial das actuacións de mellora da eficiencia enerxética da “EDAR Pastoriza” supón unha minoración do conxunto do proxecto en 27.674,07 euros, unha minoración das axudas concedidas polo IDAE de 22.139,25 euros e unha minoración da aportación da Deputación de Pontevedra de 2.767,40 euros.*

*A Xunta de Goberno da Deputación Provincial, na súa sesión ordinaria do día 11 de marzo de 2022, adoptou, entre outros, o acordo número 13.31429 de aceptación de desistencia parcial, remitida polo concello de Marín o día 23/02/2022 e rexistro de entrada número WEB2022008503, á subvención concedida polo IDAE ó proxecto núm. FEDER EELL- 2020-004631 “Sistemas sostibles de xestión de augas I: concellos de Barro, A Cañiza, O Grove, Marín, Meis, Nigrán, Pontearreas e Pontecesures” (Expte.2020032981).*

*En data 15/03/2022 mediante Resolución Presidencial número 2022001870 aprobouse a modificación do proxecto singular denominado “Sistemas sostibles de xestión de augas I: mellora da eficiencia enerxética nas instalacións de abastecemento e depuración de augas nos concellos de Barro, A Cañiza, O Grove, Marín, Meis, Nigrán, Pontearreas y Pontecesures”, para dar trámite ao desestímulo parcial presentado polo concello de Marín eliminando as actuacións previstas na “EDAR Pastoriza” dentro do termo municipal de dito concello.*



Polo que respecta á desagregación do cadro financeiro das actuacións en cada uno dos concellos quedan conforme coa seguinte táboa:

| "SISTEMAS SOSTIBLES DE XESTIÓN DE AUGAS I:<br>Mellora da eficiencia enerxética nas instalacións de abastecemento e depuración de augas nos concellos de Barro, A Cañiza, O Grove, Marín, Meis, Nigrán, Ponteareas e Pontecesures" |                      |                                    |   |                      |
|---|----------------------|------------------------------------|---|----------------------|
| CONCELLO  | COSTE TOTAL ELIXIBLE | SUBVENCIÓN MÁXIMA IDAE (80% FEDER) | APORTACIÓN MÁXIMA DEPUTACIÓN PONTEVEDRA | APORTACIÓN CONCELLOS |
| Barro   | 84.801,50 €          | 67.841,20 €                        | 8.480,15 €                              | 8.480,15 €           |
| A Cañiza  | 130.417,15 €         | 104.333,72 €                       | 10.000,00 €                             | 16.083,43 €          |
| O Grove   | 98.133,21 €          | 78.506,57 €                        | 9.813,32 €                              | 9.813,32 €           |
| Marín   | 71.171,67 €          | 56.937,32 €                        | 7.117,17 €                              | 7.117,18 €           |
| Meis  | 99.801,41 €          | 79.841,13 €                        | 9.980,14 €                              | 9.980,14 €           |
| Nigrán  | 154.063,93 €         | 123.251,11 €                       | 10.000,00 €                             | 20.812,82 €          |
| Ponteareas  | 99.688,69 €          | 79.750,95 €                        | 9.968,87 €                              | 9.968,87 €           |
| Pontecesures  | 99.627,41 €          | 79.701,93 €                        | 9.962,74 €                              | 9.962,74 €           |
| TOTAL   | 837.704,97 €         | 670.163,93 €                       | 75.322,39 €                             | 92.218,65 €          |

En data 16/03/2022 con número de rexistro 202200006111, preséntase ante o IDAE a modificación do proxecto singular denominado "Sistemas sostibles de xestión de augas I: Mellora da eficiencia enerxética nas instalacións de abastecemento e depuración de augas nos concellos de Barro, A Cañiza, O Grove, Marín, Meis, Nigrán, Ponteareas e Pontecesures" para a súa presentación ás subvencións que favorezan ó paso a unha economía baixa en carbono del Instituto de Diversificación e Ahorro Enerxético (IDAE).

Finalmente despois da avaliación da solicitude presentada, en data 09/06/2022 e con rexistro de entrada número na Deputación de Pontevedra 2022015412, recíbese a resolución do Director Xeral do IDAE na que acepta a modificación do prazo para a acreditación ante o IDAE da iniciación dos procedementos de contratación das actuacións obxecto da axuda e por tanto, procede modificar a resolución de data 02/12/2021, pola que concedeu a subvención con cargo a FEDER por importe de 692.303,08 euros, asignándolle el número de proxecto FEDER-EELL-2020-004631. Neste sentido no prazo máximo de (6) seis meses + (3) tres meses de ampliación de prazo desde a notificación da resolución de concesión da axuda, o beneficiario deberá acreditar ante o IDAE a iniciación dos procedementos de contratación relativos á execución das actuacións do proxecto FEDER-EELL-2020-004631, mediante a achega, a través da aplicación informática establecida na web do IDAE, da documentación que o acredite, como os anuncios publicados nos diarios oficiais, a plataforma de contratación do Estado, perfil do contratante ou, no seu caso, certificados que acrediten de forma fidedigna o inicio das actuacións previstas.

Por outro lado, recíbese na mesma resolución do Director Xeral do IDAE, a concesión da axuda por importe máximo de 670.163,83. Supón unha minoración do conxunto do proxecto en 27.674,07 euros, unha minoración da axuda concedidas polo IDAE de 22.139,25, debido ao desestimento parcial do concello de Marín.



*A modificación non dana dereitos de terceiros e non altera as condición económicas da axuda concedida non os prazos de execución establecidos inicialmente.*

## II. FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA NORMATIVA EXAMINADA

- *Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), e o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).*
- *Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL).*
- *Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).*
- *Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG).*
- *Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).*
- *Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL).*
- *Real Decreto 616/2017, de 16 de xuño, polo que se regula a concesión directa de subvencións a proxectos singulares de entidades locais que favorezan o paso a unha economía baixa en carbono no marco do Programa operativo FEDER de crecemento sostible 2014-2020. (Real Decreto 616/2017).*
- *Real Decreto 316/2019, do 26 de abril, polo que se modifica o Real Decreto 616/2017, do 16 de xuño, polo que se regula a concesión directa de subvencións a proxectos singulares de entidades locais que favorezan o paso a unha economía baixa en carbono no marco do programa operativo FEDER de crecemento sostible 2014-2020.*

## CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

### *Competencia:*

- *De conformidade co previsto no apartado 7 do artigo 13 do Real Decreto 616/2017, o beneficiario deberá notificar ao IDAE a súa aceptación da resolución e as condicións nela impostas, no prazo máximo de (30) trinta días naturais desde a data de recepción da resolución pola que se acorde a selección do proxecto, mediante escrito dirixido ao Órgano Instrutor, facendo referencia á notificación recibida.*
- *Segundo o artigo 34.1.f da lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, a competencia para a realización dos trámites de aceptación e a aprobación das condicións impostas na resolución de concesión de axudas correspóndelle á Presidencia, por tratarse dun gasto inferior ao 10% dos recursos ordinarios do orzamento, ou pola Xunta de Goberno.*
- *Segundo o establecido coa base 11ª e 27ª das Bases de execución do orzamentos provincial e en relación aos artigos 43, 44 e 45 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o capítulo primeiro do título sexto da TRLFL o expediente de xeración de crédito, previo informe de Intervención, será aprobado pola Presidencia ou pola Xunta de Goberno da Deputación.*
- *Segundo o artigo 174 do TRLRFL, poderán adquirirse compromisos de gasto que se estendan a exercicios posteriores a aquel no que se autoricen, de xeito que a súa realización se subordinará ao crédito que para cada exercicio autoricen os respectivos orzamentos.*



- Segundo o establecido na base 16ª.2 das Bases de Execución do Orzamento provincial e de conformidade co disposto no artigo 35 da LRBRL, e no artigo 17 do RLXS, a competencia para resolver atribúeselle á Xunta de Goberno.
- Artigo 36.1.d) da LRBRL polo que a Deputación compételle a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social na planificación do territorio provincial de acordo coas competencias das demais administracións.
- Artigo 26.1.a) da LRBRL, que establece como servizo a prestar en todo caso en tódolos concellos o fortalecemento domiciliario de auga potable e saneamento.

#### *Petición e evacuación de informes:*

- Artigos 79 e 80 da LPACAP sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigo 24 da LXS que establece que as actividades de instrución comprenderán, entre outras, a petición de cantos informes estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.
- Artigo 172 do ROFRXEL, que dispón que o xefe da Dependencia á que corresponda tramitar o expediente deberá emitir un informe, expoñendo os antecedentes e as disposicións legais ou regulamentarias en que funde o seu criterio.

#### *Resolución do expediente:*

- Artigo 2 da LSG, en concordancia co artigo 2 da LXS, que na definición de subvención vincula a disposición dineraria entre outros requisitos, a que a entrega esta suxeita ao cumprimento dun determinado obxectivo, a execución dun proxecto, a realización dunha actividade, ou a adopción dun comportamento singular, xa realizados ou por desenvolver, debendo o beneficiario cumprir as obrigacións materiais e formais que se estableceran.
- Artigo 62 do RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 11.a) da LSG, en concordancia co artigo 14.1.a) da LXS, que establece como obriga do beneficiario cumprir o obxectivo ou executar o proxecto que fundamenta a concesión da subvención.
- Artigo 4.2 do Real Decreto 616/2017 polo que no caso de presentación agrupada ou representada, deberá subscribirse un acordo, que inclúa entre outras as obrigas que asume cada parte. A estes efectos, a Deputación comprometeuse a financiar unha porcentaxe das actuacións.

### III. CONCLUSIÓN

O proxecto IDAE núm. FEDER-EELL-2020-004631 “Sistemas sostibles de xestión de augas I: concellos de Barro, A Cañiza, O Grove, Marín, Meis, Nigrán, Pontearreas e Pontecesures” no marco das actuacións ao abeiro do programa de Economía Baixa en Carbono, foi presentado ante o IDAE pola Deputación coa fin de mellorar a eficiencia enerxética das instalacións de potabilización, depuración de augas residuais e desalación dos concellos. Para o seu financiamento solicitouse unha axuda con cargo a FEDER (máximo 80% do custe elixible), completándose cunha achega por parte da Deputación do 10% de cada actuación incluída no proxecto, cun máximo de 10.000 euros, e achegando o importe restante os concellos do proxecto como entidades beneficiarias.





Posteriormente e ao amparo do artigo 14 do RD 616/2017, do 16 de xuño, a Deputación de Pontevedra solicita ante o IDAE a modificación das condicións iniciais de concesión da axuda debido ao desestímulo parcial das actuacións de mellora da eficiencia enerxética da “EDAR Pastoriza” por parte do concello de Marín. A ampliación do prazo máximo de (6) meses, regulado no 13.8. b do Real Decreto 616/2017, en (3) tres meses adicionais para realizar o citado trámite de acreditación ante o IDAE da iniciación dos procedementos de contratación relativos á execución das actuacións do proxecto FEDER-EELL-2020-004631.

Finalmente despois da avaliación da solicitude presentada, en data 09/06/2022 e con rexistro de entrada número na Deputación de Pontevedra 2022015412, recíbese a resolución do Director Xeral do IDAE na que acepta a ampliación de prazo solicitado para a acreditación ante o IDAE da iniciación dos procedementos de contratación das actuacións obxecto da axuda e por tanto, modificar a resolución de data 02/12/2021, pola que concedeu a subvención con cargo a FEDER por importe de 692.303,08 euros, asignándolle el número de proxecto FEDER-EELL-2020-004631, estendéndose dito prazo ata o 09/06/2022. A acreditación farase mediante a achega, a través da aplicación informática establecida na web do IDAE, da documentación que o acredite, como os anuncios publicados nos diarios oficiais, a plataforma de contratación do Estado, perfil do contratante ou, no seu caso, certificados que acrediten de forma fidedigna o inicio das actuacións previstas.

Por outro lado, recíbese na mesma resolución do Director Xeral do IDAE, a concesión da axuda por importe máximo de 670.163,83, isto supón unha minoración do conxunto do proxecto en 27.674,07 euros, unha diminución da axuda concedida polo IDAE de 22.139,25, debido ao desestímulo parcial do concello de Marín. Concretamente do obxecto do financiamento da “EDAR Pastoriza” como consecuencia do funcionamento inadecuado da mesma, o concello licitou obras para substituír a dotación por un novo colector que conecte a rede existente no núcleo de poboación de Pastoriza co resto da rede de saneamento municipal, no núcleo de Picotes, facendo a súa vertedura final na EDAR de Praceres, en Pontevedra. Por este motivo, xa non sentiu a mellora enerxética prevista na Memoria presentada como proposta de gasto para obter o financiamento do FEDER a través do IDAE no momento da aprobación do Acordo de adhesión ao proxecto por Decreto de alcaldía en data 20/11/2019.

O desestímulo parcial das actuacións de mellora da eficiencia enerxética da “EDAR Pastoriza” supón unha minoración do conxunto do proxecto en 27.674,07 euros, unha diminución das axudas concedidas polo IDAE de 22.139,25 euros e unha minoración da aportación da Deputación de Pontevedra de 2.767,40 euros.

A modificación non dana dereitos de terceiros e non altera as condicións económicas da axuda concedida non os prazos de execución establecidos inicialmente.

Examinados os antecedentes e a motivación legal exposta, para o proxecto IDAE NÚM. FEDER-EELL-2020-004631 “Sistemas sostibles de xestión de augas I: concellos de Barro, A Cañiza, O Grove, Marín, Meis, Nigrán, Pontearreas e Pontecesures” é necesario realizar a aceptación por parte da Deputación de Pontevedra das condicións da Resolución favorable do Director Xeral do IDAE con rexistro de entrada en Deputación de Pontevedra número 2022015412 e data 09/06/2022 na que acepta a ampliación de prazo solicitada acreditación da iniciación dos procedementos de contratación das actuacións obxecto da axuda e, por tanto, modifica a Resolución de data 02/12/2021, pola que concedeu a subvención con cargo a FEDER por importe de 692.303,08 euros.



Por todo o exposto, e á vista dos antecedentes e fundamentos de dereitos aplicables, INFORMO FAVORABLEMENTE a tramitación deste expediente e PROPOÑO a ACEPTACIÓN DA MODIFICACIÓN DO PROXECTO POR DESESTIMENTO PARCIAL DO CONCELLO DE MARIN E DA MODIFICACIÓN DO PRAZO PARA ACREDITAR O INICIO DA TRAMITACIÓN DOS PROCEDEMENTOS DE CONTRATACIÓN DAS ACTUACIÓNS OBXECTO DE AXUDA DO EXPEDIENTE IDAE NÚM. FEDER-EELL-2020-004631 “Sistemas sostibles de xestión de augas I: concellos de Barro, A Cañiza, O Grove, Marín, Meis, Nigrán, Pontearreas e Pontecesures” (expediente 2020032981), de acordo coa distribución do financiamento exposta nos antecedentes.

#### IV. RÉXIME COMPETENCIAL

En virtude do establecido na base 16ª.2 das Bases de Execución do Orzamento provincial e de conformidade co disposto no artigo 35 da LRBRL, e no artigo 17 do RLXS, a competencia para resolver atribúeselle á Xunta de Goberno.

Este informe non ten carácter vinculante, de feito que o órgano competente co seu superior criterio decidirá.

Pontevedra, na data da sinatura electrónica.  
A xefa do servizo de Cooperación

(documento asinado electronicamente á marxe)  
Marina Piñeiro Novo”

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes da Xefa do Servizo de Cooperación de data 13/06/2022, e da Intervención Provincial de data 13/06/2022, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- A aceptación da modificación do proxecto por desestimento parcial do *Concello de Marín* e da modificación do prazo para acreditar o inicio da tramitación dos procedementos de contratación das actuacións obxecto de axuda do expediente IDAE NÚM. FEDER-EELL-2020-004631 “Sistemas sostibles de xestión de augas I: concellos de Barro, A Cañiza, O Grove, Marín, Meis, Nigrán, Pontearreas e Pontecesures” (Expte.2020032981), aprobado mediante Resolución favorable do Director Xeral do IDAE con rexistro de entrada en Deputación de Pontevedra número 2022015412 e data 09/06/2022, estendéndose dito prazo ata o 02/09/2022.
- Darlle traslado do presente acordo ao Instituto de Diversificación e Aforro da Enerxía (IDAE), ós concellos beneficiarios, á Intervención, ó Servizo de Cooperación e ó Gabinete da Presidencia.



24.31872.- CORRECCIÓN DE ERROS DO ACORDO DE CONCESIÓN DUNHA AXUDA Ó CONCELLO DE CAMBADOS AO ABEIRO DO PLAN DE OBRAS E SERVIZOS (PLAN CONCELLOS) 2022-2023, CORRESPONDENTE Á LIÑA 3: EMPREGO PARA CONSERVACIÓN E FUNCIONAMENTO DE BENS E SERVIZOS MUNICIPAIS (Expte.2022005803)

Advertido un erro material de transcripción en relación ó acordo da Xunta de Goberno do día 25 de febreiro de 2022, punto núm. 7.31340, sobre a modificación do acordo de concesión dunha axuda ó Concello de Cambados ao abeiro das bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023, no marco da Liña 3: Emprego para conservación e funcionamento de bens e servizos municipais, emito o seguinte informe:

Antecedentes:

Primeiro.- O Pleno da Corporación Provincial, na súa sesión extraordinaria do día 26/11/2021, punto núm. 9.7707, aprobou as “Bases reguladoras e convocatoria do Plan Provincial de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023”, que recolle os procedementos de concesión de subvencións aos municipios da provincia de Pontevedra cunha poboación de dereito de ata 50.000 habitantes, para financiar actuacións e investimentos que teñan encaixe nas diferentes Liñas do Plan. As propostas deben estar relacionadas coas materias que os municipios exercen como competencias propias ou, en todo caso, as atribuídas por delegación, de conformidade co artigo 7 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local. Ditas bases foron no BOPPO nº 230 de 27/11/2021 e o extracto da convocatoria publicouse no mesmo BOPPO nº 230, do 27/11/2021.

Segundo.- Á vista da documentación obrante no expediente de subvención e dos informes da xefa do Servizo de Cooperación e do Servizo de Intervención, mediante acordo da Xunta de Goberno do 25 de febreiro de 2022, punto núm. 7.31340, aprobouse a concesión dunha axuda ó abeiro do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023 correspondente á Liña 3: Emprego para Conservación e Funcionamento de Bens e Servizos Municipais, mediante o procedemento de concorrencia non competitiva, con cargo á aplicación 2022/942.9425.462.03 do vixente Orzamento Provincial.



Terceiro.- No caso do Concello de Cambados, concedéuselle unha subvención conforme á seguinte táboa:

| CONCELLO DE CAMBADOS  |  |              |                  |                                  |
|---|--|--------------|------------------|----------------------------------|
| LIÑA 3: importe máximo da subvención que se pode destinar a esta liña |  |              |                  | 212.049,58 €                     |
| Nº traballadores  | Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)  | Orzamento    | Achega municipal | Importe da subvención solicitada |
| 21  | <i>8 operarios/as de servizos múltiples, 1 laceiro/a, 2 limpadores/as e 1 técnico/a medio ambiente e xestión de residuos en xornada de 25 h./sem. durante 6 meses; 1 arquitecto/a técnico/a, 2 técnicos/as de organización, 1 auxiliar de cultura-turismo, 1 diplomado/a - grao Maxisterio, 1 licenciado/a en Historia con formación arquivística (xestión de arquivos e documentos) e nivel medio de inglés, 2 administrativos/as e 1 licenciado/a - grao en Dereito en xornada de 25 h./sem. durante 6 meses</i> | 192.812,70 € | 0,00 €           | 192.812,70 €                     |

Cuarto.- Non obstante, comprobouse a existencia dun erro material de transcripción no citado acordo de concesión, en canto ao tipo de xornada de varios contratos: 8 operarios/as de servizos múltiples, 1 laceiro/a, 2 limpadores/as e 1 técnico/a medio ambiente e xestión de residuos en xornada de 25 h./sem. durante 6 meses. Concretamente, de acordo coa documentación presentada polo concello no momento da solicitude, debe corrírse o erro padecido no texto do acordo de concesión, de xeito que o tipo de xornada destes contratos debe ser de 35 h./sem., en lugar de 25 h./sem.

Fundamentos xurídicos:

- O artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas dispón que as Administracións Públicas poderán rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.

**Conclusións:**

Comprobouse que efectivamente se produciu un erro material na transcripción da solicitude do Concello de Cambados nos termos descritos anteriormente, polo que se estima pertinente corrixir o acordo para adaptalo á petición do Concello.

Por todo o exposto e a vista dos antecedentes, fundamentos de dereitos aplicables e a súa motivación razoada, e a concorrencia dos requisitos necesarios, informo favorablemente a corrección de erros do acordo da Xunta de Goberno do 25/02/2022, punto núm. 7.31340, no referente á axuda concedida ó *Concello de Cambados*, CIF núm. P3600600E, de maneira que onde di:

| ANEXO                   |                  |  |                    |
|-------------------------|------------------|--|--------------------|
| Concello                | Nº traballadores | Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)  | Importe a conceder |
| Cambados<br>(P3600600C) | 21               | <i>8 operarios/as de servizos múltiples, 1 laceiro/a, 2 limpadores/as e 1 técnico/a medio ambiente e xestión de residuos en xornada de 25 h./sem. durante 6 meses; 1 arquitecto/a técnico/a, 2 técnicos/as de organización, 1 auxiliar de cultura-turismo, 1 diplomado/a - grao Maxisterio, 1 licenciado/a en Historia con formación arquivística (xestión de arquivos e documentos) e nivel medio de inglés, 2 administrativos/as e 1 licenciado/a - grao en Dereito en xornada de 25 h./sem. durante 6 meses</i> | 192.812,70 €       |

**Debe dicir:**

| ANEXO                   |                  |  |                    |
|-------------------------|------------------|--|--------------------|
| Concello                | Nº traballadores | Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)  | Importe a conceder |
| Cambados<br>(P3600600E) | 21               | <i>8 operarios/as de servizos múltiples, 1 laceiro/a, 2 limpadores/as e 1 técnico/a medio ambiente e xestión de residuos en xornada de 35 h./sem. durante 6 meses; 1 arquitecto/a técnico/a, 2 técnicos/as de organización, 1 auxiliar de cultura-turismo, 1 diplomado/a - grao Maxisterio, 1 licenciado/a en Historia con formación arquivística (xestión de arquivos e documentos) e nivel medio de inglés, 2 administrativos/as e 1 licenciado/a - grao en Dereito en xornada de 25 h./sem. durante 6 meses</i> | 192.812,70 €       |

O resto do texto permanecerá invariable.

Non obstante, o presente informe-proposta non ten carácter vinculante para o órgano competente para resolver, que acordará o que proceda consonte ó seu superior criterio.

Réxime competencial:



En virtude do establecido na base 16ª.2 c) das Bases de Execución do Orzamento provincial e de conformidade co disposto nos artigos 34 e 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e no artigo 17 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a competencia para resolver atribúeselle á Xunta de Goberno.

En consecuencia, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Corrixir o erro padecido no acordo da Xunta de Goberno do 25/02/2022, punto núm. 7.31340, no referente á axuda concedida ó *Concello de Cambados*, CIF P3600600E, que queda como segue:

| ANEXO                   |                  |   |                    |
|-------------------------|------------------|---|--------------------|
| Concello                | Nº traballadores | Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)   | Importe a conceder |
| Cambados<br>(P3600600E) | 21               | 8 operarios/as de servizos múltiples, 1 laceiro/a, 2 limpadores/as e 1 técnico/a medio ambiente e xestión de residuos en xornada de 35 h./sem. durante 6 meses; 1 arquitecto/a técnico/a, 2 técnicos/as de organización, 1 auxiliar de cultura-turismo, 1 diplomado/a - grao Maxisterio, 1 licenciado/a en Historia con formación arquivística (xestión de arquivos e documentos) e nivel medio de inglés, 2 administrativos/as e 1 licenciado/a - grao en Dereito en xornada de 25 h./sem. durante 6 meses | 192.812,70 €       |

2. Darlle traslado do acordo ó *Concello de Cambados*, á Intervención Provincial e ó Servizo de Cooperación.

25.31873.- CORRECCIÓN DE ERRO NO ACORDO ADOPTADO POLA XUNTA DE GOBERNO NA SESIÓN DO 3 DE XUÑO DE 2022 (nº13.31800), RELATIVO Á DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA CONSTITUÍDA POLA ENTIDADE CONFEDERACIÓN PROVINCIAL DE EMPRESARIOS DE PONTEVEDRA (Expte.2020031675) (Devogarán 2022033567)

Mediante acordo da Xunta de Goberno, celebrada na súa sesión ordinaria do día 03 de xuño de 2022, procedeuse á devolución dunha serie de garantías definitivas, dentro das que se encontraba a devolución da garantía definitiva presentada pola entidade mercantil *Confederación Provincial de Empresarios de Pontevedra* (CIF G-36615219), para participar no contrato relativo ao servizo de “*Formación do proxecto LABORA 2020 (2ª convocatoria), dentro da convocatoria de axudas do fondo social europeo, destinadas a entidades locais para a inserción das persoas máis vulnerables, cofinanciado nun 80% polo FSE (Lote 1)*”.

Resultando.- Que en dito acordo da Xunta de Goberno advertiuse un erro tipográfico na indicación da garantía establecida.

Considerando.- Que as Administracións Públicas poden rectificar en calquera momento, de oficio, os erros materiais, de feito ou aritméticos producidos nos seus actos, de acordo co estipulado no artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de Outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Xunta de Goberno acorda por unanimidade rectificar o mencionado acordo no seguinte senso:

- Onde di:

“... ”

- *Proceder á devolución da garantía definitiva constituída en valores, mediante aval bancario da entidade ABANCA, por importe de 4.000,00 €, para responder de dito contrato, que foi depositada na Tesourería Provincial con número de operación 202100018823 de data 02/02/2021.*

... ”

- Debe dicir:

“... ”

- *Proceder á devolución da garantía definitiva constituída en metálico, por importe de 4.000,00 €, para responder de dito contrato, que foi depositada na Tesourería Provincial con número de operación 202100018823 de data 02/02/2021.*

... ”

O resto do texto permanecerá invariable.

26.31874.- CORRECCIÓN DE ERRO NO ACORDO ADOPTADO POLA XUNTA DE GOBERNO NA SESIÓN DO 3 DE XUÑO DE 2022 (nº14.31801), RELATIVO Á DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA CONSTITUÍDA POLA UTE NORFORMACIÓN, S.L.- NAVUXIL, S.L. (Expte. 2020031675) (Devogarán 2022033572)

Mediante acordo da Xunta de Goberno, celebrada na súa sesión ordinaria do día 03 de xuño de 2022, procedeuse á devolución dunha serie de garantías definitivas, dentro das que se encontraba a devolución da garantía definitiva presentada pola entidade mercantil UTE NORFORMACIÓN, S.L. (CIF A-10005510) - NAVUXIL, S.L. (CIF A-10005510), para participar no contrato relativo ao servizo de “*Formación do proxecto LABORA 2020 (2ª convocatoria), dentro da convocatoria de axudas do fondo social europeo, destinadas a entidades locais para a inserción das persoas máis vulnerables, cofinanciado nun 80% polo FSE (Lote 8)*”.

Resultando.- Que en dito acordo da Xunta de Goberno advertiuse un erro tipográfico na indicación da garantía establecida.

Considerando.- Que as Administracións Públicas poden rectificar en calquera momento, de oficio, os erros materiais, de feito ou aritméticos producidos nos seus actos, de acordo co estipulado no artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de Outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.



Xunta de Goberno acorda por unanimidade rectificar o mencionado acordo no seguinte senso:

- Onde di:

“...

- *Proceder á devolución das garantías definitivas constituídas, por un importe total de 5.470,00 €, e que son as seguintes:*

- o A garantía definitiva constituída en valores pola empresa Norformación, S.L. (CIF:B-36343218), mediante aval bancario da entidade ABANCA, por importe de 4.308,17 €, para responder da parte parcial de dito contrato, que foi depositada na Tesourería Provincial con número de operación 202100018402 de data 01/02/2021.*

- o A garantía definitiva constituída en valores pola empresa Navuxil, S.L. (B-36982312), mediante aval bancario da entidade ABANCA, por importe de 1.161,83 €, para responder da parte parcial de dito contrato, que foi depositada na Tesourería Provincial con número de operación 202100018425 de data 29/01/2021.*

...”

- Debe dicir:

“...

- *Proceder á devolución das garantías definitivas constituídas, por un importe total de 5.470,00 €, e que son as seguintes:*

- o A garantía definitiva constituída, en metálico, pola empresa Norformación, S.L. (CIF:B-36343218), por importe de 4.308,17 €, para responder da parte parcial de dito contrato, que foi depositada na Tesourería Provincial con número de operación 202100018402 de data 01/02/2021.*

- o A garantía definitiva constituída, en metálico, pola empresa Navuxil, S.L. (B-36982312), por importe de 1.161,83 €, para responder da parte parcial de dito contrato, que foi depositada na Tesourería Provincial con número de operación 202100018425 de data 29/01/2021.*

...”

O resto do texto permanecerá invariable.

27.31875.- COMUNICACIÓNS

Non houbo.

28.31876.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se formularon.

E non habendo máis asuntos que tratar pola Sra. Presidenta, sendo as once horas e vinte minutos do expresado día, dáse por rematada a sesión e dela esténdese a presente acta, que asina a Ilma. Sra. Presidenta, comigo, o Secretario que dou fe.

